# Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2018

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezaoito, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.ª Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.ª Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste a deputada dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista.

O deputado do Grupo Popular, don Juan Anta Rodríguez, estivo ausente na votación do punto 5º.

O deputado do Grupo Popular, don Plácido Álvarez Dobaño, estivo ausente na votación do punto 6º.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos 6º, 7º, 8º, 9º, 10º e 14º.

A deputada do Grupo Socialista, don Isabel Gil Álvarez, estivo ausente na votación do punto 6º.

O deputado do Grupo Socialista, don Francisco José Fraga Civeira, estivo ausente na votación dos puntos 6º e 7º.

O deputado do Grupo Popular, don Miguel Antonio Cid Álvarez, estivo ausente na votación do punto 8º.

O deputado do Grupo Socialista, don Vicente Gómez García, estivo ausente na votación dos puntos 8º e 9º.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2018**

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación dos puntos 8º, 9º, 10º.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación do punto 10º.

O deputado do Grupo Socialista, don Adolfo González Novoa, estivo ausente na votación do punto 10º.

A deputada do Grupo Popular, dona Montserrat Lama Novoa, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 16º da orde do día e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XULLO DE 2018.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de xullo de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 27 de xullo de 2018 é aprobada por unanimidade.

**2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**: Moitas grazas señor presidente. Moi bo día a todos e a todas. Nós vamos a manter a nosa posición neste punto que xa a votaramos nun Pleno anterior, que é posicionarnos en contra cos mesmos argumentos de sempre que é a nosa valoración ao respecto da xestión económica desta

Deputación, que ao fin e ao cabo é a que se reflicte nestas contas, na Conta Xeral, pois é ben coñecida e nós imos a manter esa posición en contra. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense, integrada polas contas xerais da propia Deputación Provincial e polas contas do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico, do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras, co seguinte contido:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 23.388.233,74 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 26.462.156,08€
- Balance de situación: 2.622.386.259,69 €
- Resultado económico patrimonial: -29.086.090,74 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 130.900,26 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 202.415,44 €
- Balance de situación: 17.387.605,86 €
- Resultado económico patrimonial: 19.954,33 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 895.696,28 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.373.062,56 €
- Balance de situación: 9.548.863,85€
- Resultado económico patrimonial:- 622.247,45 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras** do exercicio 2017, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: -205.763,58 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -535.267,97 €
- Balance de situación: 828.257,31 €

Resultado económico patrimonial: -261.676,09 €

**3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DAS BASES DE EXECUCIÓN N.º 4/2018.-**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Ben, estamos diante dun novo expediente de modificación; é o cuarto que levamos este ano. É un tema suficientemente debatido e non vou entrar nel; ademais, como ben acaba de explicar a señora interventora, son modificacións de carácter cualitativo basicamente. Entón nós, simplemente, anunciar o noso voto que vai a ser, loxicamente, en contra igual que nos tres expedientes anteriores. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: sí, gracias, buenos días. Primero decir, resaltar, la picaresca de la Presidencia de esta Diputación de incorporar lo que es un debate sobre los presupuestos, que es el punto siguiente, metido en un Pleno que tiene 20 puntos. Es una forma de intentar diluir y pasar por alto el punto más importante del año que es el debate de los presupuestos. Lo que es curioso es que dentro de unos días (creo que es en octubre, me parece que es) va a haber el debate sobre el estado de la provincia, que es un artificio que se sacó aquí de la manga José Manuel Baltar para su arte y lucimiento, donde él va a poner aquí una tarima y hablar, entonces en esa cosa que realmente no vale para nada, en esa trapallada, le va a dedicar un Pleno extraordinario donde va a venir gente del Parlamento español, autonómico, aquí los palmeros todos y en lo más importante que es hoy lo mete con 20 puntos. ¿Por qué no hace al revés? ¿Por qué el debate de la provincia no lo mete con 20 puntos y este solo? Porque lo que quiere es lucirse. Decir también que me hace gracia porque el otro día acudió a un acto

oficial como presidente de la Diputación y ese mismo día aparecía su familia en Port Aventura. Entonces, al final, viene un poco a decir lo que nosotros siempre resaltamos, que a veces hacía coincidir actos en Madrid cuando jugaba el Real Madrid; hasta que lo destapamos nosotros y entonces dejó de hacerlo. Pero sigue haciendo eso, sigue haciendo actos oficiales donde va realmente de vacaciones con su familia, aprovechándose de lo que es la Diputación, obviamente, para ese tema. El otro día fue también un escándalo que dijo en el periódico que tiene de mano, que le paga, que es del que vamos a hablar ahora, en el que salía diciendo que Orense no repunta en turismo. Dice: *es que aquí no hay playa*. Se enteró después de seis años de presidente de la Diputación de que aquí no hay playa; entonces ¿para qué gasta dinero en turismo promocionando constantemente si justifica que no hay turismo porque no hay playa? ¿Para qué gasta millones de euros en promoción de turismo? Después también dice algo realmente interesante, que la gente no cambie el sentido del voto como si él se presentase a las elecciones. Si la gente lo votara directamente a él, el PP no tendría ningún voto; lo que pasa es que él va, lo que llaman, emboscado en las listas. Bueno, al grano. En esta modificación de crédito - no lo ha dicho el del Bloque, ni se ha dicho - se le destinan más de 100.000 € al periódico *La Región* otra vez. Queda desvelado para qué es ese dinero de los 100.000 €, que es para pagar el Foro *La Región*. El Foro *La Región*, son conferencias que se dan, normalmente, en un auditorio de ciento y pico personas al que van a veces seis personas, a veces van seis personas. Debe estar aquí una foto que saqué el otro día, sale además en Telemiño, y salen unas seis personas. A veces se llena y van 100 personas porque es gratuito. Bien, si le destinamos 100.000 € al año (son más de 100.000, creo que son 120.000) a diez foros, imaginaos más o menos, viene saliendo a 10.000 por Foro, 10.000 € por Foro. Si en alguno van 10 personas, Plácido, ¿cuánto sale eso? Sale a 1.000 € por barba. Es decir, no existe ninguna conferencia en el mundo tan cara como las que hace aquí la Diputación. 1.000 € por barba. Pero vamos a imaginar que van 100 personas; si van 100 personas, pues está saliendo a 100 € por barba. Pocas conferencias en el mundo son tan caras como esas. Pero son conferencias que las puedes ver por YouTube gratuitas. Sale más caro que comprar un libro y regalárselo a los asistentes darles esa conferencia; una conferencia gratuita que organiza *La Región* y van 50, 10 o 100 personas. 10.000 € cada conferencia de esas; así gasta el dinero este señor. ¿Qué ocurre? Ese dinero no se gasta en eso, es una forma de pagarle los lujos a la forma de vivir

a los dueños de *La Región* para que este señor tenga trato de favor y tiene secuestrada a la democracia porque si uno de los medios de comunicación más importante, menos influyentes, pero de los que más se leen, lo tiene secuestrado; pues obviamente la democracia no existe porque si al pueblo no le llega la información… Pues es lo que hace, secuestrar la información con dinero público y ustedes, que son del PP, son responsables de eso. Estamos en contra de eso, pero hemos revelado hoy que se gastan 105.000 € en el Foro de *La Región* que son esas conferencias que no valen para nada; porque si dijéramos: *no, es que son conferencias de la Universidad en las que vienen premios Nobel*, no, no, es gente de la prensa del corazón que vienen ahí a llevarse una dosis de vanidad y es en lo que gasta el dinero este señor.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas señor presidente. Moi bo día a todo o mundo. Empezo por explicar a emenda de adición que presentamos e cal é a súa motivación. Trae causa de que o alcalde de Carballeda de Avia dirixiuse a nós – cónstanos tamén que se dirixiu ao presidente desta institución - polo tema da achegas para as axudas dos cuantiosos danos causados polos incendios de hai case un ano. Como queira que hai unha orde conxunta na que a Xunta se comprometía a achegar o 50% e o resto das administracións o tanto que falta e un pouco acuciado pola necesidade de xustificar e contar con estas achegas, pois presentamos esta emenda de adición a esta modificación orzamentaria, un pouco pola premura da mesma. Traemos a de Carballeda de Avia porque non temos a cuantificación dos outros concellos, pero non temos inconveniente en tamén en ampliala a aqueloutros concellos que estiveron tamén nunha situación semellante. Polo demais, con respecto á modificación orzamentaria en si, tal e como está, dicir que votaremos en contra. Votamos en contra do orzamento e o lóxico é tamén que votemos en contra da modificación orzamentaria. Entendendo, como vai dicir o señor Álvarez Dobaño, que é un mecanismo contemplado na lei e ao que recorren os concellos, e é obvio que recorran segundo van quedando baixas ou para incorporar remanente; pero outra cousa é que nós esteamos conformes co proceder e coa maneira de incorporar ese remanente ou ben de reaxustar ou reasignar esas partidas a outras. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**: grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos seguen, ben aquí ou a través de...

**D. Gonzalo Pérez Jácome:** ¡Auria TV!

**D. Plácido Álvarez Dobaño:** Por ejemplo, pero eso es después... Dito iso e sen entrar nas consideracións, sempre ocorrentes, que fai o señor Pérez Jácome e esas contas que fai el a súa maneira, cinguireime á orde do día. Como se dixo aquí pola señora interventora, trátase simplemente dun expediente de modificación de créditos que se resume, fundamentalmente, na aprobación dun crédito extraordinario consistente nunha subvención nominativa á entidade *La Región* por un importe de 105.000€ - non 110.000 - a fin de destinala á promoción cultural, como aquí se dixo, e desenvolvemento do coñecemento provincial nos Foros *La Región*. Quero deixar ben claro, a parte das ocorrencias do señor Pérez Jácome, que este importe xa estaba previsto no Capítulo 2 do orzamento, xa estaba previsto, señor Pérez Jácome, para a mesma finalidade, pasando agora a figurar no Capítulo 4 de gastos para tramitar ese importe como unha subvención nominativa. Proponse tamén, como dixo a señora interventora, neste expediente aprobar inicialmente modificacións cualitativas no Capítulo 4 e 7 e logo incluír nas bases de execución esta subvención porque antes, como digo, estaba no Capítulo 2 e corrixir un erro no Concello de Oímbra dado que no expediente do mes de abril faltáballe algo no título da obra que era *mellora da praza da Fonte e rúa do Campo (Fase II)* e non constaba iso. Evidentemente este expediente publicarase no Boletín da Provincia como é mester, quince días para o seu exame e posibles reclamacións. Isto con respecto ao punto da orde do día. Referíndome xa brevemente á moción do Partido Socialista, home, señor Fraga Civeira, máis que unha emenda de substitución, parece unha emenda de compromiso, apresurada. Entendo ao señor alcalde de Carballeda, como non o vou a entender que eu, menos ca el, pero sufrín os danos tamén, e o que me sorprende de vostedes é que so se acordaran de Carballeda. Creo que somos 22 concellos os afectados polos danos e, home, hai que ser solidarios e se hai solucións para Carballeda, aínda que alí foran máis graves, débeas haber tamén para os demais; incluso compañeiros seus doutros concellos, do Partido Socialista, e esquecéronse deles. O único que lle podo dicir, sen descartar nada, é que hai un compromiso formal do señor delegado do Goberno co señor presidente desta Deputación no

sentido de avanzar nun compromiso, que xa existía co goberno anterior, para que se fixera cargo do restante 50% dos danos. Esperemos que sexa así e, se non fora así, digo, nada é descartable, pero esperemos acontecementos. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: sí. Me hace gracia porque resulta que me corrige. Dice no son 110.000 €, son 105.000 €; el dinero que se tira no son 110.000, son 105.000. ¡Gracias Plácido! Ya no se tiran 110.000, ya estamos todos tranquilos; solo se tiran 105.000. Después dices, ya estaba previsto este gasto, ya estaba previsto. Oiga, usted salta un semáforo en rojo. Sí, pero ya estaba previsto, eh. Ya lo pensé, cuando salí de casa, ya estaba previsto. Es igual, ¿no? Yo quería destacar aquí también, aunque no va en este capítulo de esta forma de tirar el dinero, es que al *Correo Gallego* también se le ha pagado hace poco 40.000 € y se le viene pagando al año en torno a los 200.000 €, al Correo Gallego, 200.000 € de dinero público. El otro día estuvimos hablando y al final corroboraron nuestra teoría, lo que dije yo en un Pleno, hace ya varios meses, ¿por qué motivo José Manuel Baltar le da 200.000 € al *Correo Gallego*? Pues lo que decían allí, efectivamente, los políticos y los periodistas a los que preguntamos: para presumir delante de Feijóo. Decir: oiga, mira el tío que tenéis en Orense, es un tío fuerte, no le mováis la silla. Y para eso se gasta 200.000 € de los orensanos. Bueno, esperemos que esta pesadilla acabe en las próximas elecciones de mayo.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas señor presidente. Con brevidade. Seguramente o señor Álvarez Dobaño non estaba escoitando cando eu expuxen a motivación da emenda e por que viña Carballeda de Avia. Díxenlle simplemente porque era o que tiñamos para a cuantificación, pero xa dixen que era extensible ao resto de concellos e porque tamén foi o alcalde que se dirixiu a nós. Outros, ao mellor, utilizarían outras canles; pero como o alcalde de Carballeda se queixa tamén de que o presidente non o atende, pois dirixiuse a nós. O normal é que se dirixira a el, igual outros alcaldes solucionárono dirixíndose ao presidente. En canto á achega que vostede di, a nós o delegado do Goberno non nos dixo que ía pór o 50 % restante; de feito hoxe saberemos o que pon o Goberno estatal porque vai ao Consello de Ministros o decreto que vai regular a xestión e a achega estatal. E por certo, nesa orde conxunta de 27 de outubro de 2017 falábase de que a Xunta ía poñer, leo textualmente, e que no seu caso estean dispostas a financiar as restantes administracións competentes, Deputacións Provinciais e Delegación

do Goberno en Galicia, co obxectivo de chegar ao 100 % da asunción dos ditos gastos; poñendo a Xunta o 50 %. Entón, nós por iso traemos aquí, nesta modificación de créditos que, se non se aproba, xa lle anuncio tamén propoñeremos tamén esta emenda de adición no punto seguinte, no dos orzamentos, para que, polo menos, nos orzamento dos ano que vén, figure esa previsión.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**: Si, grazas presidente. Moi brevemente. Señor Pérez Jácome vostede como é unha persoa adiñeirada, 5.000 € parece que non é nada; seguen sendo 5.000 € non se esqueza. Eu aclarei que estaban no Capítulo 2 e pasan ao 4 porque vostede deixou caer, sibilinamente como fai, como se estivésemos xerando un crédito extraordinario para pagar o dos foros *La Región*, como se isto non viñera sendo habitual. Vén sendo habitual, a vostede parécelle mal  a nós non e. Polo tanto, respecto á nosa decisión e vostede á nosa. Con respecto ao que acaba de apuntar o señor Fraga Civeira, home, vostede que foi alcalde sabe que o dos números, e non fai falta ser alcalde, hai que concretalos. Claro, na emenda de adición que vostedes fan proponse: actuación en convenio coa Xunta de Galicia, Goberno de España, Delegación de Ourense para a reposición de servizos públicos no Concello de Carballeda de Avia danados polos incendios de 2017 segundo memoria de actuación. Ben, pois non se fala de cifras. Temos que sobreentender que vostedes nos propoñen incluír neste expediente de modificación de créditos o 50 % do que lle falta; porque isto está inconcreto total, non sabemos o que nos propón. Cando se fala de números hai que falar de cantidade, señor Fraga Civeira. En Carballeda de Avia, aquí fala de 308.000 que é o que ten que pór, o 50%. ¿Quen pon iso? ¿quen financia o 50 % restante? ¿O Concello, a Deputación, a Administración Central, ou os tres? O que está claro é o financiamento da Xunta de Galicia, está claro. Dos danos que lle valoraron e lle aceptaron, o 50 % teno concedido pola Xunta de Galicia; falta o restante 50 %. Concrétenos  vostede o que nos pide.  Moi ben, o 25 e ¿por que o 25? ¿ten vostede algún dato que nós descoñezamos? Porque segundo di que na Administración Central  hoxe, hoxe, aprobarán ¿o que? ¿Que porcentaxe, o 50% restante, o 40, o 60, o 30 dese 50..? Díganolo vostede, hai que aprobar en concreto....Perdón, deixe terminar que estou seguro que vostede despois mo aclara, que diso trátase, que mo aclare. O dato certo é que todos os concellos que sufrimos danos nos incendios de outubro do ano pasado, a Xunta valorou eses dano e nos concedeu o 50% do importe deses danos. Ata aí

estamos de acordo, señor Fraga Civeira. Acto seguido, ¿quen financia o restante 50%? Había un compromiso verbal, ante onde eu sei, co goberno anterior - ata que nos botaron, nunca mellor dito - e agora este goberno ¿que fará? ¿financiará eses 50% que falta total, ou financiará unha porcentaxe e o resto teremos que financialo dende a Deputación, se é posible, e dende os propios concellos? Non sei, vostedes xa nos propoñen unha porcentaxe porque algunha información reservada terán. Home, dígannola aquí, dígannola aquí. E logo, volvendo ao mesmo, non pretendemos ser insolidarios, e moito menos inxustos cos restantes 21 concellos que sufrimos danos, 21 máis, señor Fraga Civeira; incluso algúns do seu grupo que me estraña que se esqueceran deles, pero ben, viva a liberdade... Entón, quede claro que estamos á expectativa do que lle acabo de dicir, o señor delegado do Goberno díxolle ao noso presidente que faría xestións a alto nivel para co - financiar ese 50 % que falta. Esperemos acontecementos, agora mesmo non é posible consignar estas cantidades, señor Fraga Civeira, e vostede sábeo, o que pasa é que hai que saír e quedar ben ante a galería e ante o seu compañeiro, que é guerrilleiro; tamén o son eu, pero hai que agachar a orella, ¿non?, cando non hai máis remedio. ¿Que se pode facer no futuro? O señor presidente está receptivo a que, unha vez saibamos a que nos axuda a Administración central, estudalo aquí. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: xa que me preguntou o señor Álvarez Dobaño de onde saen estas cifras, vostede sabe que hai unha orde conxunta na que se prevé a participación, é certo, establecida, dun 50% da Xunta de Galicia e restante – sen atribuír porcentaxes - fálase de deputacións provinciais e delegación do Goberno. Pero vostede que é alcalde, como o fun eu, ben sabe que as cousas antes de plasmalas no papel, están suxeitas a proceso de negociación, dos que todos temos información e vostedes tamén. Eu por exemplo descoñezo as negociacións antes de que vostedes perderan a confianza do Parlamento, de que o seu executivo perdera a confianza do Parlamento; non de que os botara. Como nós tamén temos información de como avanzan hoxe en día e o que vai levar a goberno estatal hoxe. Entón, nós estamos, xa llo dixen, abertos a todo. Temos a información do alcalde de Carballeda de Avia por unha simple razón, porque se dirixiu a nós porque tiña dificultades, e tenas, para ser atendido polo presidente da Deputación; senón teña por seguro que se o arranxaba el, non se dirixía a nós. E estamos abertos ao resto tamén e, xa lle digo, ampliable a todos. Entendo que

vostedes non as podan facer agora, entendoo. Se vostede me di que esa é a escusa, vale; agora a outra non.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 3º.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de adición do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto en contra do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2) e o voto a favor do Grupo Socialista (7) e do BNG (1).

A continuación sométese a votación o expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario e das bases de execución n.º 4/2018, e co voto favorable do Grupo Popular (14), e o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta seguinte acordo:

1º. – Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle,

CREDITO EXTRAORDINARIO

| **Aplicación orzamentaria** | **Expresión** | **IMPORTE €** |
|---|---|---|
| 912.11/479.05 | Outras subvencións para “La Región”. Corporación provincial | 105.000,00 € |

RECURSO UTILIZADO

| **BAIXA da aplicación orzamentaria** | **Expresión** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| 912.11/226.02 | Información e publicidade. Corporación provincial | 105.000,00 € |

2º.- Aprobar inicialmente as **modificacións** cualitativas de **subvencións xa aprobadas**, no

que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións ,

- Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.01 "Subvencións deportivas. Fomento do deporte", prevíase unha subvención ao Pavillón C.F. para "*Equipación Sponsor – Fútbol base*" por importe de 8.000,00 euros. En base á solicitude verbal do Presidente do Pavillón C.F. proponse o **cambio de finalidade** de dita subvención para a **" Adquisición de material deportivo"** debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando da seguinte maneira.

- 341.11/482.01 **"**Subvencións deportivas. Fomento do deporte" :

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Pavillón C.F. | **Adquisición de material deportivo** | 8.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 "A Concellos subvencións. Cooperación provincial", prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de Trasmiras por importe de 43.152,23 euros para "drenado no Polígono 507, parcela 327". En base á solicitude do Concello de Trasmiras de data 05 de setembro do 2018 proponse o **cambio de finalidade** de dita subvención para a obra **" Bacheado e mellora da capa de rodadura da pista que discorre desde a C.N. 525 a Vilaseca "** por considerar que é unha obra prioritaria e de urxente realización para o tránsito de vehículos agrícolas e particulares que redundaría en beneficio dos veciños do concello de Trasmiras.

450.12/762.01 "A Concellos subvencións. Cooperación provincial".

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de Trasmiras | **Bacheado e mellora da capa de rodadura da pista que discorre** | 43.152,23 € |

| | | |
|---|---|---|
| | **desde e C.N. 525 a Vilaseca** | |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 "A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial", prevíase unhas subvencións nominativas a favor do Concello de A Bola por importe de 38.000,00 euros para " Acondicionamento e reparación Rubiás" e 23.000,00 € para " Reparación do firme en Casal de Feás" En base á solicitude do Concello de A Bola de data 05 de setembro do 2018 proponse o **cambio dos importes** de ditas subvencións debido a un erro na modificación 1/2018 do orzamento xa que cambiáronse as cantidades dunha das subvencións para a outra, quedando corrixido do seguinte xeito .

450.12/762.02 "A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial".

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| Concello de A Bola | "Acondicionamento e reparación en Rubías" | **23.000,00 €** |
| Concello de A Bola | "Reparación do firme en Casal de Feas" | **38.000,00 €** |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 "A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial", prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de A Peroxa por importe de 48.000,00 euros para " Rexeneración de firmes nos accesos a Turzavella, Casarizas, Vales, S.. Cibrao e Outros" En base á solicitude do Concello de A Peroxa de data 13 de setembro do 2018 proponse o **cambio da finalidade** de dita subvención .

450.12/762.02 "A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial".

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Concello de A Peroxa | **Mellora da praza do concello e do Recinto Feiral da Peroxa** | 48.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/789.03 "Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas", prevíase unha subvención nominativa a favor da Asociación de veciños San Paio dos Pitos por importe de 12.000,00 euros para " Mellora do acondicionamento do local social da Asociación de veciños San Paio dos Pitos" En base á solicitude verbal do Alcalde do concello de Ramirás de data 13 de setembro do 2018 proponse o **cambio de beneficiario e da finalidade** de dita subvención .

334.20/789.03 "Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas".

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| **Comunidade de montes San Paio dos Pitos** | **Mellora e acondicionamento do local** | 12.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 "A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial", prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de Verea por importe de 47.000,00 euros para " Construción e adecuación nave para maquinaria e almacén municipal en Verea" En base á solicitude do Concello de Verea de data 13 de setembro do 2018 proponse o **cambio da finalidade** de dita subvención .

450.12/762.02 "A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial".

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---|---|---|
| Concello de Verea | **Accesos a Vilar e camiño Xeixido** | 47.000,00 € |

- Con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.03 " Outras transferencias asociacións. Participación veciñal", prevíase unha subvención nominativa a favor da Asociación de veciños de Ábedes por importe de 60.000,00 euros para " Local social" En base á solicitude do Presidente da comunidade de montes proponse o **cambio de beneficiario** de dita subvención .

924.12/789.03 " Outras transferencias asociacións. Participación veciñal",

| **Beneficiario** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|
| **Comunidade de Montes M.C. Ábedes** | Local social | 60.000,00 € |

3ª .- Aprobar a modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan a Base 87 ª, no que se refire ás subvencións que teñen carácter nominativo, engadindo as seguintes ás que figuraban inicialmente:

| **Beneficiario** | **Aplicación Orzamentaria** | **Finalidade** | **Importe** |
|---|---|---|---|
| Concello de Oímbra | 450.12/762.01 | Mellora da praza da Fonte e rúa do Campo (II fase) | 48.000,00 € |
| La Región, S.A. | 91211/47905 " Outras subvencións "La Región" Corporación provincial" | Promoción cultural e desenvolvemento do coñecemento provincial nos Foros "La Región" | 105.000,00 € |

Os recursos financeiros utilizados para esta modificación serán baixas doutras aplicacións orzamentarias e non afectan cuantitativamente ao Orzamento Xeral da Deputación. .

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no boletín oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**4º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2019**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Ben, vamos con este punto da orde do día que é o máis importante, ou dos máis relevantes no día de hoxe. Se quixeramos resumir moito, moito, os orzamentos e resumilos nunha frase ou nun dito, teriamos que recorrer a aquela anécdota tan famosa, sobre todo entre os músicos, cando a aquel grupo lle pedían outra peza e só sabían tocar unha, que botaban esa peza, pero máis cargada de bombo. Pois estes son os seus orzamentos, os mesmos orzamentos só que máis cargados de bombo. Se houbera que definilos en poucas palabras poderiamos dicir que son continuistas, porque apenas achegan nada novo respecto de anos anteriores. Son electoralistas, porque abusan de subvencións nominativas, sobre todo a concellos do Partido Popular, nos meses previos ás eleccións municipais e son falaces. Pero ben, vamos a analizalo de vagar, por partes. Como xa aconteceu o ano pasado, e este ano volve a acontecer, di a interventora no seu informe económico - financeiro ao respecto do teito de gasto que as entidades locais deberán aprobar un límite de gasto máximo, non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria. O límite de gastos non financeiros ascende a setenta e cinco millóns oitocentos noventa e pico mil euros e vostedes gastaron algo máis de 81 millóns incumprindo, como se pode apreciar, este límite de gasto. Para nós isto non é un problema, pero o que si resulta de absoluta incoherencia pola súa banda que o levan defendendo a ultranza, e mesmo presumindo de ser magníficos xestores. Queda claro que, ademais de incoherentes, tamén son mentireiros, porque ademais, nin sequera cumpren aquilo que defenden e aproban. Dos números, a primeira vista, podemos concluír varias cousas. Da promesa de reducir o capítulo de persoal por debaixo do 30% ao

final do mandato, nada de nada. O Capítulo 1, gastos de persoal, sitúase no mesmo *umbral* do ano anterior – estamos falando dun 39% do total - e xunto co Capítulo 2, o de gastos correntes, que está aproximadamente nun 23%, consomen máis do 60% do gasto desta casa. O investimentos reais diminúen a respecto do ano pasado e apenas chegan ao 15%. É dicir, gastamos máis de 60 € de cada 100 en manter esta mastodóntica estrutura e investimos a penas 15. Este é un exemplo do que nós vimos denunciando habitualmente de para que serve esta Deputación. Xe sei que nos van dicir que aumentan as transferencias de capital, pero tampouco quiten moito peito nesta cuestión porque máis ben é para ruborizarse e quedar calado. Pero falaremos disto máis adiante. Vostedes, señores do Partido Popular, que se enchen a boca falando de provincia intelixente, de aposta estratéxica e non se sabe de cantas cousas máis, invisten seis veces máis en propaganda, por exemplo, que en termalismo. Non saben realmente nin o que queren facer. Anunciaron *a bombo e platillo* que a Deputación, nesa *entente* que teñen co Concello de Ourense (Comité de Coordinación chamábanlle) a posta en marcha de varios museos, entre eles o dos Bolechas. O BOP publicaba, o 16 de marzo de 2017, o expediente de cesión do inmoble n.º 23 da Rúa Cervantes, a denominada Casa da Maxia, á Deputación Provincial coa idea de converter, precisamente, ese espazo, no Museo dos Bolechas. Anunciaron que a Deputación tiña reservados 20.000 € destinados a realizar a obra necesaria de acondicionamento deste espazo. Pois o ano pasado consignaron unha partida para o Museo Bolechas de 100.000 €, dos que non investiron nin un só euro. Este ano, redúcena a 20.000. Imaxino que será porque teñen serias dúbidas ao respecto. Sería bo, por certo, que nos aclararan que pensan facer con este espazo. Nós sabemos o que di o interventor municipal ao respecto desta cesión. Advirte de irregularidades no expediente, ademais de sinalar criterios moi diverxentes, incluso contrarios á cesión. Gustaríanos saber cal é a súa versión ao respecto e que hoxe disiparan as dúbidas. Seria bo, en todo caso, para todos. Noutra orde de cousas, asume esta Deputación a xestión do EDAR de San Cibrao as Viñas. Queremos pensar que, despois do acontecido en datas presentes, nas que a xustiza levou ao *banquillo* aos actuais xestores, o Concello DE San Cibrao bota lastre e pásalle esa pataca quente á Deputación. En relación, xa se anunciou, coa partida 22.799 relativa á rede provincial de animais abandonados, presentamos unha emenda; pero farei referencia ao final. Seguimos reclamando que haxa un criterio claro á hora de asumir os gastos de edición e distribución

das publicacións. Editar un libro non pode ser un criterio graciable en función de quen o edite. Xa dixemos tamén o ano pasado, e reiterámolo unha vez máis, ¿como é posible que a UNED reciba 431.000 € de fondos da Deputación e a Universidade de Vigo 220.000? evidentemente é unha pregunta retórica; para nós a resposta está clara. Vostedes converteron a UNED no seu *cortijo* particular. Tamén resulta gracioso dicir que destinan unha partida de apoio ao empresariado de 200.000 €. Xa sei que hai cousas que non convén sinalar ou insistir moito, imaxino que para non ruborizarse e escandalizar a cidadanía. A iso que vostedes lle chaman *apoio ao empresariado* é simplemente e *llanamente* unha subvención a ABANCA; nada máis e nada menos que 400.000 € contando cos orzamentos o ano pasado. Esa empresa que comprou a prezo de saldo as antigas caixas e que agora está a ter espectaculares beneficios. De alianza estratéxica, definiuno vostede, para facer realidade a provincia intelixente. Hai que recoñecer que son uns auténticos prestidixitadores da palabra. Envolven a realidade detrás de artificios rimbombantes, para non ter que chamarlle ás cousas polo seu nome. Pero todo se acaba sabendo, señor presidente, por un momento pensamos que ese apoio ao empresariado era para as PEMES e para os autónomos, que son os que teñen que facer verdadeiros esforzos para chegar a fin de mes e non baixar a persiana; porque xa o dixo Carrabouxo: *Ourense provincia termal, non. Ter mal a provincia de Ourense*. Esa a súa aposta estratéxica, moito termalismo, moito non sei que e reducen a partida en 300.000 €. Parece que se trata de ir quitando o superfluo para ir engrosando a partida de transferencias aos concellos para as cacicadas ás que nos teñen acostumados. Neste sentido vai a nosa segunda emenda, que tamén farei referencia ao final. Dos plans provinciais, pois xa o falei un pouco o principio ¿cal é a razón para non subir a contía os concello, como pasou o ano pasado? Pois moi sinxela. Coa nova Lei de Contratos, se as obras soben de 40.000€ máis IVE, non se poden adxudicar a dedo e ás empresas dos amigos non lles ía facer moita graza. Como contrapartida, sacouse da manga ese plan para repartir entre 38 concellos, dos que tan só 5 son para concellos que non son do Partido Popular - deixamos a parte o caso de Trives porque parece que nesta relación de agasallados con 230.000 € pois este debe ser o primeiro pago da cota de fidelidade - os catro restantes son do Partido Socialista - O Barco, Castro Caldelas, Petín e San Xoán de Río - que reciben unha subvención cadanseu. Volvemos a preguntar, ¿este é o criterio xusto de reparto que condena a unha boa parte dos

veciños e veciñas de Ourense, preto de 40.000, a non ter practicamente investimentos? ¿Como se lle chama a iso, señor presidente? Estábamos en dúbida de se volver a presentar a proposta de plan único, tal como o fixemos o ano pasado. Unha proposta que parte da realidade de cada concello e da que o conxunto dos concellos se benefician, non só uns poucos. Insistimos en varias ocasións e o resultado sempre foi unha resposta negativa. Non imos a perder máis o tempo traendo outra vez algo que sabemos, por adiantado, cal vai ser o resultado. En todo caso, non se preocupe porque posiblemente, logo de maio de 2019, outros si teremos a oportunidade de poñelo en marcha. E queda para o final, non porque sexa menos importante senón por seguir a orde que ven no orzamento, a xestión do lixo. Un caramelo de máis de 6.000.000 de euros que vostede quere privatizar. Nunha recente entrevista preguntáballe un xornalista, se a Deputación está para o que necesiten os concellos, como remarca vostede sempre(digo eu, se son do Partido Popular) pero, ¿que pasará coa xestión da *basura*? ¿vaise privatizar? *Bueno*, pois a súa contestación, como outras moitas, non ten desperdicio: *vaise a perfeccionar*. Tiñamos escoitado de todo para non chamarlle *privatizar* a privatizar. tiñamos escoitado *externalizar*, *xestión indirecta*, etc...; pero o de *perfeccionar* é novidade, aínda nunca o escoitaramos. O demais é recorrente; disfrazan, disfrazaron, a gratuidade da primeira hora no parking do CHUO como un éxito da súa xestión, é foi na costa de reducirlle un canon que xa era irrisorio a concesionaria do parking, xa temos falado diso tamén neste Pleno. Outras cuestións teñen sido obxecto de debate en todos os Plenos do debate dos orzamentos, temos falado do retorno que supón para a Deputación estruturas como o Teatro Principal, o Paco Paz, a Escola de Gaitas, a Escola de Danza, a Imprenta, etc... Temos pedido ata a saciedade a desaparición do INORDE, que este ano se leva a mesma cantidade do ano pasado, 1.780.000€, e que serve para seguir mantendo unha estrutura inservible ao servizo do desenvolvemento, ou do non desenvolvemento, económico da provincia. A diferenza doutros discursos, nós entendemos - facendo referencia a isto do retorno que poden supoñer o Teatro Principal, Paco Paz, etc..- que a cultura ten que ser de acceso universal porque é o único xeito de igualar a todos, independentemente da clase social á que pertenzan. Nós nunca cuestionamos, nin cuestionaremos, a rendibilidade destes centros en termos económicos, porque entendemos que a rendibilidade é social; o que si temos dito, por activa e por pasiva, é que o acceso a estes centros - por estar ubicados na cidade - é

loxicamente e basicamente por persoas que viven na propia cidade, ou no seu entorno máis próximo. En función disto, nós seguimos defendendo que debería existir un convenio co concello de Ourense, buscando a optimización destes espazos, a través dunha fórmula de xestión consorciada para evitar, entre outras cousas, a disfunción que actualmente se produce na oferta cultural entre a Deputación e o propio Concello. En referencia ao que son as emendas, nós presentamos tres emendas moi concretas. A primeira sería unha emenda de carácter máis ben técnico: a base 67ª das bases de execución, que supoño que xa estudarían e coñecerán todos, di basicamente o seguinte. Na base 67ª, no punto 2, destino das subvencións aos grupos, no apartado A, onde di, no segundo punto, *remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación*; nós propoñemos cambiar este texto por: *retribucións que supoñan un salario íntegro ou retribucións adicionais ou complementarias de persoal que xa está o servizo da corporación, sexa funcionario, laboral ou eventual.* A xustificación que nós entendemos, e pola que a presentamos, é para impedir que se poida facer unha interpretación moi extensa, tal e como está redactado, que poida chegar a impedir que se poida contratar a unha persoa allea á Corporación. Deste xeito entendemos que quedaría máis claro. As outras dúas propostas, ás que xa me referín e que agora paso a concretar, serían, concretamente, en referencia a fondos dedicados para a protección e benestar dos animais. Entendemos que é unha situación manifestamente mellorable, tal como o explicamos xa aí no propio texto da emenda. Nós propoñemos dedicar 60.000 € a axudas a entidades protectoras de animais que administren refuxios na provincia de Ourense, a través da inclusión da preceptiva orde de axudas en réxime de concorrencia competitiva. Propoñemos destinar 40.000 € a axudas a entidades protectoras de animais para o desenvolvemento de campañas e actuacións de sensibilización, con especial incidencia na poboación en idade escolar, a través da inclusión la preceptiva orde de axudas en réxime de concorrencia competitiva. Propoñemos destinar 10.000 € para actuacións en investimentos relacionados co benestar e os coidados animais e outros 10.000 € nun programa de asistencia técnica para a implantación de plans de control ético de gastos feirais. E propoñemos que este total desta cantidade, que suma 110.000 €, salga da partida 22602/91211 que é a dedicada a información e publicidade e Corporación provincial e sexa pois engadida no capítulo 22799/16911. Este é un compromiso que xa se levou a cabo noutras Deputacións, e agardamos da súa sensibilidade

que o teñan en conta e que non se queden tamén como moitas outras cousas pois fóra disto. E a seguinte emenda sería relacionada co termalismo, porque nós pensamos que se a aposta polo termalismo é unha aposta real ten que concretarse nunha aposta con números sobre a mesa. Entón nós o que propoñemos é, da mesma partida que indicaba anteriormente, da dedicada a información e publicidade da Corporación Provincial, que agora mesmo ten unha dotación de 805.000 €; pois propoñemos detraer 300.000 € para dedicarlle ao capítulo 62702/31331 (que xa contaba agora mesmo con 200.000 €) e levalo ata aos 500.000 para actuacións en investimento relacionadas co termalismo. Incrementar a partida 22706/31331, estudos e traballos técnicos termalismo, que actualmente conta con 70.000 €, noutros 80.000 e levalo a un total de 150.000 €. De momento, nesta miña primeira intervención, nada máis, moitas gracias.

¿Para isto é necesario o INORDE? Dóteno de máis medios, que funcione doutra maneira e que sirva para algo; senón, todo isto que lle estou lendo eu aquí e as partidas de gastos correntes que non lin, pódeo facer perfectamente esta Deputación, sen ter un organismo, non lle quero chamar *chiringuito*, pero *bueno*, case, ímoslle dicir *cuasi chiringuito*. Di vostede que só vemos as cifras. Home, só faltaría nuns orzamentos non ver as cifras. Pero de todas maneiras, de poucas cifras lle falei; máis ben quíxenlle falar da filosofía destes orzamentos que nós non compartimos. Déixame caer vostede, aproveitando que o Miño pasa por Ourense, a Deputación de Barcelona e o *procés, proçés*, ou como se chame. Copie o bo desta administración, desta Deputación que nun momento complicado, hai moitos anos, soubo reorientarse e prestar uns servizos que xa nos gustaría que esta Deputación lle preste aos concellos desta provincia. É dicir, aquí algo se avanzou, teño que recoñecerllo. Determinados servizos de asistencia aos concellos que están ben. Afonden por aí, apoiarémolos. Porque eu ese modelo de Deputación si que o comparto; é máis, incluso unha Deputación que teña un auténtico plan de mandato, como é a Deputación de Barcelona, e que lle parte fondos aos concellos en base a uns criterios. Destina pouco a Deputación de Barcelona ao Capítulo 1, pero si ten un Capítulo de persoal importante, porque ten persoal moi cualificado e moi especializado que lle resolve moito aos concellos no seu día a día. ¿Canto nos valería a nós, aos concellos da provincia que a Deputación nos axudase a fondo nesas necesidades? Despois, home, deputacións das outras, galegas, xa llo teño mencionado moitas veces, non queira que sexa repetitivo e que llo volva mencionar aquí outra vez; pero tampouco tería inconveniente en que copie os seus plans esta Deputación e os poñan aquí en marcha. E remato, remato dicíndolle que eu estou de acordo nesa visión integral de Ourense; pero, teño unha dúbida, aos concellos non agraciados neste orzamento ¿que lles pasa? ¿Non son merecentes desa visión integral? ¿Quedan para unha visión periférica ou para unha visión paralela? Es é o problema. Moitas grazas. *Bueno*, unha cousiña, xa o dixen antes, nós trasladariamos aquí, a estes orzamentos, a emenda

ampliada a outros concellos do tema dos incendios para que sexa tida en conta. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**: grazas señor presidente. Vou a ver se dou contestado brevemente a todo, ou a case todo. Señor Rodríguez Suárez, orzamentos continuístas e electoralistas. *Bueno*, continuístas por suposto; nós temos un plan de mandato co que se presentou o señor presidente; por certo, o único presidente que foi a unhas eleccións cun programa de goberno. Aí está e estamos cumprindo el e o seu equipo. Polo tanto, claro, continuístas si e coas matizacións que teñamos que facer segundo as demandas e a problemática que vai xurdindo ano a ano. ¿Electoralistas? *Bueno*, esa é a palabra que utilizan vostedes sempre cando se aproximan unhas eleccións, por iso non vou a entrar nela. En todo caso, fíxense que vostedes co - gobernan nas outras tres, *bueno*, nalgunha de vez en cando e a ver que fixeron as outras deputacións. Igual nos ensinan, digo as de Galicia. Señor Pérez Jácome, o rirse da despoboación do rural, non é ningún chiste, non é ningún chiste. E non é ningún chiste nin en Ourense, nin en Galicia, nin no Estado español, o rural sofre unha despoboación preocupante e non é precisamente esta Corporación a que o ten que frear; pode axudar, pero non é responsable de pórlle freo. Entón, non fagamos chistes das desgrazas. En canto ás subvencións dos concellos, o señor presidente recibe a moitos alcaldes, e outros fan peticións formais por escrito; valórase, valórase, dentro dos recursos que hai e aparece unha relación que non é, señor Fraga Civeira, non é a última. Haberá un remanente importante de tesouraría e, como vén sendo habitual durante os exercicios orzamentarios, o señor presidente traeranos aquí outras propostas de subvencións nominativas; non só a concellos do PP, o que pasa é que o PP goberna o 60% dos concellos desta provincia entón nótase máis ¿sabe vostede? Se o problema destes orzamentos son as subvencións que leva Muíños, entón síntome orgulloso de defendelos, están perfectos. Son bastante máis ca iso, son bastante máis. Falan tamén, o señor Jácome ou non sei quen falaba, de que o INORDE –era vostede, señor Fraga Civeira- home, esquécese vostede do plan de emprego xuvenil, con 1.600.000 €; o plan de turismo intelixente con 3 millóns, a Raia Termal e outros proxectos que se aproximan ao 1 millón de euros e que esperamos concretar durante o exercicio orzamentario do ano 19; como facemos todos os anos, se vostede mira para atrás. Subvencións a determinados concellos e citábame o señor Pérez Jácome Carballiño, Verín,

etc... *Bueno*, Verín recorde vostede que lle aprobamos 500.000 € no último Pleno, señor Pérez Jácome. Con respecto ao Carballiño, home, faime graza, que non se queixe o propio alcalde, o señor Fumega, e se queixe vostede por el. Home, déixoo que goberne que verá que non se queixa, axudas en recente e as que terá este ano. Verá vostede como non se queixa. A ver, se quere vostede facer campaña tamén alí, ou presentarse polo Carballiño, tamén pode ser. Con respecto ao problema dos orzamentos, de que non hai claridade á hora de saber que programas... home, eu volvo repetir outra vez; o plan de obras ten unha consignación que sabemos todos os concellos; o plan de empregabilidade ten unha consignación que sabemos todos os concellos, 20.000 € lineais a cada un; o plan de mocidade tamén 6.000 € a cada concello; o plan da limpeza viaria, 4.500 a cada concello que o solicite se ten tractor rozadora; o plan BenOurense de servizos sociais tamén. Home, non fagan demagoxia. Critiquen o criticable; pero polo menos non falen do que está claro e conciso nos orzamentos. Dito isto, permítame que me refira primeiro ás emendas do BNG, como dixen antes, para nós son apresuradas, señor Rodríguez Suárez, sen contido e para a galería; iso si, a ver se de paso contentamos a alguén. En canto ao termalismo, nunca se investira máis en termalismo, señor Rodríguez Suárez e vostede sábeo, que neste mandato. En todo caso, anúnciolle, anúnciolle, para que quede tranquilo que no primeiro expediente de modificación de créditos, con cargo ao remanente do ano 18, incrementaranse esas partidas considerablemente. En canto á protección e benestar dos animais, permítame tamén que lle diga, e con todos os respectos, que anda vostede ou vostedes bastante peixe neste asunto. Fíxese ben no esforzo que viu facendo esta Deputación para dar solución a este problema e que o seguirá facendo no ano 19. Dareille uns datos porque considero que é importante e, ademais, pódese facer certa demagoxia deste asunto. A Rede Provincial de Centros de Acollida de Animais Abandonados en Ourense presta os seus servizos en colaboración cos concellos que delegaron na Deputación (destaco isto, que delegaron na Deputación) esta competencia. Isto debe quedar claro, moi claro; hai concellos que decidiron non delegar. Os animais recollidos son trasladados aos centros que na actualidade integran esta rede: Carballiño, Xinzo, Baixa Limia en Muíños, Valdeorras na Rúa. O custe dos concellos adheridos é de 1 € / habitante ano e os concellos adheridos neste momento son 75 dos 92. Os orzamentos para o ano 19 prevén un programa de gasto, señor Rodríguez Suárez, para a Rede provincial de centros de acollida de animais abandonados de 630.900

€, repito: 630.900€, estímase que se ingresarán, é unha estimación moi xenerosa, 200.000 € por transferencia corrente dos concellos adheridos (basta multiplicar a poboación deses 75 concellos por os seus habitantes, e non da esa cantidade, pero somos xenerosos na previsión) e outros 25.000 en concepto de prezo público pola prestación de servizo a particulares. É dicir, a previsión de ingresos é de 225.000 €, mentres que a Deputación destinará dos seus fondos 405.000€. Os orzamentos prevén, igualmente, 135.000 € para a reforma e mellora das instalacións co fin de incrementar o benestar dos animais. Ademais, no presente ano consignáronse –falo do ano 18– outros 100.000 € para máis obras que, previsiblemente, se incorporarán ao orzamento de 2019, entón estariamos falando de 235.000€ máis, señor Rodríguez Suárez. Na actualidade hai uns 400 animais acollidos na Rede e as reformas permitirán ampliar esta capacidade para uns 300 animais máis. instalacións que, por certo, sempre obtiveron informes favorables nas distintas inspeccións polas que pasan; incluso dalgúns compañeiros desta Corporación dun determinado grupo político que tiveron a cortesía de visitar a de Muíños e creo que non poden dicir o contrario. Teño que engadir tamén que o BOP, e este é un dato moi importante, o BOP, do 13 de marzo do ano 15, publicou un convenio marco de colaboración entre a Deputación de Ourense e as Asociacións de protección e defensa dos animais, para a participación NA xestión da Rede provincial de centros de acollida de animais abandonados. Por certo, sen que a día de hoxe se presentara ningunha solicitude. Dato significativo. Vostedes, señor Rodríguez Suárez, que como xa lle teño dito, gobernan ou co - gobernan nunha Deputación moi similar á nosa como a de Lugo, faga vostede unha breve comparación do esforzo que fai esa Deputación nese eido e compare co que facemos nós. Levarase unha grande sorpresa. Con respecto ás retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación dicirlles o seguinte, que é outra das súas emendas. Este asunto, señor Rodríguez Suárez, como ben sabe vostede e os demais compañeiros desta Corporación, sobre todo os portavoces, falámolo e debatémolo onde correspondía. Nós entendemos que xa non procede, e permítanme a expresión, enredar máis neste asunto. Da a impresión, señor Rodríguez Suárez, que na súa proposta hai moito interese partidario e eu si que o entendo. Pero, dígame vostede outro caso dun grupo cun único deputado, ten dous asesores pagados pola Deputación. Deixemos a cousa así, , señor Rodríguez Suárez. Dito todo isto, permítame tamén, e vou rematando, señor presidente pero sexa vostede xeneroso nos

tempos porque, a parte de defender a nosa postura, teño que contestarlle, ao menos algo, ao resto dos portavoces e vou a dicir o seguinte como remate á intervención que fago en nome do meu grupo. Somos a primeira Administración, repito outra vez, a primeira Administración en España, un ano máis, en aprobar os orzamentos para o exercicio 19 cumprindo así – non é un capricho - cumprindo así un dos nosos compromisos establecidos no Plan de mandato Ourense 15-19; algo de máxima importancia, repito unha vez máis, para os concellos e outras entidades e colectivos sociais que poden programar tamén as súas actividades do vindeiro ano. Cumprimos a previsión de endebedamento cero desta Deputación, pois será no mes de abril do ano 19; reducíndose en máis de 100 puntos dende febreiro do ano 12. Potenciarase claramente o emprego e a cooperación cos concellos, consolidando os plans aos que me referín anteriormente. Os servizos sociais son e seguirán sendo unha aposta clara co plan BenOurense, cifrando no ano 19 esta consignación en 1.200.000 €; sen esquecernos do plan de axudas á natalidade, como dixen antes por 400.000 € que, señor Pérez Jácome, non é ningunha broma a despoboamento do rural e nós, humildemente, prestamos ás axudas que podemos. É claramente un orzamento inversor, tamén se falou aquí e danse os datos de maneira terxiversada, ou ás veces mal intencionada. Ano 2018, o Capítulo, ou os Capítulos que podemos chamarlle de inversións ascendían a 15.263.000€. No Capítulo 6 14.600.000 e no Capítulo 7, de transferencias de capital aos concellos, 663.000. Pero, no ano 19, que se di que baixa o Capítulo de investimentos, non é certo. O Capítulo 6 no ano 19 son 12.233.000, pero o Capítulo 7 ascende a 4.053.000€. Polo tanto, os investimentos no ano 19, a día de hoxe que aprobamos os orzamentos -incrementará, anúnciollo, co primeiro expediente de modificación de créditos- supera nun millón de euros, algo máis dun millón de euros ao consignado no ano 18. En canto aos gastos de persoal que se dixeron aquí tamén, ou se terxiversan os datos, ou tamén se dan malintencionadamente. Miren vostedes, o Capítulo 1 con respecto ao ano 18 increméntase tan só, e digo tan só, en 360.000 € e ¿a que se debe isto? Primeiro, hai unha previsión de incremento salarial do 2,5%. Non sabemos se haberá orzamentos do Estado e cando; o que si sabemos é que houbo un acordo dos sindicatos e do anterior goberno para o incremento das retribucións do ano 2018-2019-2020 (creo recordar). Polo tanto faise unha previsión de incrementar esas retribucións no 2,5%. Logo, non esquezan vostedes que despois dunha, non digo larga, pero si negociación cos sindicatos, créanse nesta Deputación 15 prazas de

funcionarios e 14 laborais; aínda que se amortizan dúas de funcionarios e dúas de laborais; que lle adianto que, a partir do ano 19, contaremos con 263 funcionarios (esta é unha previsión) e 374 laborais. En consecuencia, o incremento é mínimo. Dígase claro. É mínimo e debido ao que lles acabo de dicir. Adiántolles que este Capítulo baixará considerablemente, e será menos do 30% como se dixo polo noso presidente en reiteradas ocasións, cando sexa realidade, si señor Pérez Jácome, cando sexa realidade a sociedade económica, de capital mixto, que xestionará o pack medioambiental, incluída a recollida de lixo. Debo destacar tamén que son uns orzamentos do traballo en rede e das alianzas con outras administracións públicas: coa Xunta de Galicia, Administración Central, ABANCA, IBM, etc... e tamén do posicionamento de Ourense en organismos moi importantes como son a xunta de goberno da Federación Española de Municipios e Provincias, Partenalia, Federación de Embalses, entre outras.  O INORDE, pois si señor Fraga Civeira, o INORDE seguirá sendo un instrumento áxil de xestión innovadora no ámbito empresarial, deportivo, co ecosistema de turismo deportivo (que probas temos e esta fin de semana terémola no concello de Muíños, precisamente) e da promoción cultural e turística. Non hai plan único, pois claro que non. Seguen e seguen vostedes con esa teima. Pero ese plan único do que falan parte, dende o noso punto de vista, de datos falsos e decisión claramente utópicas. Existe nas outras tres deputacións porque non teñen proxecto político e téñoo que dicir así. Aquí existe ese proxecto político e ademais falamos da única maioría absoluta de Galicia. A Deputación non pode ser unha mera máquina de repartir cartos, é o goberno do territorio. Teño que repetilo outra vez para que quede claro, señor Fraga Civeira. Como xa dixen noutros debates, repetíndome, nós seguimos traballando, escoitando e xestionando; facendo Ourense. Nós, polo que se ve a diferenza de vostedes (en algo nos diferenciamos), queremos seguir liderando ás deputacións de Galicia e de España en compromiso coa nosa terra, en transparencia, en goberno aberto, en programas innovadores e en foros nacionais, e incluso internacionais. Este é o noso compromiso a día de hoxe e o seguirá sendo no futuro á marxe das profecías do señor Pérez Jácome, Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:  ver punto 4º.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de adición do BNG para fortalecer os fondos dedicados á protección e benestar dos animais, que é rexeitada ao obter o voto en contra do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (7) e o voto a favor de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

En segundo lugar sométese a votación a emenda do BNG ás bases de execución. Capítulo XI.- Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación, que é rexeitada ao obter o voto en contra do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto a favor do BNG (1).

En terceiro lugar sométese a votación a emenda do BNG relacionada coas achegas en materia de termalismo, que é rexeitada ao obter o voto en contra do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto a favor do BNG (1).

Seguidamente sométese a votación a emenda da Presidencia de aclaración das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2019 que é aprobada ao obter o voto a favor do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1).

A continuación sométese a votación a emenda “in voce” do Grupo Socialista en relación coas indemnizacións pola vaga de lumes, que é rexeitada ao obter o voto en contra do Grupo Popular (14), o voto a favor do Grupo Socialista (7) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

Finalmente sométese a votación a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2019, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

**Estado de gastos**

| | |
|---|---|
| Capítulo 1.- Gastos de persoal | 32.158.320,74€ |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 19.696.923,99 € |
| Capítulo 3.- Gastos financeiros | 13.961,14 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes | 13.065.470,23 € |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia | 10.000,00 € |
| Capítulo 6.- Investimentos reais | 12.233.545,55 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital | 4.052.911,29 € |
| Capítulo 8.- Activos financeiros | 300.000,00 € |
| Capítulo 9.- Pasivos financeiros | 1.168.867,06 € |
| TOTAL GASTOS...... | 82.700.000,00 € |

**Estado de ingresos**

| | |
|---|---|
| Capítulo 1.- Impostos directos | 5.000.000,00 € |
| Capítulo 2.- Impostos indirectos | 4.237.000,00 € |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 4.971.703,97€ |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes | 67.914.123,90 € |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais | 154.519,13€ |
| Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais | 21.000,00 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital | 101.653,00 € |
| Capítulo 8.- Activos financeiros | 300.000,00 € |
| TOTAL INGRESOS... | 82.700.000,00 € |

B) INORDE.

**Estado de gastos**

| | |
|---|---|
| Capítulo 1.- Gastos de persoal | 961.784,30 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 623.340,90 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes | 334.180,00 € |
| Capítulo 6.- Investimentos reais | 128.694,80 € |
| TOTAL GASTOS........ | 2.048.000,00 € |

**Estado de ingresos**

| | |
|---|---|
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 12.020,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes | 1.861.404,56 € |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais | 11.260,44 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital | 163.315,00€ |
| TOTAL INGRESOS..... | 2.048.000,00 € |

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2019.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: moitas grazas señor presidente. Si, moi breve. Non vou a insistir no que xa dixen no punto anterior, en todo caso anunciar que nós vamos a votar en contra porque non é o noso modelo. Xa sei que non lles gusta que insistamos no plan único, pero, efectivamente, este non é o noso modelo. Vou insistir, nin se aumenta a contía para os concellos por esta vía, que aínda é escasa para todos, nin se aproba o que nós defendemos, o plan único, que posibilitaría que os concellos tiveran un financiamento maior, máis xusto, estable no tempo que lles permitira planificarse; co cal, vamos a votar en contra. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: hola, sí. Simplemente decir que se acaban de aprobar los presupuestos iniciales de la Diputación y que realmente es simplemente otro paripé que hace porque luego, durante el ano, va a modificar unos 20 millones de euros o 25 en modificaciones de créditos; por lo cual los hace realmente mal porque luego los está modificando todo el rato. Realmente esto es simplemente para colgarse la medalla de *soy el primero*, porque las modificaciones de crédito van a venir a continuación. Por eso me hace gracia cuando decía antes Plácido: *isto é un fito de ter débeda cero e tal*; bueno, son solamete eso, colgarse medallas y nada más. Respecto a aquí, vamos a votar en contra porque básicamente sigue siéndola misma tomadura de pelo. El dinero de la Diputación se tira cuando realmente se contrata de las 300 empresas que hay en Orense, casi todas las obras se le dan a dedo solo a cinco empresas. Cuando realmente ya no son a dedo, cuando la cantidad va ya a competir y todos hacen sus ofertas, pues estas empresas hacen grandes descuentos; sin embargo a dedo no los hacen, con lo cual ahí estamos perdiendo mucho dinero por culpa de que se les da a los amigos de Baltar.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: grazas señor presidente. Nós, igual que anos pasados, votaremos en contra; explico brevemente as razóns polas que. Se os dous plans fosen separados, os de concellos e o de estradas das vías provincias, votariamos a favor do de concellos porque é unha cantidade igual para todos. Señor Álvarez Dobaño, tamén lle fago constar que incumpre as previsións do seu plan de mandato 15-19 onde dicía: *incremento do plan de cooperación municipal ata 60.000 € por concello* e o último orzamento deste mandato non chega a esa cifra. Tamén queremos *reseñar* que baixa a cifra, aínda que vaia noutra partida, a de Vilarello de Cota-Vilardevós, redúcese a partida destinada ás vías provinciais; pasa de dous millóns a dous millóns cincocentos mil, cando entendemos que esta partida non habería que reducila, senón duplicala ou tripicala. Votaremos en contra.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**: grazas presidente. brevemente tamén porque xa falamos do tema. Simplemente iso que di o señor Pérez Jácome das empresas amigas, recórdolle que as bases do plan prevén que cada concello, achegando o que deba achegar, pode solicitar a delegación de competencias como facemos algúns concellos, nin máis nin menos. É dicir, non contratan as obras os concellos se non se

ateñen ás bases e solicitan a delegación de competencias. En canto ao plan de estradas, señor Fraga Civeira, adianteillo antes e vólvollo adiantar, é compromiso do presidente, e estou autorizado a dicilo, que no primeiro expediente de modificación de créditos incrementarase o plan de *carreteras* e ascenderá a unha cantidade que nunca, probablemente, tivo ese plan nos últimos anos. O de non cumprir o noso plan de mandato, home, eu dixen que o plan de mandato está aí e é dinámico, tamén se pode...non, non, voulle dicir cal foi a razón. A razón foi que o presidente escoita a moitos alcaldes, incluído a min que eu fun un dos que lle propuxen iso, incluído a min; pero *bueno,* a miña opinión é unha máis, humilde, e era que me parecía máis correcto incrementar o plan de empregabilidade e incrementouse en 10.000 €, pasáronse de 10.000 a 20.000 e incrementouse tamén o plan BenOurense de servizos sociais; é dicir, os recursos dan para o que dan. Polo tanto, non lle busquemos cinco pés ao gato que non os ten, señor Fraga Civeira. Polo que vexo son vostedes moi maliciosos e, como se aproxima maio do ano que vén, cada día serán vostedes máis maliciosos. Considero importante destacar que mantense o réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta, para que poidan destinar a achega do plan provincial, en todo ou en parte, á amortización de débeda ou a financiar gasto corrente de servizos mínimos obrigatorios con exclusión, iso si, digámolo para rirnos un pouco, de *paparotas* e similares. Considéranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do ano 2017 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería tamén negativo. Así consta nas bases e considero que é de importancia destacalo e tamén que o plan, nas dúas vertentes, fináncìase ao 100 % pola Deputación Provincial, salvo que os concellos queiran achegar máis cantidade e incluso a necesaria para poder solicitar a delegación de competencias e poder contratar cada concello as obras. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: sí, a ver. Me hace gracia porque dice: *no, porque os concellos poden contratar as obras. ¿Como van a contratar las obras se quen manda nos alcaldes é el? ¿Como va a contratar as obras? Ademais, moitos terían que poñer, no caso de que algún poña o 100%; entón flaco favor lle fai se teñen que poñer os seus cartos*. Después decir también otra cosa con el tema este. Ustedes están demostrando que estos presupuestos que han aprobado no valen para nada, porque luego van a hacer veinte y pico enmiendas. Es decir, se enmiendan a sus

propios presupuestos porque cada modificación de crédito es una enmienda. Son ustedes quienes más se enmiendan a ustedes mismos.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, se o Plan é dinámico, razón de máis para que nós fagan máis caso e o muden naquelas cousas que lle estamos dicindo que son manifestamente mellorables e que non funcionan. Entón, o dito. Na rede viaria provincial. Alédame o do anuncio que xa escoitei antes cando o fixo, pero estamos votando o que estamos votando. Cando ese futurible se concrete e nolo traia aquí, non teremos inconveniente en, se é un plan acaído pata a situación das *carreteras*, en votarlle a favor; pero, de momento, votamos o que votamos.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**: ben, así me gusta, por iso cando vostede emendou o expediente de modificación de créditos tamén lle dixen que había que votar algo concreto. Nós si lle traeremos aquí unha proposta concreta, esperemos que hoxe o goberno central tamén nos dea unha proposta concreta aos concellos e a Deputación, a ver que é o que temos que achegar nós. E señor Pérez Jácome, sen ánimo de entrar en *chasacarrillos*, vostede debería saber, porque xa que aspira a ser alcalde, que os expedientes de modificación de crédito son perfectamente legais; os remanentes de tesouraría existen – positivos e negativos – e no caso de ser positivos, como será nesta Deputación e será o máis alto da historia desta Deputación, previsiblemente, pois haberá que destinalo ao que entenda o grupo de goberno co seu presidente á fronte e escoitando a todos vostedes e aos alcaldes desta provincia. ¿Iso como se fará? Pois farase xerando créditos extraordinarios ou suplementado outras partidas que consideramos que son necesarias para gastar máis e vostede diso sabe; o que pasa é que aquí ten outro discurso. Aí un pouquiño máis aló, ten aprobado vostede algúns expedientes de modificación de créditos a cambio de. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 5º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2019, co seguinte teor literal:

***BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2019****.*

***1ª) Obxecto.***

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2019.*

***2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2019. Distribución dos investimentos por concellos.***

*1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2019 comprenderá as seguintes clases de investimentos:*

*- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.*

*- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.*

*2. O Plan Provincial 2019, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:*

*Obras municipais:*

- *Deputación Provincial: 100,00 %*

*Obras da Rede Viaria Provincial:*

- *Deputación Provincial: 100 %*

*3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluiranse*

*igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.*

*4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2019 é a seguinte:*

a. *Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 1.500.000,00 €*
   *Achega da Deputación á RVP (100%): 1.500.000,00 €*
b. *Investimento total previsto en obras municipais (incluída a Entidade Local Menor de Berán): 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.*
   *Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.716.000,00 €,*

*5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 51.000,00 €; da dita cantidade, 48.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).*

*O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.*

*Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.*

*6. No plan poderanse incluír obras adicionais para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.*

*7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.*

***3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.***

*1. Solicitudes: requisitos xerais.*

*Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.*

*2. Prazo de presentación de solicitudes.*

*As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas antes de que remate o día 30 de novembro de 2018. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.*

*3. Documentación das solicitudes.*

*As solicitudes deberán incluír a certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia para a súa contratación.*

*No acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:*

*a. A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha "zona", "barrio" ou "parroquia" ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.*

*b. Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.*

*c. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.*

*d. Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluirase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como "abastecemento e pavimentación en..").*

*e. No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.*

*4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.*

*5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.*

*Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2019, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Plans Provinciais, Vías e Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do mes de decembro de 2018.*

*No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicaralles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.*

*6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.*

*No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluirá ningún*

*investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.*

***4ª) Tramitación do Plan Provincial:***

*Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.*

*Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.*

*As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios.*

***5ª) Execución do Plan Provincial:***

*A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.*

*Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe igual ou superior ó 100 % do financiamento comprometido pola deputación provincial para execución material das obras (48.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.*

*En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial*

*A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 29 de novembro de 2019 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2019; non obstante o anterior e sempre que concorra causa*

*xustificativa suficiente, poderá ampliarse o prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, co límite do día 30 de novembro de 2020.*

*A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola deputación con cargo o crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ó investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.*

*Nas obras financiadas con cargo ó plan provincial instalarase, en lugar visible, o pertinente cartel de obra segundo o modelo aprobado por esta deputación, debendo permanecer instalado o dito cartel dende a data da sinatura da acta de comprobación do replanteo ata a data de expiración do prazo de garantía.*

***6ª) Execución das obras pola deputación***

*1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.*

*2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 30 de setembro de 2019, os seguintes trámites:*

- *Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:*

  *a) Aprobación do proxecto técnico de obras*

  *b) Declaración expresa de que a actuación proposta é conforme coa normativa urbanística e a lexislación sectorial de aplicación e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.*

  *c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.*

*d) Compromiso de asumir tódalas indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.*

*e) Declaración expresa de que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación.*

*f) Declaración expresa de que a actuación de que se trata constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, no seu caso, que constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral ou do servizo.*

- *Remisión da acta de replanteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.*

***7ª) Execución das obras por delegación***

*Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 30 de setembro de 2019, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.*

*Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida ós ditos efectos, concederase por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.*

*A deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adxudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra.*

***8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.***

*No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicaralle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.*

***9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.***

*Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 48.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 2 de decembro de 2019 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.*

*Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2017 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.*

*Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2017 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.*

***10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.***

*A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á*

*amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incursa en situación de insuficiencia financeira manifesta. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.*

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**6º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2019.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: Moitas grazas señor presidente. Simplemente que para anunciar que, tanto este punto como os seguintes contarán co noso apoio. Nada máis moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: Votaremos a favor.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** Moitas grazas señor presidente e bos días a todos, os aquí presentes e os que nos seguen pola web. Presentamos a esta Corporación provincial a aprobación das bases dun novo programa cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019. Xunto co xa citado programa de empregabilidade, estamos a falar dun plan cunha moi boa aceptación por parte dos concellos, xa que lles permite o financiamento das actividade organizadas a prol da mocidade ao longo do ano. Para o 2019 a Deputación destinará un

total de 549.000 €, sendo a contía máxima da achega concedida a cada concello de 6.000 €. No caso da entidade local menor de Berán, que a Deputación incorporou a este programa nas bases do 2018, poderá acadar un máximo de 3.000 €. Pouco máis que engadir a este asunto, salvo deixar constancia que todos os concellos da provincia poderán solicitar estas achegas no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte a publicación das bases no BOP. É dicir, que grazas a anticipación do goberno provincial, todos os concellos xa poden comezar a deseñar as actividades que desexen desenvolver para a mocidade no próximo ano. Agradecerlle o voto a favor dos dous grupos da oposición, e nada máis, moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 6º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (5) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019, co seguinte teor literal:

***BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2019***

***1ª) Obxecto:***

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019.*

*A finalidade deste Programa é contribuír ó financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán en prol da mocidade ó longo do exercicio 2019.*

***2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.***

*1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2019.*

*2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2019.*

***3ª) Contía das subvencións:***

*A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 3.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

***4ª) Dispoñibilidades orzamentarias:***

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46211/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2019, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

*2ª) A contía total máxima estimada é de 549.000,00 €.*

*3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.*

*4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.*

*5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2019, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.*

***5ª) Resolucións de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:***

*As resolucións de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención- subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.*

*O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.*

***6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.***

*As solicitudes de adhesión presentadas remitiránselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.*

*Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.*

*Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:*

*a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo*

*b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.*

*A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 23 de xaneiro de 2019 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

***7ª) Contía das subvencións:***

*Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 3.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.*

*Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:*

*- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.*

*- Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.*

*A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.*

*Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas a percibir polas entidades beneficiarias.*

***8ª) Xustificación da subvención:***

*1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 29 de novembro de 2019. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 29 de novembro de 2019 e poderá concederse, como máximo, ata o día 13 de decembro de 2019.*

*2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:*

*- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*

*- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2019.*

*- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.*

*B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*

*C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

*3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

*Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificados. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*4. Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 6.000,00 € e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior 3.000,00 €. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

***9ª) Obrigas dos beneficiarios:***

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

***10ª) Normativa supletoria:***

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma*

*supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

***ANEXO I***

***MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN***

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019 e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

***1º)*** *Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de________________________ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019, solicitando a concesión dunha subvención por importe de .............. euros.*

***2º)*** *Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.*

***3º)*** *Declarar que o Concello/ a Entidade de________________________________ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

*Ourense, ____ de ________________ de 20*

*Asdo.:________________________________*

***SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.***

***ANEXO II***

***DECLARACIÓN AXUDAS***

*Don/Dona _________________________________________________________, alcalde do Concello/presidente Entidade de _________________________, con CIF ______________________,*

***DECLARA***

☐ *Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.*

☐ *Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:*

| *Organismo ou entidade ao que solicita* | *Data solicitude* | *Concesión** | *Contía* |
| --- | --- | --- | --- |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase "pendente" na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".*

*Ourense, ____ de ________________ de 20*

*Asdo.:________________________________*

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**7º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2019.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** Moitas grazas señor presidente. *Bueno*, este trátase dun dos programas que mellor acollida ten por parte dos concellos dende a súa implantación. No ano 2017 sumáronse a este plan a práctica totalidade dos concellos da provincia, con máis de 200 contratos. Xa no ano 2018 a proba do éxito deste programa é

que todos os concellos da provincia adheríronse a esta iniciativa incluída a entidade local menor de Berán. Tamén vimos de destacar que os responsables municipais mesmo solicitaron no seu momento a ampliación da dotación económica. E tamén dicir que,como novidade deste ano, podemos dicir que serán subvencionables as contratacións ou nomeamentos procedentes de anos anteriores que subsistan no exercicio 2019, exclusivamente en canto a custos devindicados a partir do 1 de xaneiro do ano 2019. Unha demanda que se quedou reflectida nos orzamentos do 2018, duplicar a cantidade destinada a cada concello e que mantemos paro ano 2019. En total, o programa de empregabilidade conta con orzamento de 1.830.000 €, dos que cada concello poderá lograr una achega máxima de 20.000 €; mentres que no caso de Berán será 10.000. Como concello de concellos, a Deputación máis este goberno provincial ten entre as súas prioridades ofrecer a os concellos todos os recursos posibles para que leven a cabo as activades, proxectos, plans ou programas que estimen necesario e que, pola súa reducida estrutura, non poderían afrontar en solitario. A base deste programa é moi sinxela xa que está aberto a todas a propostas que formulen os concellos no marco do máis estrito respecto á autonomía municipal. Sen máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 7º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (6) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2019, co seguinte teor literal:

***BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2019***.-

***1º) Obxecto:***

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2019.*

*A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal funcionario interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.*

***2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.***

*1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2019. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2019. Igualmente serán subvencionables as contratacións ou nomeamentos procedentes de anos anteriores que subsistan no exercicio 2019, exclusivamente en canto os custes devengados a partir do 1 de xaneiro de 2019.*

*2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.*

***3ª) Contía das subvencións:***

*A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 20.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.*

***4ª) Dispoñibilidades orzamentarias:***

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46207/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2019, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

*2ª) A contía total máxima estimada é de 1.830.000,00 €.*

*3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.*

*4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.*

*5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2019, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.*

***5ª) Resolucións de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:***

*As resolucións de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención- subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.*

*O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.*

***6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.***

*As solicitudes de adhesión presentadas remitiránselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.*

*Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.*

*Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:*

*a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo*

*b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencia advertidas no prazo concedido.*

*A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 23 de xaneiro de 2019 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

***7ª) Contía das subvencións:***

*Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 20.000,00 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 10.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.*

*Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:*

- *Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.*
- *Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación*

*exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.*

*A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.*

*Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.*

***8ª) Xustificación da subvención:***

*As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 29 de novembro de 2019. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 29 de novembro de 2019 e poderá concederse, como máximo, ata o día 13 de decembro de 2019.*

*A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:*

*- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*

*- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2019.*

*- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.*

*B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*

*C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

*3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

*Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes*

*en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificados. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*4. Para considerar xustificada a subvención os concellos beneficiarios deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 20.000,00 euros e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior a 10.000,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan do 100% do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

***9ª) Obrigas dos beneficiarios:***

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

***10ª) Normativa supletoria:***

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

***ANEXO I***

***MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN***

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2019, e no uso das*

*atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

***1º)*** *Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de________________________ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2019, solicitando a concesión dunha subvención por importe de .............. euros.*

***2º)*** *Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.*

***3º)*** *Declarar que o Concello/ a Entidade de________________________________ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

*Ourense, ____ de ________________ de 20*

*Asdo.:________________________________*

***SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.***

***ANEXO II***

***DECLARACIÓN AXUDAS***

*Don/Dona _________________________________________________________, alcalde do Concello/presidente Entidade de _________________________, con CIF ______________________,*

***DECLARA***

☐ *Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.*

☐ *Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:*

| *Organismo ou entidade ao que solicita* | *Data solicitude* | *Concesión** | *Contía* |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase "pendente" na columna.*

*No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".*

*Ourense, ____ de ________________ de 20*

*Asdo.:________________________________*

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**8º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAIS PARA O EXERCICIO 2019.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**: bos días presidente, moitas grazas. O ano pasado neste plan o Grupo Socialista votou a favor; votou a favor, dándolle a vostedes un voto de confianza, ante a promesa do que dixeron naquel entón de que se ía incrementar este plan cunha dotación orzamentaria por concello cunha cantidade maior. Como vemos que isto non é así, que a cantidade é a mesma - é dicir, 4.500 € por entidade local - e aquilo que prometeron que se ía reducir o emprego do glifosato por parte desta institución nas *carreteras* de competencia e titularidade provincial; neste intre o Grupo Socialista vai absterse.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular**: moitas grazas señor presidente. Este programa ten como obxectivo colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades

no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial, facilitando o mantemento das estradas, mellorando as condicións de visibilidade e, polo tanto, a seguridade na circulación. Ademais, cómpre destacalo, cumprindo coas obrigas que establece a lexislación galega de prevención de incendios forestais. Os orzamentos da deputación para o 2019 destinan un total de 350.000 € para este programa que se traduciran en achegas de 4.500 € por entidade local. Esta cantidade axudará aos concellos á limpeza e roza das marxes das estradas que sexan da súa titularidade e da titularidade provincial, segundo o convenio asinado. Quero lembrar que, xunto con esta achega, os concellos tamén teñen á súa disposición a maquinaria da Deputación. Entendo que cómpre facer esta puntualización xa que este Goberno provincial está a facer un esforzo na adquisición de maquinaria que se estima necesaria. Todo tipo de maquinaria para o acondicionamento das estradas e que poden solicitar os concellos que só teñen que correr cos gastos do combustible. Quero lembrar que este ano compramos dúas rozadoras máis, as cales xa están destinadas a cooperación e incluso destacar que compramos unha máquina que *destroza* as árbores que están danando a *carretera*, incluso que invaden moitas veces a vía por arriba. Non teño nada máis que dicir. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (5) e de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2019, co seguinte teor literal:

***BASES DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2019***

***Primeira.- Obxecto:***

*1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2019.*

*2. Este programa se desenvolverá mediante a concesión de subvencións ás ditas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos de limpeza das marxes da rede viaria local. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria municipal (prestación que se considera incluída no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

*3. Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.*

***Segunda.- Beneficiarios:***

*Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación os concellos de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:*

*a) Prestar o servizo de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial cunha máquina rozadora con brazo articulado, durante, polo menos, un período mínimo de tres meses no exercicio 2019. Este período mínimo deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na base sétima, apartado b).*

*Nos supostos de períodos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.*

*b) Adherirse ao presente Programa de cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na base quinta.*

***Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:***

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2019, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

*2ª) A contía total máxima estimada é de 350.000,00 €.*

*3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.*

*4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.*

*5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2019, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.*

***Cuarta.- Contía das subvencións:***

*A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2019 de 4.500,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.*

*A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola*

*entidade local interesada.*

*En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.*

***Quinta.- Adhesión ao programa:***

*Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a dita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.*

*Coa solicitude deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.*

*A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*A adhesión dos concellos ou mancomunidades autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. A resolución de autorización de adhesión deberá ditarse antes do 23 de xaneiro de 2019. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.*

*No suposto en que o número de solicitudes exceda as dispoñibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data*

*de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.*

*No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 28 de febreiro de 2019 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.*

***Sexta.- Publicidade das adhesións e da concesión de subvencións:***

*A resolución de autorización das adhesións e de concesión das subvencións será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

***Sétima.- Obrigas dos beneficiarios**:*

*Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquelo que non resulte incompatible coas bases do Programa. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.*

*Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:*

*a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base segunda, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.*

*b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:*

*- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede*

*viaria provincial. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.*

*- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.*

*- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, mediante comunicación que se presentará no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación.*

*- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.*

***Oitava.- Xustificación e pago da subvención:***

*1. A subvención xustificarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A.- Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:*

*a) Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2019 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.*

*b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicarase a identidade do empregado ou empregados públicos designados para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.*

*c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicarase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.*

*d) Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.*

*e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.*

*B.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.*

*2. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 29 de novembro de 2019. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 29 de novembro de 2019 e poderá concederse, como máximo, ata o día 13 de decembro de 2019.*

*No suposto en que non se presente a documentación xustificativa en prazo, non se formulará ningún tipo de requirimento ao respecto, e procederase directamente á declaración da perda do dereito ou reintegro da subvención, previa audiencia da entidade interesada.*

*3. Presentada a documentación xustificativa, emitirase informe polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, en relación coa corrección da documentación presentada, e polo Servizo de Vías e Obras, no que se determinará se a realización da limpeza das vías provinciais se desenvolveu nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.*

*En caso de que o informe do Servizo de Investimentos e Patrimonio sexa desfavorable, requirirase á entidade solicitante a emenda da documentación presentada, por prazo de dez días hábiles. Neste mesmo prazo, a entidade local poderá formular as alegacións que estime oportunas ao respecto, se considerase que a documentación achegada é correcta.*

*No caso de que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, darase traslado deste informe á entidade beneficiaria, que disporá igualmente dun prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións.*

*Os trámites anteditos se refundirán nun único trámite de audiencia e requirimento de emenda de deficiencias, no caso de que os dous informes sexan desfavorables.*

*4. Concluída a instrución da peza de xustificación, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio (previo o informe do Servizo de Vías e Obras respecto das alegacións respecto da limpeza efectuada nas vías provinciais) formulará proposta de resolución á Presidencia.*

*A dia proposta será sometida a fiscalización previa pola Intervención, conforme ao previsto nos artigos 214 a 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*A Presidencia resolverá, segundo proceda, nalgún dos sentidos seguintes:*

*a) Declarar totalmente xustificada a subvención, ordenando o seu pagamento ao beneficiario, cando a xustificación se presente correctamente e o informe de Vías e Obras sexa favorable.*

*b) Declarar parcialmente xustificada a subvención, ordenando o pagamento do importe correspondente, e a simultánea declaración de perda parcial do dereito á subvención (ou do reintegro dos pagos anticipados, de se-lo caso) nos supostos en que o gasto xustificado sexa inferior á subvención concedida ou cando conste a existencia doutras axudas ou subvencións, públicas ou privadas que, sumadas á subvención provincial, excedan en conxunto do gasto xustificado.*

*c) Declarar a perda total do subvención (e a obriga de reintegro dos pagos anticipados, de se – lo caso) nos casos en que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, así como nos casos de ausencia de xustificación ou cando da xustificación presentada se desprenda o incumprimento das condicións establecidas no presente Programa. Excepcionalmente, nos supostos en que do informe desfavorable do Servizo de Vías e Obras se desprenda que o incumprimento da obriga de limpeza das marxes da rede viaria provincial ten un carácter leve, a Presidencia poderá declarar unicamente a perda ou reintegro parcial da subvención, reducindo esta na porcentaxe que se considere axeitada en aplicación do principio de proporcionalidade.*

*5. Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total*

*estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, trala solicitude previa da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).*

*6. Nos supostos en que da acta á que se refire o derradeiro parágrafo da base 7ª se desprenda un incumprimento de carácter substancial e non emendable por parte do beneficiario, a Deputación, sen necesidade de agardar á presentación da xustificación, iniciará o expediente de declaración de perda total ou reintegro da subvención, no que se dará audiencia ao interesado.*

*En caso de que o incumprimento advertido teña carácter leve ou sexa emendable, a entidade local beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais para emendar as deficiencias advertidas. Transcorrido o dito prazo, o Servizo de Vías e Obras xirará nova visita de inspección, da que se levantará acta con mesmo contido que na primeira visita. De persistir as deficiencias, a Deputación procederá á apertura do expediente de declaración de perda ou reintegro da subvención, que poderá ter carácter parcial en caso de incumprimentos leves. A declaración de perda parcial non eximirá á entidade local beneficiaria da obriga de presentar a xustificación prevista no apartado 1 desta base con respecto á parte de subvención subsistente.*

*7. A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións. Cando do informe de control financeiro se deduza a existencia de irregularidade na xustificación, a Deputación incoará o expediente de reintegro que proceda, que se tramitará conforme ao previsto na Lei xeral de subvencións e á súa normativa de desenvolvemento.*

***Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:***

*Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto corrente directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención*

*reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.*

*Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.*

***Décima.- Normativa aplicable:***

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei Xeral de Subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei Xeral de Subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, agás naqueles casos en que as presentes bases remitan ás ditas normas, en que serán de aplicación directa.*

*En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.*

***ANEXO I***

***MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN***

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2019, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

***1º)** Aprobar a adhesión do Concello / da Mancomunidade de_________________________ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2019, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros (no caso de solicitar un importe inferior, indíquese expresamente neste apartado a cifra solicitada).*

***2º)** Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.*

***3º)** Declarar que o Concello/ a Mancomunidade de_________________________________ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

*Ourense, ____ de ________________ de 20*

*Asdo.:________________________________*

***SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.***

***ANEXO II***

***DECLARACIÓN AXUDAS***

*Don/Dona __________________________________________________________, alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _________________________, con CIF ______________________,* ***DECLARA***

☐ *Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.*

☐ *Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:*

| *Organismo ou entidade ao que solicita* | *Data solicitude* | *Concesión** | *Contía* |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase "pendente" na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".*

*Ourense, ____ de ________________ de 20*

*Asdo.:________________________________*

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou

suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**9º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DOS BLANCOS, PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DA CAPACIDADE DE DESAUGADOIRO DO RÍO AIROÁ NOS BLANCOS (OURENSE).-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Moi brevemente. A situación de creba do Concello dos Blancos levou a que tivera que ceder algunha das súas competencias a esta Deputación. Con respecto ao convenio nada que obxectar. En todo caso, máis aló do propio convenio, agardamos que, coa nova administración á fronte da Confederación, este xeito de operar, que non deixa de ser claramente clientelar sen ter en contas as necesidades dos concellos, remate. Nós vamos a optar pola abstención, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 9º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (5), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º. Aprobar o convenio de colaboración** entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello dos Blancos para *o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de mellora da capacidade de desaugadoiro do río Airoá nos Blancos (Ourense)*, consonte coas seguintes cláusulas:

***PRIMEIRA.- OBXECTO***

*Este convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán o financiamento, redacción do proxecto, posta a disposición dos terreos, execución e posterior entrega para o mantemento e conservación das obras e instalacións que se contemplan no proxecto titulado "Mellora da capacidade de desaugadoiro do río Airoá nos Blancos (Ourense)."*

***SEGUNDA.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DO CONVENIO***

*1.- Este convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro electrónico estatal de órgano e instrumentos de cooperación do sector público estatal, e publicado no "Boletín Oficial do Estado".*

*A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2020, salvo que nesa data non finalizaran as actuacións obxecto deste nin se procedera á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, en cuxo caso os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.*

*2.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, así como por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:*

*a) O acordo unánime de todos os asinantes.*

*b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, e en particular, o incumprimento do establecido na cláusula undécima en relación á posta a disposición por parte do Concello dos Blancos dos terreos da súa titularidade.*

*A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contraditorio regulado no artigo 51.2c) da LRJSP, levará consigo o pago dunha indemnización aos demais outorgantes do convenio polos danos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido*

*incumprimento, e que se determinarán pola Comisión de Seguimento, atendendo ao estado das actuacións no momento do incumprimento.*

c) *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
d) *Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.*
e) *O transcurso do prazo de vixencia do convenio, sen acordarse a prórroga deste.*

*Nos ditos supostos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación destas e a súa finalización nun prazo improrrogable fixado polas partes, a proposta da comisión de seguimento, así como a forma de entrega das obras ao organismo competente.*

*3.- As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscrición do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.*
*Non obstante, en caso de resultar necesaria a modificación das anualidades conforme co establecido na cláusula quinta, esta realizarase a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA cando sexa preciso para acomodar o financiamento ao ritmo de execución das actuacións.*

***TERCEIRA.-DESCRICIÓN DA OBRA***

*O obxectivo da actuación recollerase no proxecto de "Mellora da capacidade de desaugadoiro do río Airoá no Blancos (Ourense)," que está sendo redactado a día de hoxe pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, OA e consistirá na execución dunha nova obra de paso sobre o río Airoá, mediante a construción dun marco de formigón coas dimensións adecuadas para permitir o correcto desaugadoiro do río ao seu paso por este punto e o paso, en condicións de seguridade, das cargas habitualmente circulantes pola vía.*

***CUARTA.-CUSTO DAS ACTUACIÓNS E FINANCIAMENTO DESTAS***

*1.- O investimento total necesario para a actuación estimouse en 109.000 €. Este investimento será asumido pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, OA e a Deputación de Ourense a partes iguais (50%-50%).*

*2.- O custo do investimento financiarase con cargo ao presuposto de gastos prorrogado do organismo de conca para os anos 2018 e 2019, en cuxo proxecto existe crédito adecuado e suficiente, con cargo á aplicación orzamentaria 452A 600, código de proxecto 2013.23.233.0011.*

*3. De acordo co anterior, o financiamento da obra realizarase de conformidade coa seguinte fórmula:*

- *Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA achegará 54.500 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.*
- *A Deputación Provincial de Ourense achegará 54.500 euros do custo inicialmente previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 2018/179.11/721.09, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.*

*4. As dúas partes asumirán, en idéntica porcentaxe (50%-50%) cada unha, as variacións económicas, á alza ou á baixa, por modificacións, revisións de prezos, liquidación do contrato, obras complementarias, así como por calquera outra modificación que se aprobe na execución dos contratos de obras ou servizos.*

*5. Con cargo ao importe previsto no apartado primeiro, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA afrontará tanto o custo do proxecto, como da obra, dirección e vixilancia desta, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde. Os valores para cada un destes conceptos son:*

- *Asistencia técnica para a redacción do proxecto 5.989,50 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.*
- *Contrato de obras, incluíndo medidas de seguridade e saúde estímase en 95.000*

*euros, Imposto do Valor Engadido incluído.*

- *Asistencia técnica para a dirección das obras, incluíndo coordinación de seguridade e saúde destas: estímase en 8.010,50 euros, Imposto do Valor Engadido incluído.*

***QUINTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS***

*1. Para a execución deste convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no cadro que figura como anexo a este documento. Estas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do convenio.*

*2. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional, a distribución interna, entre as anualidades establecidas, do crédito en principio determinado para cada unha delas, así como tampouco a súa distribución interna entre os distintos conceptos que a compoñen, sempre que non se incremente o seu importe global.*

*3. Se é o caso, o importe non certificado pasará, automaticamente, ao exercicio inmediatamente posterior.*

*4. As achegas da Deputación Provincial de Ourense materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA tras a previa certificación por esta dos compromisos adquiridos (fase contable D); ou retido (RC), en caso da liquidación final.*

*5. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que o precitado organismo de conca ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.*

*6. Non obstante o especificado no apartado 4 anterior, se unha vez finalizada a obra e practicada a súa liquidación, resultara que o importe das actuacións executadas fose*

*inferior aos fondos recibidos, a CHMS reintegrará o exceso que corresponda no prazo máximo dun mes desde a aprobación da liquidación.*

***SEXTA.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN***

*A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA licitará, adxudicará e xestionará os contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución deste convenio, ata a terminación definitiva das obras.*

***SÉTIMA.- ENTREGA E RECEPCIÓN DAS ACTUACIÓNS***

*1. Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, OA, comunicaráselles á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello dos Blancos tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público a este último para o seu mantemento e conservación.*

*2. A dita entrega poderá realizarse por fases, cando, de acordo co disposto no artigo 243.5 d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, caiba a recepción parcial da obra e a súa entrega para o uso público ao que está destinada.*

*3. En caso de que a CHMS, en aplicación do artigo 243.6 do texto legal precedente, acorde a ocupación efectiva das obras, poderán serlle entregadas ao Concello dos Blancos.*

*4. En calquera caso, a entrega entenderase materializada pola mera notificación ao Concello dos Blancos, achegando unha copia da acta de recepción. A partir deste momento a dita entidade local asumirá todos os dereitos e obrigas inherentes ao encomendado.*

*Posteriormente tramitarase o oportuno expediente de mutación demanial entre administracións públicas, conforme co establecido na cláusula duodécima.*

*5. A entrega das precitadas obras efectuarase polo organismo de conca en adecuadas condicións de uso.*

***OITAVA.- OBRIGAS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, OA***

*Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA as seguintes obrigas:*

1. *Financiar as actuacións de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta deste convenio.*
2. *Licitar, adxudicar e xestionar os contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executar o convenio ata a súa terminación definitiva.*
3. *Realizar, unha vez terminadas as obras, a recepción destas.*
4. *Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificarlles este acto á Deputación e ao Concello, achegando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a súa xestión, mantemento e conservación.*
5. *Pór a disposición do Concello o construído, de modo que cumpran as condicións técnicas e legais necesarias para o seu funcionamento.*
6. *A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA quedará obrigada durante a duración do prazo de garantía, dun ano, á reparación daqueles defectos imputables á execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os deterioros por un uso inadecuado do construído, nin os debidos a actos vandálicos, nin os deterioros debidos ao paso do tempo, así como tampouco os que sexan consecuencia de fenómenos atmosféricos ou polas variacións de nivel das augas.*
7. *Tramitar ante a Dirección Xeral do Patrimonio o correspondente expediente de mutación demanial.*

***NOVENA.- OBRIGAS E FACULTADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.***

*1.- A Deputación Provincial de Ourense asume o financiamento da actuación, conforme co establecido nas cláusulas cuarta e quinta.*
*2.- A entidade local acepta que o mantemento e conservación das obras realizadas se leve a cabo polo Concello dos Blancos en virtude do especificado no clausulado deste convenio. A Deputación Provincial de Ourense, queda por tanto excluída da mutación demanial que se tramite.*

***DÉCIMA.- OBRIGAS E FACULTADES DO CONCELLO DOS BLANCOS***

*Corresponderanlle ao Concello dos Blancos, as seguintes obrigas e facultades:*

1. *O mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose, para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao dito mantemento e conservación.*

2. *O pago de todos cantos tributos graven as ditas instalacións, incluso, se é o caso, o Imposto sobre bens inmobles e os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación do actuado e en xeral, de todos os gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio.*
3. *A aprobación do proxecto construtivo de forma que substitúa ao outorgamento da licenza municipal, en caso de que esta resultara necesaria.*
4. *Realizar as obras de mantemento e conservación das infraestruturas que sexan necesarias, comprometéndose a asumir os gastos que delas poidan derivarse.*
5. *Pór a disposición da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, OA os terreos precisos para a realización das obras, libres de cargas e gravames.*
6. *Outorgar a acta de mutación demanial unha vez tramitado o correspondente expediente ante a Dirección Xeral de Patrimonio por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA.*

*O Concello dos Blancos queda autorizado, a partir da entrega do construído, a xestionar,*

*directa ou indirectamente, as obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.*

***UNDÉCIMA.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS***

*O Concello dos Blancos porá a disposición os terreos necesarios para a execución das obras. En caso de incumprimento de tal obriga, este convenio quedará automaticamente extinguido, debendo asumir a dita Corporación os gastos que se xeraran ata esa data.*

***DUODÉCIMA.- RÉXIME DE TITULARIDADE***

1. *A actuación obxecto deste convenio entregaráselle definitivamente ao Concello dos Blancos mediante mutación demanial, que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta.*
2. *A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil consente expresamente que o Concello dos Blancos poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das instalacións obxecto deste convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.*
3. *As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA tramite ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa a favor do Concello dos Blancos, ao abeiro do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.*

***DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO***

*Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha Comisión Mixta que estará composta por dous representantes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, un da Deputación Provincial de Ourense (esta última ata que se reciban e entreguen as obras) e outro representante do Concello dos Blancos. Unha vez entregadas as obras, corresponderanlle ambos representantes ao Concello de referencia.*

*Esta Comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio, intentando resolver as dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución.*

***DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA E ORDE XURISDICIONAL COMPETENTE***

*Este convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*
*Sen prexuízo das funcións que se lle atribúen á Comisión de Seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan suscitarse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento do seu contido serán competencia da Orde xurisdicional contencioso-administrativa.*

***DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE***

*Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea a este convenio a publicidade esixida.*

***ANEXO***

***ANUALIDADES PREVISTAS***

***CUSTOS***

| ***ADMINISTRACIÓN*** | ***2018*** | ***2019*** | ***TOTAL*** |
|---|---|---|---|
| ***CHMS*** | *27.250 €* | *27.250 €* | *54.500 €* |
| ***DEPUTACIÓN DE*** | *27.250 €* | *27.250 €* | *54.500 €* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***OURENSE*** | | | |
| ***TOTAL*** | ***54.500 €*** | ***54.500 €*** | ***109.000 €*** |

**2º.** Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios de 2018 e 2019 a cantidade correspondente para asumir as anualidades do gasto indicadas.

**10º.- OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO AO DOUTOR DON LUÍS RODRÍGUEZ MÍGUEZ.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**: grazas señor presidente. O doutor e profesor Míguez traballou toda a súa vida a prol da medicina e do termalismo na nosa cidade e provincia, coa dedicación e bonhomía que o caracterizaba. Era un reputado profesional, un home accesible, sempre disposta a achegas positivas en beneficio de toda a colectividade. Xusto recoñecemento á súa persoa e traballo. Voto a favor.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: grazas presidente. Eu soamente volver apuntar a reflexión que xa fixen an comisión informativa. É sabido que nós somos moi críticos co xeito de xestionar o termalismo nesta provincia; pero por outro lado valoramos, coñecemos, a labor científica que fixo o doutor Míguez relacionada cos aspectos nos que o termalismo inflúe na saúde, na medicina, etc..., estudos moi profundos e valorados en todo o mundo nese ámbito. Entón, vamos a votar a favor porque pensamos que é un recoñecemento merecido. Grazas.

**D.ª Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo do PSd G - PSOE**: moitas grazas señor presidente. Bos días a todos e todas. Voulle deixar a honra ao señor Doval de expoñer todos os méritos que ten o noso colega Luís Rodríguez Míguez. Eu só vou remarcar tres cousas. Primeiro, foi un gran traballador, un traballador nato, pola saúde e tamén pola saúde

pública aquí na nosa provincia. Segundo, foi un impulsor do termalismo e a hidroterapia no plano formativo, no plano de difusión e no plano de investigación; nos tres planos. E en terceiro lugar, foi un defensor arduo da creación do Instituto Termal de Galicia no Carballiño; foi un soño que, sen embargo, nunca viu cumprido. Eu lembraríalle ao seu Grupo de goberno, señor Doval, e o señor presidente que sería un gran galardón, a parte dos que xa ten recoñecidos, sería para o doutor Míguez, como sempre o chamei, un gran galardón que se fixera efectivo aquilo polo que tanto loitou que sería o Instituto Termal de Galicia no Carballiño. Moitas grazas.

**D.ª Ana Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Moi bo día a todos. Como instrutora deste procedemento que foi a proposta da Presidencia para conceder a medalla de ouro, a título póstumo, da provincia ao doutor Rodríguez Míguez – este compostelán de nacemento, pero ourensán de convencemento- vou dar algunhas pinceladas da súa traxectoria e o que levou a que esta Presidencia fixera esta proposta de medalla que, como ben dixeron todos os Grupos e así se reflectiu na comisión de Termalismo e Turismo, foi apoiada por unanimidade de todos os presentes. Incoouse en decembro de 2016, a proposta do presidente, o oportuno expediente para o cal se adheriron máis de 300 persoas e colectivos importantes para recoñecer a traxectoria meritoria do doutor Luís Rodríguez Míguez. Un profesor universitario e escritor que fixo moitísimas achegas e un gran labor para o eido da investigación e promoción do termalismo contemporáneo en Galicia. Foi membro do Consello Termal Ourensán, xefe provincial de sanidade de Ourense, director de saúde da Delegación Territorial de Ourense e director xeral de Sanidade Pública; ademais de profesor no departamento de bioloxía funcional e ciencias da saúde na Facultade de Ciencias no Campus de Ourense. Foi académico tamén da Real Academia de Medicina, tamén membro da Cátedra de Hidroloxía Médica da Facultade de Medicina de Santiago e vicepresidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría. Entre os traballos que publicou destacan *El termalismo en Galicia en la década de los 80* (1988), *El termalismo en Galicia. Evolución histórica* (1993), *Estudio histórico bibliográfico del termalismo. Principales urgencias de la provincia de Orense* (1995), *Ayer y hoy del termalismo* e numerosos capítulos de libros; entre outros, *Sinopsis histórica de los balnearios y aguas termales minero-medicinales de la Comarca de Verín, El termalismo y salud pública*. A súa achega á atención xeriátrica, *Indicación dos balnearios de Galicia*. No

ano 93, xa como profesor da Universidade de Vigo, con sede no Campus de Ourense, continúa organizando cursos e xornadas científicas. A partir do ano 97, coa creación da Feira do Termalismo e as súas xornadas técnicas, participa activamente como membro do Comité asesor de Expourense e da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. É no ano 2009, coa creación da Cátedra de Hidroloxía Médica na Facultade de Medicina de Santiago co seu nomeamento como codirector, onde recibe numerosos premios e o seu recoñecemento pola súa traxectoria profesional. Como a súa traxectoria profesional é bastante coñecida, estes días falando con xente como é Juan Gestal, que é o actual director da Cátedra de Hidroloxía Médica, fíxome chegar unhas notas dunha homenaxe que lle renderon os seus compañeiros daquela na Delegación Provincial de Sanidade na que nos dá unha idea máis persoal de quen foi o doutor Rodríguez Míguez. Entre outras cousas di:

*Luís Rodríguez Míguez é un sanitario de pro, ou quizás non. Nada máis el chegar a Ourense aumentaron, e de que maneira, as enfermidades na provincia; algo parecido ao que lle sucedera ao doutor Nook na celebre obra teatral varias veces levada ao cinema a principios do século pasado. Crítica sarcástica da práctica dos partidos médicos de entón.*

*Cando o doutor Nook chegou ao seu recente comprado partido médico e comprobou asombrado que non había enfermos pronto se decatou de que eran sans insuficientemente explorados e, deseguida, foi poñendo a todos en observación ou a tratamento de acordo cos seus posibles. E que a saúde é un estado transitorio, precursor de nada bo.*

*Coa chegada á Xefatura de Ourense do doutor Míguez, aumentaron a brucelose, aumentou a tuberculose, apareceu a febre, o saturnismo..., a lista sería inadmisible. Que axente tan virulento este doutor Míguez, causa necesaria das causas suficientes de tantas enfermidades.*

*Luís Rodríguez Míguez é, ante todo, un profesor. O seu contacto co profesor Domínguez Carmona, ao que axudaba na Cátedra de Hixiene e Sanidade no Servizo de Medicina Preventiva do Hospital, marcárono definitivamente como profesor e, trala súa chegada á Ourense, converteuse nun paladín da formación continuada. Cursos, xornada, congresos van a ser unha constante no seu quefacer; demostrando, ata a saciedade, unhas grandes dotes organizadoras.*

*Luís Rodríguez Míguez era unha parte inseparable de Santiago, algo así como unha*

*lousa do Obradoiro, do Franco, do Preguntoiro ou da Caldererría. Era tal a unión e a identificación de Luís coa cidade de Santiago de Compostela que parecía imposible, xa non vivir, senón sobrevivir fóra dela. Parecía que tiña raíces tan grandes e tan fondas que non poderían enraizar de novo se se arrincaran; nin sequera dándolle unha boa poda.*

*Máis o milagre aconteceu. O doutor Míguez soubo transplantarse a Ourense e adaptarse perfectamente ao clima, á xente a á paisaxe; converténdose, de súpeto, nun coñecedor de todas as rúas -pedra a pedra- e da súa historia.*

*O doutor Míguez é un home paradoxal. Dunha banda, gran defensor das augas minero-medicinais, boas para a pel, o pulmón, para o fígado, para os riles, para a reuma, para os deportistas, para os anciáns e para o turismo de lecer; a nova panacea. E doutro, membro activo e belixerante da Irmandade dos viños galegos, amigo da boa mesa, da conversa cos amigos e, por suposto, do bo viño, do queixo, do polbo, das anguías, dos pementos e do porco; en suma, de todo o bo que vén a unha mesa.*

Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Outorgarlle a medalla de ouro da provincia a título póstumo ao Doutor Luis Rodríguez Míguez, pola súa contribución a realzar e relanzar a maior singularidade que ten Ourense, a súa riqueza termal posto que o foi todo no termalismo da nosa provincia.

**14º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS PARA APROBACIÓN DAS PROPOSTAS DE ACORDOS SOBRE ATENCIÓN ÁS MULLERES CON ENDOMETRIOSE, FORMULADA POLA ASOCIACIÓN QUERENDO**

**Don Francisco José Fraga Civeira, voceiro do Grupo Socialista**, solicita que se altere a orde do día para tratar agora o punto 14º da orde do día.

O **Sr. presidente** somete a votación esta alteración da orde do día que é aprobada por unanimidade.

**Dona Berta Vega Villaamil, representante da Asociación QuerEndo**, expón o contido da moción: ola, bo día, as miñas primeiras palabras son de agradecemento para a Deputación de Ourense por esta feliz iniciativa de visibilizar a endometriose; un esforzo no que facemos falta todos e todas. Probablemente poucas veces teñan escoitado a palabra endometriose, seguramente non verían ningún cartel no seu centro de saúde, ningunha campaña de concienciación do Sergas; tampouco unha campaña informativa do Ministerio de Sanidade. Por responsabilidade coas que veñen detrás, as diagnosticadas con endometriose temos a obriga de investir parte do noso tempo en lanzar un SOS á sociedade para que se coñezan os síntomas desta doenza silenciada e non silenciosa. Non vou a estenderme sobre a descrición da doenza, que xa se contempla na moción que hoxe se discute aquí, só vou dar uns datos que se cadra resultan fríos, pero que, teñan por seguro substancian as infinitas horas de dor que sumamos entre todas. Unha de cada 10 mulleres en idade fértil ten endometriose; isto tradúcese en máis de 16.000 ourensás afectadas na provincia. Desas 16.000, o 15% temos formas severas da doenza. Si, 2.400 ourensás coas formas máis avanzadas desta enfermidade. Algunha destas mulleres perderon a capacidade de reproducirse, ou viron como lles rediseccionaban un *pedazo* de intestino, ou perderon un ril. Outras teñen seriamente danada a súa vida pola dor constante, cronificada, por non ser atendidas en tempo e forma. A inmensa maioría viron como, ano tras ano, a pesar de percorrer as consultas médicas, ninguén facía caso da súa dor. Comprobaron como o seu historial clínico non incluía o que elas describían e que, ao conseguir o diagnóstico - os tempos medios de espera diagnóstica son de 8 anos- eran consideradas pacientes asintomáticas. Eu digo, ¿que ten de asintomático desmaiarse coa dor de regra? ¿que ten de asintomático non poder ir a traballar ou estudar por causa da dor? ¿que ten de asintomático rexistrar problemas intestinais relacionados coas distintas fases do período? E ¿que ten de asintomático ter dor ao mexar, defecar, ter relacións sexuais, etc..? Unha grande maioría non somos asintomáticas, pero a medicina tradicional segue a ter un problema de escoita cando a que se senta na consulta é unha muller. Cando no 2012 o Ministerio de Sanidade aprobou unha Guía de atención á mulleres con endometriose, pensamos: xa está, agora aplicarase e as cousas van a mudar. Pasaron os anos e viamos que nada se movía. No 2015 collemos o bus da liña 6, baixamos en San Lázaro e entregamos a guía persoalmente no SERGAS. Hoxe a guía coñécese, pero non se aplica. En Galicia non hai ningunha unidade

multidisciplinar de endometriose. ¿Como é posible que unha doenza que pode afectar calquera parte do noso corpo non teña, no século XXI, unha unidade multidisciplinar? Hoxe aceptarei que o que queremos dicir e pedir aquí, se son quen de poñer voz das que se senten derrotadas e están nas súas casas sen saber que aquí falamos de endometriose; derrotadas porque ninguén lle puxo nome aínda á súa dor, ou porque aínda non reciben a atención que precisan dentro dun sistema que presume de ser un dos mellores sistemas sanitarios públicos do planeta. Cando eu escoitei a palabra endometriose por primeira vez e lle contei ao meu xinecólogo que sangrar polo embigo cada vez que tiña a menstruación non podía ser normal, pensaba que eu tiña un problema. Pero un día souben que alguén puxera a andar unha asociación que se chamaba *QuerEndo Mulleres con Endometriose*, achegueime. Levaban dous anos e medio traballando e metinme de cheo na directiva e aquel EU converteuse en NÓS. En QuerEndo todo se conxuga en primeira persoa de plural, somos partidarias de nós, de nosoutras, porque descubrimos que dese plural van a nacer as solucións a este problema. As mulleres de QuerEndo temos a certeza de que rematou o de *eu teño un problema* e que xuntas aprendemos a dicir *este sistema sanitario ten un problema*. O atraso diagnóstico -como vos dixen antes, 8 anos- é froito, tamén, dun problema de escoita nas consultas onde se nos di que a dor é normal, que pasará os xornais, ou que obsesionadas coa regra, precisamos dunha psicóloga ou dun psiquiatra. ¿Que pasaría se esta doenza afectase aos homes? Serían escoitados nas consultas. No 2015, un vogal do Colexio Médico da Coruña, Rosendo Bugarín, recoñeceu ante o Parlamento de Galicia que, cun mesmo problema de saúde, danse respostas diferentes para homes ou mulleres. A nós fannos menos probas e recéitannos máis psicofármacos. O xénero condiciona a calidade asistencial que recibimos. Conseguir diagnóstico, e logo asistencia sanitaria digna de tal nome, é unha carreira de obstáculos.A endometriose é paradigma diso do que tan pouco se quere falar: a desigualdade de xénero na medicina. As secuelas seguimos a padecelas porque hai feridas que deixan cicatrices; ao tempo, a Universidade escapa do problema obviando a necesidade dunha auditoría de contidos sobre o saber que se transmite. Nas aulas, aínda se segue a falar do embarazo como alternativa terapéutica sen que ninguén teña a valentía de falar claro. Para que tal alternativa, terapéutica, garantise a efectividade as mulleres deberiamos volver a aqueles tempos dos embarazos encadeados; cando un embarazo se seguía cun embarazo e outro máis. Dende que QuerEndo naceu, atopamos a

xestores profesionais da sanidade, a xornalistas que se solidarizan e conseguen que miremos ao horizonte con algo de esperanza; pero ollo, somos optimistas, non inconscientes. Queda moito por facer. Vou a pasar a ler o escrito (voume a saltar toda a primeira parte), pero un pouco o que QuerEndo eleva ao Pleno para o seu debate que recibistes todos os partidos políticos. Os acordos:

1.- A Deputación de Ourense instará por escrito nos próximos 30 días ao SERGAS e á EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para que proceda a:

1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS na nosa provincia.

1.2. Garantir consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas das distintas áreas nos hospitais aos que acoden as mulleres da provincia de Ourense e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos e xinecólogas, radiólogos, cirurxiáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogas, anestesistas, persoal da psicoloxía, fisioterapeutas, especialistas na dor, para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2.- A Deputación de Ourense instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da Cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais.

3.- A Deputación de Ourense instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados ás mulleres con endometriose.

4.- A Deputación de Ourense comprométese a solicitar aos institutos de investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5.- A Deputación de Ourense comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12 a18 anos nos centros educativos da nosa provincia para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por QuerEndo., e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

Darvos ás grazas por darnos a voz, por adiantar no Pleno hoxe as nosas peticións e por deixarnos estar aquí.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 14º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. A Deputación de Ourense instará por escrito nos próximos 30 días ao SERGAS e á EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para que proceda a:

   1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS na nosa provincia (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas…).

   1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas das distintas áreas nos hospitais aos que acoden as mulleres da provincia de Ourense e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

   1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxiáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesistas, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2. A Deputación de Ourense instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:
   2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da Cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
   2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).
3. A Deputación de Ourense instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:
   3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.
   3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.
4. A Deputación de Ourense comprométese a solicitar aos institutos de investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.
5. A Deputación de Ourense comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos da nosa provincia para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

**11º.- CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA A TRANSFERENCIA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO MUSEO GALEGO DO ENTROIDO EN XINZO DE LIMIA.-**

O Sr. presidente da conta do acordo tomado en Xunta de Portavoces de debater os puntos 11º, 12º e 13º conxuntamente, aínda que a votación será por separado.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas, señor Presidente. A complexa historia do Museo Galego do Entroido dende os seus principios, vai facer xa dezasete anos, estivo marcada por todo tipo de vicisitudes. Os continuos atrasos na posta en marcha dos traballos para reformar o vello mercado de abastos de Xinzo sumouse un parón dunha década nunha obra que semellaba interminable. Unha vez inaugurados os traballos da primeira fase de remodelación no 2003 inaugurouse na planta baixa unha sala que estivo pechada case dez anos e só se abría puntualmente, cun voluntario atendendo durante meses de xeito ocasional as visitas de centos de persoas pero sen horario fixo ata que o Museo pechou as súas portas ao público en xaneiro deste ano. É indubidable que o Museo excede do ámbito estritamente local, tendo en conta que é unha cuestión de interese para o conxunto da provincia, e eu incluso creo que para o conxunto do país. Outra cousa ben distinta é a consideración da supramunicipalidade para xustificar a cesión á Deputación. Por iso a nós parécenos que isto é unha verdade a medias e o que non din vostedes é que este convenio é consecuencia directa do fracaso da xestión por parte do Concello de Xinzo deste espazo cultural. Como dixen antes, o Museo leva pechado dende o 1 de xaneiro, e o tempo que estivo aberto o fixo nunhas condicións precarias, paliadas só polo esforzo e o compromiso da xente que traballaba alí, e sobre todo polo compromiso demostrado durante anos da Asociación Cultural A Pantalla. O Museo non pode nin debe ser só un lugar de exposición de traxes, ten que ser un contedor de investigación, así foi como se concibiu dende un primeiro momento, un espazo onde se debata e valorice a memoria dos entroidos vivos e dos que están a punto de desaparecer, que tamén existen. No Consello Asesor que vostedes propoñen hai exceso de políticos e poucos expertos (historiadores, etnógrafos, antropólogos...) Para nós, o convenio, ademais está mal concibido de raíz, porque non se pode excluír a un dos actores principais, por máis emenda que se fagan vostedes mesmos, e nós pensamos que a Asociación A Pantalla, que ten unha parte moi relevante das pezas do museo, debería estar incluída xa de entrada neste propio convenio. ¿Que pasaría se decide retiralas? De feito, hoxe van ter unha asemblea onde tomarán esa decisión. Ao mellor vostedes atópanse que mañá non teñen nada que xestionar, un edificio baleiro. En canto á xestión do propio Museo, nós estamos en contra de que sexa privada, a nosa aposta é que sexa un servizo público que garanta a calidade e non o negocio, mais en todo caso, se dunha xestión privada se trata, e se de concederllo a unha

empresa se trata, ¿por que non o pode facer directamente o Concello de Xinzo sen necesidade de terllo que ceder a vostedes? Nós, por tanto, respecto destes tres puntos, desta cesión, da creación do Consello Asesor e do modo de xestión do Museo, tal como se propoñen, non podemos senón estar en contra.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** moitas razas, presidente, bos días a todas e a todos. Ben, como falou o portavoz do BNG que me precedeu no uso da palabra, a historia do Museo Galego do Entroido é bastante longa e complexa. Tan longa e tan complexa que a día de hoxe ben tería que ter cumprido a maioría de idade, se non fora polas calamidades e continuas vicisitudes polas que leva pasado, e tamén polo escaso interese dos distintos grupos de goberno do PP que levan pasado polo Concello de Xinzo. E voume explicar. Aos continuos retrasos nestas obras, como dicía o portavoz do BNG, no lugar escollido para o seu emprazamento, que non é outro que o antigo mercado de abastos de Xinzo,  houbo que engadir ese parón de dez anos nunha obra que, a pesar de recibir nos seus inicios fondos do Plan Leader europeo, alá polo ano 2003 culminouse a primeira fase, e inaugurouse a planta baixa e un deputado que se senta na bancada de en fronte tivo a honra de colocar esa placa. Pois ben: estivo pechado durante dez anos e só se abría ao público puntualmente por parte dos membros da Asociación A Pantalla, *alma mater* e xerme do que hoxe é o Museo Galego do Entroido, en adiante MUGAE. Nalgunha ocasión, nos mellores anos da construción, un runrún percorreu as rúas de Xinzo porque o primeiro alcalde inhabilitado de Xinzo que retomou a alcaldía no ano 2003 presuntamente tentou vender o inmoble para construír pisos, xa que el tiña outra idea, de construír sobre o mercado de gando un macro – proxecto que tiña previsto un orzamento de nada menos que uns catro ou cinco millóns de euros. A situación do inmoble onde está o MUGAE é inmellorable, xa que está no corazón da vila, na esquina da rúa Dous de Maio coa rúa Ladeira, que é a rúa que conta con máis servizos públicos (a nova praza de abastos, o centro de saúde, o xulgado, o centro de día, o cuartel da Garda Civil... coñéceo ben o deputado señor Anta, que ten alí o seu despacho). Pero, como digo, a visión mercantilista que sempre tiveron dende o PP é diametralmente oposta á que tiñamos e temos dende o Grupo Socialista, que sempre apostou por este museo como polo de dinamización comarcal, que sempre estivo detrás das mobilizacións a carón da Asociación A Pantalla e formando parte activa daquela Plataforma de Amigos do Museo para reivindicar

incesantemente a súa ampliación e o remate das obras, alá polo ano 2010. Despois de moitas vicisitudes, como digo, do MUGAE, e cunha aportación económica de 150.000 euros por parte desta casa, máis outro tanto por parte da Xunta de Galicia, o 22 de outubro de 2015 este espazo foi inaugurado polo *mismísimo* presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, e tamén por outras autoridades que o acompañaban de aquelas, ¿lembra, don Rosendo? O Museo ten de todo, traxes propios e adquiridos mediante compra, traxes doados por institucións e particulares, e sobre todo unha mostra de incalculable valor para os limiaos, que a conforman tódalas pezas persoais, herdadas por tradición familiar e que están baixo a custodia da Asociación A Pantalla. A todo isto, algúns limiaos que estamos aquí sentados coñecémolo, en Xinzo, como un sentimento. A historia do MUGAE continúa dende o ano 2015 sen persoal fixo, pechado, e aberto só en ocasións, e o Museo, que naceu con mala estrela, foi atendido de novo por persoal voluntario da Asociación A Pantalla, atendendo a centos de visitantes e explicándolles con mimo e sentimento o que significa para nós o entroido e de seguro que tamén o que significan o resto dos entroidos que están alí recollidos. Mais non debemos esquecer que o entroido de Xinzo é o máis longo de España, e pode ser que do estranxeiro, cunhas peculiaridades tan de seu que para moitos limiaos vivir o entroido e aínda máis que un sentimento, é formar parte dun pobo, respecta-las tradicións, recuperalas, mantelas e transmitilas de xeración en xeración, intactas para que non se perdan. Ese labor impagable e inmenso lévano feito os membros da Asociación A Pantalla, ninguén máis. Dende mediados do ano 2016 ata decembro de 2017 o Concello de Xinzo e a Deputación asinan un convenio que permite, a través dunha empresa externa, e privada, abrir as portas do MUGAE. Logo deste acordo o concello cedeu a xestión cultural do Museo e o mantemento do edificio a unha empresa de Pontevedra, de nome Proxectos de Xestión Cultural, contratando a súas persoas e permanecendo aberto de mércores a domingo, en horario de dez a unha, e de catro a seis, e pechado os domingos pola tarde. Pois ben: a imposibilidade de prorrogar ese contrato coa empresa máis aló de dezaoito meses levou a que dende xaneiro deste ano o MUGAE permanecera pechado: un desleixo para Xinzo como vila, para a cultura galega, para a mostra que alí se atopa exposta e para a economía da comarca, que ben podería estar recibindo milleiros de visitas se este museo se convertese en referente a nivel nacional, xa que non hai outro deste tipo en España. A todo este relato hai que engadir as horas e horas, os desvelos, a dedicación, o desinterese e o

grandísimo traballo de tódolos membros da Asociación A Pantalla, en especial das súas diferentes directivas, que sen pedir nada a cambio levan o nome de Xinzo polo mundo adiante e representan o sentimento do noso entroido en xeral. Unha asociación á que dende o concello non se tivo en conta para nada, que foi *ninguneada* a pesares de que se ofreceron a xestionar por eles o MUGAE. Foron desprezados á hora de redactar este convenio, e polo que vemos, non aparece mencionada en ningún momento, agás a última hora, cunha emenda de engádega feita ás presas que enviou o Concello para salvagardar as pezas que alí se gardan, que son da Asociación e tamén da Fundación Carlos Casares. Temos que salientar que na planta baixa do MUGAE está "provisionalmente unha mostra de *Os mundos de Carlos Casares*" e dende o Grupo Socialista pensamos e cremos que se merece para quen foi un insigne escritor limiao unha ubicación propia nun lugar que sexa referente para visitar, coñecer e difundir o seu legado. Corresponderalles, señores deputados, máis pronto que tarde, ofrecer un lugar a Carlos, destinado ao recoñecemento da súa vida e sobre todo da súa obra. Dito isto, parécenos un convenio feito ás presas, nun intento de desesperado do Concello de Xinzo por pasarlle "o marrón" á Deputación, baixo o paraugas de que é unha mostra de marcado carácter supramunicipal, como din nos informes: é certo, alberga entroidos de toda a provincia, que son moitos e os máis numerosos de Galicia, pero tamén doutras provincias de Galicia, polo que, se esta afirmación é certa, ben podía xestionalo a Xunta de Galicia. A desidia do Grupo do PP, que gobernaba daquelas, con este tema, é de tal magnitude que por non aparecer non aparece o MUGAE nin na Rede de Museos de Galicia, que xa ten delito, vindo como veu o señor presidente da Xunta a inauguralo no 2015. Pero a día de hoxe, para máis inri, non existe información algunha na páxina web oficial do concello, ningunha, é dicir, non aparece nin tan sequera un teléfono de contacto para quen queira visitar o Museo do Entroido

(*A señora Lama Fernández exhibe neste momento unha copia en papel da páxina web do concello de Xinzo).*

Como no convenio tampouco se recolle que a Asociación A Pantalla dispón a día de hoxe dun espazo na planta baixa que quere seguir utilizando co fin de poder facer os preparativos dos diferentes días do ciclo do entroido, que como ben saben vostedes é durante cinco fins de semana na época que toque o entroido, que soe ser alá polo mes de febreiro ou marzo, non poderemos votar a favor en canto este apartado non quede

suficientemente aclarado. Pregunta, señor presidente, ou mellor dito señor secretario, que foi o técnico que fixo o informe, ¿pode o concello incluír unha engádega na cláusula 2ª condicionando a sinatura do dito convenio a que o espazo que ocupa ao día de hoxe a Asociación A Pantalla se poida seguir utilizando pola mesma aínda condicionado a que se faga unha entrada independente ao Museo? Esperamos resposta. Con respecto ao Consello Asesor, na súa composición - que é a seguinte: presidente, o da Deputación ou deputado no que delegue, e vogais o deputado delegado de Cultura, un representante do concello de Xinzo, un representante de cada unha das entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro que sexan titulares de fondos depositados no MUGAE e un representante de cada unha das entidades locais da provincia onde teña o entroido un especial arraigo e un representante das entidades sen ánimo de lucro que se teñan distinguido especialmente polo seu labor a prol da conservación e difusión do entroido ourensán – dende o Grupo Socialista parece que a mellores debería incluírse un representante da Asociación A Pantalla por ser *alma mater* do MUGAE e por ser depositaria da maioría das pezas coas que conta o Museo, incluso por ser quen xestionou o préstamo, adquisición e doazón de moitas pezas e máscaras doutros entroidos que alí se atopan. Feitas estas consideracións, estamos seguros de que a opción de que pase a mans da Deputación non é a mellor, pero si a menos mala de todas, porque do contrario, este espazo, que para os socialistas é de vital importancia para a economía de Xinzo e comarca seguirá a estar pechado. Non cremos para nada que esta Deputación sexa modelo de xestión, e menos de xestión cultural: véxanse outros museos cos que conta e dos que é titular para decatarse de que é un desastre. Pero como a fórmula escollida por vostedes vai ser a xestión indirecta, supoñemos que a través dunha empresa, coidamos que estas empresas de xestión cultural estarán bastante máis postas no asunto, e saberán facer unha proposta museística e museolóxica para que este museo sexa rendible. Pero si é así a fórmula escollida para contratar o servizo, ¿por que non o fixo o Concello de Xinzo, señor presidente? Ah, claro, non pode facelo o Concello de Xinzo por estar sometido, como di no informe, a un férreo plan de axuste que restrinxe gravemente o incremento do gasto corrente, debido á desgraciada xestión que leva feito o PP dende que está a gobernar a vila de Xinzo. De momento, nada máis, e moitas grazas.

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** moi bos días, grazas, señor presidente, moitas grazas por permitirme intervir nun tema tan transcendental, non só

para Xinzo, que por suposto, senón para toda a provincia e para toda Galicia. Eu primeiro quérolles dicir aos que me precederon no uso da palabra que lles agradezo esas achegas positivas que fixeron, e dicirlles que a min o que me preocupa, sen descoñecer o que contaron do pasado, é o futuro. Espero que despois de que isto se poña en marcha poder contradicir á señora portavoz do Grupo Socialista que dicía que esta fórmula era a menos mala, eu espero que sexa o mellor do mellor. E, ¿sabe unha cousa?, eu confío en que aquí non hai ninguén imprescindible, pero estou seguro que todos, absolutamente todos, somos necesarios, vostedes tamén, e por suposto, como non, a Asociación A Pantalla, somos conscientes, sabemos e así está recollido no convenio que se vai aprobar, que van a formar parte, como non pode ser doutro xeito, de quen vai a ter a voz e quen vai a dirixir, digamos, por onde imos ir. Teñan a seguridade de que a aposta da Deputación de Ourense é firme nisto, e as críticas cara a outras cousas que fai a Deputación, pois estamos no que estamos, e polo tanto, teñan a seguridade de que o presidente desta institución teno claro, e así o demostraremos no futuro. Buscaremos a xestión máis axeitada e mellor, pero sobre todo poñer ao Museo Galego do Entroido no lugar que lle corresponde, porque nos identifica como pobo, a vostedes, por suposto, a Xinzo, pero tamén moitos outros concellos e pobos, e sobre todo ás persoas, aos devanceiros e aos de agora. Polo tanto, traballaremos arreo nese eido e dende logo, xa digo, mellorando. En canto á referencia que fai a Sra. Lama do que está alí depositado de Carlos Casares, teña a seguridade de que esta institución xa leva demostrado, xa o demostrou durante o ano dedicado a Casares, e vaino seguir demostrando, que Casares é un referente, é dende logo alguén importante para todos nós, e dende logo con independencia de como pensemos, como pensen vostedes, como pensemos nós, Casares está por riba de vostedes e de min, e aí seguiremos traballando. En canto ao que di a Asociación A Pantalla, home, eu confío plenamente, porque sei o que queren e que forma parte deles mesmos, da súa historia, do seu ADN, que non farán máis que colaborar e facer bo que ese museo non sexa unha parte de alguén, senón que sexa un todo que transcenda máis aló da nosa Comunidade Autónoma, como non pode ser doutro xeito. Creo que estamos dispostos a demostralo no futuro, e así o contemplamos nos orzamentos, nos que xa aparece unha partida destinada a ese fin que estou seguro que se fose necesario incrementala o Sr. Presidente así o fará. E agora voulle dar a miña visión, porque croe que primeiro empecei a contestarlle á súa intervención, para que saiban por onde imos. O

Museo Galego do Entroido é un dos sinais que nos identifica e nos diferencia como pobo. Trátase de moito máis que dunha das nosas festas tradicionais, que xurdiu e ten profundas raíces nos nosos territorios, superando ao longo dos tempos tódolos atrancos económicos, políticos, relixiosos... manténdose intacta a súa esencia. Recentemente téñense recuperado figuras que se atopaban esquecidas, froito do traballo de moitas persoas comprometidas coa festa e co que representa. Moitos concellos levan traballando arreo a favor do entroido, e sen dúbida Xinzo é un deles. Entende o goberno que preside Manuel Baltar que máis aló de ser un lugar de exposición, o Museo ten que axudar a poñer en valor o entroido, impulsando iniciativas de investigación para profundar na historia da festa ancestral de máis transcendencia da nosa provincia. A Deputación farase cargo no vindeiro ano da xestión do Museo Galego do Entroido en virtude dun convenio que asinará co Concello de Xinzo de Limia, vila que acolle o centro expositivo, garantindo a apertura permanente, co que se da resposta a unha vella aspiración da vila limiá, que non é outra que se testemuña galega dunha festa ancestral con profundas raíces en toda a nosa provincia. O entroido transcende máis aló das nosas fronteiras territoriais, tamén das de Galicia, formando parte desa manifestación universal que é parte do noso patrimonio, da nosa cultura e da historia, polo que temos a obriga de legarllo ás futuras xeracións, pois é algo que nos identifica como pobo, e que, aínda tendo cousas en común con outros, presenta multitude de singularidades que o fan único. O convenio que hoxe sometemos a consideración do Pleno ven a ratificar o compromiso da Deputación con unha das manifestacións culturais e populares máis propias de Ourense, como é o entroido, e ten como obxectivo potenciar e darlle visibilidade ao Museo, que non é só o museo do entroido limiao, senón de tódalas celebracións de Galicia, axudando a poñer en valor o entroido e impulsando iniciativas investigadoras que leven á recuperación da historia das celebracións actuais e das xa desaparecidas, e realizar actividades en distintos espazos en torno a esa festa ancestral. A Deputación, como non pode ser doutro xeito, pretende transmitir a futuras xeracións algo que nos identifica e que forma parte do noso patrimonio, da nosa cultura, da nosa historia, e salvagardar a memoria dos nosos devanceiros, dos pobos e vilas da nosa provincia: o entroido. O presidente da Deputación ten o compromiso de dar resposta a un acontecemento con profundas raíces en Xinzo e, como unha das prioridades da acción de goberno, situar a festa do entroido no

cumio dando resposta a un fenómeno que emana da veciñanza, que foi quen de preservala e potenciala en situacións difíciles. De momento nada máis e moitas grazas.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas, señor presidente. Ben, as boas palabras, os bos desexos, están moi ben pero, como mínimo, permítannos que sexamos escépticos, polo menos mentres non vexamos resultados prácticos destes bos desexos e destas palabras que acabamos de escoitar, porque unhas veces pois non sei se é que vostedes non recordan a súa propia historia ou a ignoran deliberadamente ou son moi ousados, pero falar, neste caso por parte da Deputación, de xestionar un novo museo, neste caso o Museo Galego do Entroido, cando carecen vostedes dun programa provincial para asistir aos museos da provincia, moitos deles de titularidade municipal, que están nunha situación lamentable de abandono, cando a propia Deputación ten promovido, a través do INORDE, a creación de entidades museísticas que incumpren os requisitos técnicos establecidos pola lexislación aplicable en materia de patrimonio cultural e museos, porque ningún destes museos que existen actualmente posúen o equipo técnico mínimo e solvente, coa titulación académica oportuna, para desenvolver as labores de documentación, conservación, investigación e difusión que compete a un museo segundo a lexislación estatal e autonómica nesta materia. Tampouco teñen a maior parte destes museos un horario de apertura ao público debidamente regulamentado, e todos manteñen as súas coleccións nun estado deficiente de tratamento e conservación, e tampouco posúen moitos deles inventarios e catálogos homologados e programas de difusión e atención ao público, incluída a poboación escolar, acordes cos protocolos propios do departamento de educación e acción cultural dos museos. ¿Como vai a Deputación de Ourense xestionar o Museo Galego do Entroido sen considerar nin avaliar os recursos que procede mobilizar para cumprir os parámetros museolóxicos necesarios? Miren, a mellor achega que podían facer, sobre todo tendo en conta esas boas palabras e esas boas intencións que teñen vostedes, sería crear e habilitar un órgano de coordinación dos museos locais da provincia de Ourense asistido por profesionais cualificados e ligados a unha entidade xa existente na Deputación, e estamos a falar en concreto do Centro de Cultura Popular *Xaquín Lorenzo,* que podería asumir a tarefa en coordinación cos servizos culturais dos concellos interesados, co Consello Galego de Museos, co Museo do Pobo Galego e a Universidade de Vigo. Este órgano debería gozar dun orzamento ordinario para atender as necesidades

básicas dos museos locais dependentes dos concellos, carentes de recursos e de información e coñecementos para atender aos museos existentes. Isto si constituiría un acto real de ourensanía, e especialmente de promoción da identidade galega. Nós, como lle digo, somos escépticos, e aquí o único que vemos é a necesidade do Concello de Xinzo (neste caso, logo das vicisitudes que levamos vivido ultimamente, co terceiro alcalde que pasa pola alcaldía no que vai de mandato) de quitarse un problema, sobre todo tendo en conta que o ano que ven hai eleccións, e nesa loable tarefa conta co apoio imprescindible da Deputación, non só neste senón tamén noutros proxectos, porque hai que apagar ese lume que é un lume importante, que pode ter repercusións non só no Concello de Xinzo senón tamén nesta casa, e dende logo estes son os únicos intereses que vemos nós de cara a asinar este convenio, porque en todo o demais nada de nada, tal e como sucede co que acabo de explicar da situación na que manteñen aos museos que xa existen, independentemente desas boas palabras que, dende logo, en todo caso, pois tomaremos a oportuna nota e estaremos expectantes, a ver se se concretan en algo para anos vindeiros.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** moitas grazas, presidente. Sr. Doval, non contestou vostede ao que lles preguntaba, nin por suposto vai contestar o presidente, non sei se o señor secretario pode responder: ¿pode o Concello de Xinzo incluír unha engádega na cláusula 2ª condicionando a sinatura do convenio a que o espazo que ocupa a día de hoxe a Asociación A Pantalla se poida seguir utilizando pola mesma, aínda condicionado ese uso a que se lles gafa unha entrada independente (hai unha porta á que simplemente hai que poñerlle unha porta de madeira)?

O **Sr. Presidente:** despois de rematar a súa intervención e antes de votar lle daremos a palabra ao Sr. Secretario para que dea resposta.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** moi ben, esa é unha pregunta, e despois, con respecto ao Consello Asesor, dicir que na súa composición como vogais se pode engadir un representante da Asociación A Pantalla. Como vexo que non teñen resposta para isto...

*(Dende a bancada do Grupo Popular, don Pablo Pérez dille á Sra. Lama Fernández que a Asociación A Pantalla xa está incluída no Consello Asesor tal e como está redactada a proposta de acordo, dado que están incluídas tódalas entidades que teñan fondos depositados no museo; a Sra. Lama Fernández di que non está incluída. O Sr.*

*Presidente pide aos señores deputados que non dialoguen entre eles, continuando a Sra. Lama Fernández coa súa intervención)*

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** eu lin a composición do Consello que figura aquí, e figuran como vogais o deputado delegado de Cultura, un representante do concello de Xinzo, un representante de cada unha das entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro que sexan titulares de fondos depositados no MUGAE... pero eu o que pregunto e se nomeadamente pode estar a Asociación A Pantalla. Entón, xa para no liarnos máis no asunto, porque me parece que non hai moita vontade, fago unha emenda *in voce*, que é a seguinte: que se inclúa expresamente no convenio entre a Deputación e o Concello de Xinzo de Limia para a transferencia do MUGAE, na cláusula 2ª, a seguinte engádega: a reserva de uso do espazo da planta baixa que ata o de agora ven utilizando a Asociación A Pantalla con acceso independente dende o exterior. E outra emenda *in voce*, tamén de engádega, no acordo relativo ao Consello Asesor, para que na composición do Consello Asesor figure expresamente nun apartado f) : "Un representante da Asociación A Pantalla designado pola súa directiva". E isto non é un capricho. Isto é que o MUGAE nace como consecuencia dunha xuntanza de persoas e como consecuencia dunha asociación, e a partir de aí nace o MUGAE, nos guste ou non, por tanto o que estamos a presentar aquí é unha reivindicación que nos parece de xustiza. Con respecto á xestión dos museos, dicirlle ao señor portavoz habitual do Grupo Popular que xa nos gustaría parecernos á Deputación de Barcelona e xestionar unha rede de museos como xestionan eles, e a cooperación que manteñen con todos eles, sexan de titularidade municipal, supramunicipal ou provincial. Xa nos gustaría, porque nos levan así como vinte anos de adianto. Niso si que teño envexa, porque é so envexo o bo que hai nos outros, porque o malo para que o imos envexar. Por tanto, espero que as emendas sexan tidas en conta e logo despois manifestaremos o noso voto.

**Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** primeiro, lamento dicirlle que serán os representantes de A Pantalla, estou seguro de que serán incluídos e estámoslle dicindo que si están, pero serán eles, porque vostede é portavoz do Grupo Socialista. E estou convencido de que o Museo, que dende logo ten unha parte moi importante do que é a Asociación A Pantalla peto tamén coincidirá comigo que si queremos que realmente sexa o Museo Galego do Entroido pois imos a que forme parte dun todo e non que existan

sucursais. Eu penso que si van estar representados e va a usalo non vai a haber ningunha cousa que llo impida. Eu creo que estamos debatendo o que estamos debatendo: o convenio. Agora introducir outras cousas, non sei, tamén sorprende que se é así que non o fixeran vostedes na comisión. Pero dende logo teña vostede a seguridade que si se vai contar con todos, A Pantalla estará no cumio, e serán eles, cando se fale con eles, porque non está nada pechado, e buscarase o mellor para o museo. Vostedes están a facer predicións e a facer interpretación de por que se fai isto, facémolo porque cremos no entroido como algo que nos identifica como pobo, e nalgúns municipios está medrando cada día máis porque tódolos pobos da provincia teñen o seu entroido. Nós confiamos niso e dende logo son feitos, non palabras como dicía o portavoz do Bloque, son feitos e aí aparecen nos orzamentos, e dígolle máis, e só unha previsión porque estamos ao principio, pero é vontade do presidente dar resposta ao que é algo moi identificativo do que somos: o entroido é quizá a festa máis importante da provincia de Ourense, non só como festa senón porque nos identifica e nos representa. Nada máis, xa dixen antes que agradezo a súa postura de colaboración, e sobre todo déannos o beneficio da dúbida. Moitas grazas.

Rematado o debate, o **Sr. Presidente** cede a palabra ao Sr. Secretario para que se pronuncie sobre as emendas *in voce* formuladas pola voceira do Grupo Socialista.

O **Sr. Secretario:** ben, primeiramente quería manifestarlle algo que non me preguntou, e que preguntou aos deputados do Grupo Popular e que os deputados non dixeron cal era a súa orixe, supoño que por cubrirme a min, pero a realidade é que se a Asociación A Pantalla non aparece nomeadamente na composición do Consello Asesor é porque eu dixen que non facía falla, porque a min dixéronme que o fixera. Non dixeron que fun eu, pero fun eu porque, simplemente, coa documentación e co expediente que a min se me pasa eu non teño coñecemento nin constancia de que exista algún tipo de relación xurídica singular entre esta asociación e o concello que transfire o museo, máis aló de ser cedente ou depositante dunha serie, dunha colección de pezas que figuran aquí inventariadas, e hai outros depósitos e hai esa exposición da Fundación Carlos Casares, e incluso pezas de particulares e doutros concellos que figuran no expediente. Non tiña coñecemento por tanto de que existira ningún dereito adquirido por parte desa asociación privada que lle puidera outorgar unha posición, digamos, senlleira con respecto ao resto de entidades. E simplemente estableceuse unha regra de que no Consello Asesor estean todas

as entidades locais e todas as entidades sen ánimo de lucro que son titulares de fondos depositados no Museo, e eu entendín que non había por que nomear especialmente a esta asociación, ¿por que esta asociación e non as demais? Ao mellor hai razóns, non digo que non existan, o que digo é que do expediente – eu son un burócrata – non se deducía outra cousa. Pero tampouco habería problema en poñela, evidentemente. Con respecto á outra cuestión, á outra emenda formulada, non sei se haberá aquí un problema conceptual, porque aquí se está a falar dun museo público, dun servizo público de titularidade municipal, e o ben, a infraestrutura na que se alberga é un ben de dominio público, con todo o que iso implica. Entendo que é un museo público e único, e non é un museo mixto ou un museo no que exista unha colección visitable que teña autonomía ou substantividade propia. Iso é o que eu entendín, e por iso cando se fixo o convenio este se limita á decisión de transferilo dunha administración a outra. Hai, evidentemente, como en tódolos museos, unhas persoas que teñen depositadas alí unhas pezas, que poden retiralas en calquera momento porque esa é a esencia dos contratos de depósito, pero iso non condiciona para que a xestión, dada a súa condición de servizo público, sexa unha función que está encomendada ao goberno e administración competente en cada caso. Introduciuse un texto, no seu momento, a petición do concello, para que se previse, en relación tanto coa Fundación Carlos Casares como coa Asociación A Pantalla, a negociación con estas entidades da forma de xestionar esas coleccións. E penso que, en principio, esa previsión é suficiente. Establecer agora unha sorte de dereito, que nin sequera sei moi ben como cualificalo, supoño que sería un dereito de uso que nin sequera sabemos que condicións tería, nin en que prazos, sobre un ben público, que ademais ten o carácter de ben de dominio público, por parte dunha entidade privada, a min paréceme que non procedería, cando menos sen estudalo e sen ver que condicións tería esa cesión ou autorización de uso. Persoalmente, sen estudar a fondo esta cuestión, non o considero axeitado, e o que si digo é que o convenio xa prevé unha negociación con estas entidades para que, a través dun convenio de colaboración, se defina a forma de xestión das ditas coleccións, e entendo que este é un primeiro acordo – a Sra. Lama Fernández dixo que este convenio se redactou con bastante premura e é certo, pero é que se dixo que había presa por este asunto – e logo vai haber unha negociación, vai haber un convenio de colaboración, e unha negociación, se me permiten que o diga, na que ámbalas dúas partes teñen moito que dicir, porque eles son propietarios dunha colección de

pezas que poden retirar, e supoño que non será difícil que se acade un acordo no marco desa negociación. Insisto: crear un dereito de uso por convenio, sen definir tampouco o seu alcance, cun acceso independente como se iso fose un museo independente, ou un sub – museo, cando o museo é único, é un único museo público que o xestionaba o concello e agora pasará a xestionalo a Deputación sen prexuízo de darlle un dereito de participación a outras entidades; e se hai algunha especialidade que estudar, pareceunos que o prudente era deixar previsto ese convenio de colaboración específico, ímonos sentar con esta xente, imos negociar e estudar o que hai e ver as posibles fórmulas ou as posibles solucións que haxa. Non se se lle dei resposta á súa pregunta.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** si, señor presidente, en canto á cuestión da composición do Consello Asesor, a resposta é que non hai problema en poñer nomeadamente á Asociación A Pantalla.

O **Sr. Secretario:** non, aínda que sería redundante.

**Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo do PSdG – PSOE:** non, non é redundante para certas cousas, e logo lle podo explicar por que. En canto á engádega que se propón na cláusula 2ª da reserva dun espazo na planta baixa, ao mellor é que algúns dos que están aquí sentados non coñecen a idiosincrasia das pezas expostas e o porqué esta asociación necesita ese espazo para colaborar no entroido, posto que hai un carro que sae coa fariña no fareleiro, hai un carro que sae coas olas no oleiro, hai unhas corozas, hai uns homes gordos, hai determinadas máscaras que é a propia Asociación A Pantalla a que as ten que quitar do Museo nos días do entroido e que non hai outro espazo físico, a non ser que as leven para o salón de plenos do Concello. Esta asociación, que forma parte activa, en colaboración co concello, como non podía ser doutro xeito, nos días do entroido, necesita dese espazo para poder facer o entroido. Non é porque queiran ser nin máis que ninguén nin donos de nada, simplemente, porque primeiro foron o xerme, segundo levan estando aí toda a vida, terceiro, son eles os que levan aberto moitas veces o museo cando as administracións estaban ausentes e porque é necesario e de xustiza. Entón, aclarados estes termos o mellor será o Concello o que teña que negociar con eles directamente e poñer esas adendas no convenio e no Consello Asesor, e remitilos aquí para ver si son aceptados ou non. Eu quero ver de vostedes a boa disposición, porque en canto á adenda que mandan do Concello de Xinzo simplemente se fala de que se fará un convenio de colaboración cos

depositantes das pezas, nomeadamente coa Asociación A Pantalla e coa Fundación Carlos Casares. Unha vez aclarados estes puntos, nós de momento imos votar abstención. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11º.

En primeiro lugar sométese a votación a emenda "in voce" do Grupo Socialista en relación cunha entrada independente ás instalacións ocupadas pola "Asociación A Pantalla", que é aprobada ao obter o voto a favor do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación sométese a votación o punto 11º da orde do día que é o convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a transferencia á Deputación Provincial do Museo Galego do Entroido en Xinzo de Limia que, co voto a favor do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a transferencia á Deputación Provincial de Ourense do Museo Galego do Entroido en réxime de servizo supramunicipal de competencia provincial, conforme ás seguintes cláusulas:

***Primeira.- Obxecto:***

*Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación da transferencia do Museo Galego do Entroido, actualmente dependente do Concello de Xinzo de Lima, á Deputación Provincial de Ourense.*

*En virtude do presente convenio, o Concello de Xinzo de Limia acorda a transferencia do servizo público municipal do Museo Galego do Entroido á Deputación Provincial de Ourense, que expresamente asume este servizo en réxime de competencia propia e como servizo público cultural de carácter supramunicipal.*

*A transferencia do servizo e a súa transformación nun servizo público supramunicipal xustifícase, dunha banda, polo carácter de servizo público municipal non obrigatorio do Museo, e doutra banda, pola circunstancia da concorrencia dun interese*

*supramunicipal no mantemento do servizo, ao ser o seu obxecto – a conservación e difusión do patrimonio cultural vinculado ao entroido de Ourense – unha cuestión de interese do conxunto da provincia, excedendo o ámbito do municipio de Xinzo de Limia. O fundamento legal da transferencia baséase na competencia provincial prevista no artigo 36.1.c) da Lei de Bases do Réxime Local e 117 da Lei de Administración Local de Galicia, prevendo esta última norma a fórmula do convenio para a asunción do servizo por parte da Deputación.*

*A transferencia do servizo será efectiva a partir da data da entrega das instalacións afectas ao servizo á Deputación Provincial, que se formalizará mediante acta conforme ao previsto na cláusula seguinte.*

***Segunda.- Cesión de uso á Deputación Provincial de Ourense do inmoble dedicado ao Museo Galego do Entroido. Mutación demanial do inmoble.***

*Coa transferencia do servizo, o concello de Xinzo de Limia cede á Deputación Provincial o uso do inmoble situado na rúa Dous de Maio, nº 27, en Xinzo de Limia, dedicado a Museo Galego do Entroido, con tódolos seus accesorios e pertenzas. Esta cesión é consecuencia da mutación demanial do inmoble, que en virtude da transferencia do servizo queda expresamente afectado ao servizo supramunicipal de titularidade provincial.*

*A cesión de uso derivada da mutación demanial do inmoble implicará a atribución á Deputación das facultades de xestión do dito inmoble.*

*Nos mesmos termos, a Deputación subrogarase nas relacións xurídicas do Concello cos titulares dos bens mobles actualmente depositados e custodiados no Museo, que constan no inventario anexo a este convenio. Para estes efectos, a Deputación negociará cos titulares dos ditos bens as condicións para o seu mantemento como fondos do museo.*

*Sen prexuízo do anterior, a titularidade dominical do inmoble continuará a corresponder ao Concello de Xinzo de Limia, conforme ao previsto no artigo 25.1 da Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*A cesión de uso terá carácter indefinido, vinculándose ao mantemento do servizo público provincial do Museo Galego do Entroido ao que queda afectado o inmoble. A extinción deste servizo por calquera causa dará lugar á reversión do inmoble ao concello,*

*libre de cargas e gravames, garantindo a Deputación o seu perfecto estado de conservación e uso.*

*A entrega do inmoble realizarase mediante acta asinada por un representante de cada unha das entidades, na que se conterá a súa descrición e estado no momento da entrega.*

*O presente Convenio queda condicionado á reserva de uso a favor da Asociación A Pantalla do espazo da planta baixa do inmoble que ata agora viña utilizando a Asociación A Pantalla, para o que se habilitará un acceso independente desde o exterior.*

***Terceira.- Réxime da xestión do servizo provincial do Museo Galego do Entroido pola Deputación Provincial de Ourense.***

*A Deputación Provincial xestionará o servizo en réxime de competencia propia, mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.*

*Sen prexuízo do anterior, a Deputación Provincial dará participación ao Concello de Xinzo de Limia na xestión do Museo a través dun órgano complementario da Deputación, denominado Consello Asesor do Museo Galego do Entroido, con funcións de informe e seguimento. A participación neste órgano estará aberta ademais ao resto de entidades locais da provincia nas que o entroido teña un especial arraigo e ás entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de conservación e difusión do entroido ourensán.*

*A creación do Consello Asesor do Entroido realizarase mediante acordo do Pleno da Deputación, ao abeiro do establecido nos artigos 32.3 da Lei de Bases do Réxime Local, 103.1.b) da Lei de Administración Local de Galicia e 130 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Con respecto á colección de pezas relacionadas co entroido limiao de titularidade da Asociación Cultural A Pantalla de Xinzo de Limia; así como, á exposición permanente dedicada a Carlos Casares de titularidade da Fundación Carlos Casares, a Deputación Provincial negociará coas ditas entidades, a través dun convenio de colaboración, a forma de xestión das ditas colección.*

***Cuarta.- Execución e vixencia do convenio.***

*O presente convenio constitúe un negocio xurídico de tracto único, e se considerará plenamente executado coa realización das seguintes actuacións:*

*a) Coa entrega en uso do inmoble dedicado a Museo Galego do Entroido, conforme ao previsto na cláusula 2ª.*

*b) Coa creación do Consello Asesor do Museo por parte do Pleno da Deputación Provincial.*

*As ditas actuacións deberán levarse a cabo no prazo máximo dun mes dende a aprobación do convenio polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense e o Pleno do Concello de Xinzo de Limia. En caso de incumprimento desta previsión, o convenio quedará automaticamente extinguido.*

*Unha vez realizadas as actuacións anteditas, o convenio quedará extinguido, sen prexuízo da subsistencia da obriga de reversión ao Concello de Xinzo de Limia do inmoble do Museo Galego do Entroido, derivada do réxime xurídico da mutación demanial establecida en virtude do presente convenio.*

***Quinta.- Natureza e réxime xurídico.***

*O presente convenio é un convenio interadministrativo entre dúas administracións públicas, conforme ao establecido no artigo 47.2.a) da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público. O seu réxime xurídico será o propio destes convenios, conforme a regulación contida na dita Lei e demais disposicións legais aplicables.*

*Corresponderá aos órganos da xurisdición contencioso – administrativa a resolución das posibles controversias relativas á validez do convenio e á súa execución e efectos.*

2º) Dar traslado do presente acordo ao Concello de Xinzo de Limia, para os efectos oportunos.

3º) Ordenar a publicación íntegra do texto do convenio e da súa memoria xustificativa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez conste a súa aprobación polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia, para público coñecemento do acordado.

**12º.- CREACIÓN DO CONSELLO ASESOR DO MUSEO GALEGO DO ENTROIDO.-**

Sométese a votación a emenda “in voce” do Grupo Socialista en relación coa presenza da Asociación A Pantalla no Consello Asesor do Museo Galego do Entroido, que

é aprobada ao obter o voto a favor do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

Seguidamente sométese a votación o punto 12º da orde do día que é a creación do Consello Asesor do Museo Galego do Entroido que, co voto a favor do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Crear o Consello Asesor do Museo Galego do Entroido, como órgano complementario da Deputación Provincial con funcións de informe e seguimento da xestión do Museo.

O Consello Asesor terá a composición seguinte:

Presidente: o da Deputación Provincial, ou deputado no que delegue.

Vogais:

a) O deputado – delegado en materia de cultura.

b)Un representante do Concello de Xinzo de Limia

c) Un representante de cada unha das entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro que sexan titulares de fondos depositados no Museo.

d) Un representante de cada unha das entidades locais da provincia onde o entroido teña un especial arraigo.

e) Un representante das entidades sen ánimo de lucro que se teñan distinguido especialmente polo seu labor a prol da conservación ou difusión do entroido ourensán.

As entidades interesadas en participar no Consello ao abeiro do disposto nos apartados d) e e) deberán comunicar á Deputación a súa vontade en tal sentido, correspondendo ao propio Consello Asesor, mediante resolución motivada, a decisión de integralas na súa composición.

f) Un representante da Asociación A Pantalla designado pola súa directiva.

Actuará como secretario do Consello o Secretario Xeral da Deputación, podendo non obstante ser substituído por calquera outro funcionario provincial dos subgrupos A1 e A2.

O Consello Asesor deberá constituírse no prazo máximo dun mes dende a adopción do acordo da súa creación.

Será competencia do Consello Asesor a realización das seguintes funcións:

a) O seguimento da xestión do Museo. A tal efecto, o Consello reunirase cando menos unha vez ao ano, no primeiro cuadrimestre natural de cada exercicio, co obxecto de que por parte da Deputación se dea conta da xestión realizada.

b) A formulación de propostas relativas á ordenación e xestión do Museo Galego do Entroido.

c) A emisión de informe preceptivo previo á adopción por parte da Deputación dos seguintes actos ou acordos:

- A aprobación do programa museolóxico, do proxecto museográfico e do inventario de fondos do museo.

- A aprobación dos pregos de cláusulas dos contratos que teñan por obxecto a xestión do servizo do Museo.

O Consello Asesor emitirá igualmente informe cando así o decida o seu presidente.

No non disposto no presente acordo, o Consello Asesor rexerase polo establecido nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2º) Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para xeral coñecemento, así como a súa notificación ás entidades interesadas.

**<u>13º.- DETERMINACIÓN DO MODO DE XESTIÓN DO MUSEO GALEGO DO ENTROIDO</u>**

Finalmente sométese a votación o punto 13º da orde do día que é a determinación do modo de xestión do Museo Galego do Entroido que, co voto a favor do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Determinar que o servizo público supramunicipal do Museo Galego do Entroido, creado en virtude do convenio de transferencia do dito Museo á Deputación Provincial, se xestione de forma indirecta, mediante calquera das fórmulas contractuais previstas na vixente Lei de Contratos do Sector Público. A

fórmula concreta será establecida polo órgano de contratación no correspondente expediente que se tramite para o efecto.

O presente acordo farase público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

**15º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DESTINADAS AO TERMALISMO E A FINALIZAR A ACTUAL POLÍTICA DE GASTO INSTITUCIONAL EN PUBLICIDADE TERMAL MENTRES NON SE DISPOÑA DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS QUE AVALEN O DITO GASTO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao voceiro de Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: hola, sí, gracias. No sé si ya se han enterado, sobre todo Plácido y Rosendo, de lo que acaba de publicar ahora el CIS, dice que, por primera vez en Galicia, ganaría las elecciones el PSOE. Bueno, que ganaría las elecciones el PSOE y que por primera vez en ciudades como Soria, Lugo u Ourense el PP perdería las elecciones; según el CIS. Entonces ya no es que tenga mayoría absoluta, es que ya ni ganaría las elecciones. *Si, si faiche gracia*. Lo acaba de publicar el CIS y ya está en todos los medios de comunicación. ¿Qué? Hombre, no, las encuestas se equivocan, pero hay un margen de error. Las encuestas nunca se equivocan si le aplicas el margen de error correspondiente. Claro, si le aplicas el 100% siempre aciertan. Bueno, vamos allá. Pedimos dos cosas muy concretas con el tema del termalismo y lo pedimos en perfecto castellano. Podríamos escribirla en gallego, la moción, pero como sabemos que hay gente en el PP que no domina el gallego, pues un poco por respeto a vosotros. Entonces, pedimos lo siguiente:

1.- Que la Diputación Provincial realice los trámites oportunos para elaborar, presentar y finalizar un proyecto para dotar de las infraestructuras necesarias para el acceso, uso y disfrute en condiciones de los usuarios de las instalaciones termales de la provincia; estableciendo las colaboraciones oportunas tanto con el Concello de Ourense, como los demás de la provincia que sean procedentes.

2.- Que la Diputación Provincial termine con la actual política de gastos institucional en publicidad del termalismo, mientras no se disponga de unas infraestructuras adecuadas y una red de servicios de calidad que permitan que la oferta turística termal sea una realidad tangible y rentable y justifique dicha inversión publicitaria.

Es un poco para resumir lo que pedimos en estas mociones, de lo que llevamos hablando toda la vida; que el termalismo es un *bluff*, que ese señor… yo recuerdo cuando se estaba pidiendo aquí ese gran balneario termal de Orense y la empresa que quería hacerlo –son los de Caldaria, los de la Fundación San Rosendo - decían que se concreten las subvenciones para dar el paso y hacer un balneario. Oye, perdona, si me dan a mí un 50% tamén vou eu porque so 50% de subvencións, máis o 50% que pido un crédito a Abanca (ou a estes bancos que se financian con cuartos públicos e logo van á quiebra), así monto eu un balneario, mitade financiado, mitade do banco. Despois, se vai mal o cousa aí vos queda. Es impresionante porque yo a veces enciendo la radio y escucho*: la Diputación de Orense, ¿quieres pasar una escapada termal?, te subvencionamos el 50% ta, ta, ta…*Oye, pero vamos a ver ¿desde cuándo para hacer una radiografía en el hospital hay que esperar un año, para ir a un especialista hay que esperar un año y luego tenemos el termalismo gratis, subvencionado? Eso solo ocurre en una sociedad que está, realmente, al revés; o sea, que tiene realmente la brújula al revés. Fíjense ustedes que, cualquiera que diga que el termalismo es un motor económico que me explique por qué en Outariz no hay un bar; no digamos ya un restaurante que tuvo que cerrar, sino simplemente un bar. Si es un motor económico y no da para un bar. Aquí lo único que funciona es la política de la subvención. Entonces, que es lo que pedimos nosotros, en Democracia Ourensana, claramente que se acabe todo con el tema de la publicidad del termalismo; máxime cuando él ya reconoció el otro día: *es que como no hay playa, el turismo aquí no sube*. Bien, acabemos con la política de publicidad mientras no se mejoren un poco todas las infraestructuras de las termas, por lo menos, para los que estamos aquí en Orense disfrutándolas y luego, si viene alguno más de fuera y es rentable, pues bienvenido sea. Pero hacer publicidad cuando las infraestructuras actuales dan pena; es decir, no tenemos ni un parking en las termas de Outariz. La gente tiene que aparcar los coches, de forma ilegal, en la carretera que viene de Alongos; luego viene la Guardia Civil y multa a todos. No hay ni un acceso termal, ni un parking como Dios manda y, sin embargo, estamos pagando millones de euros en

publicidad vendiendo una mentira, que es la mentira del termalismo, que si le quitas las subvenciones queda en nada. Fijaos hasta qué punto es todo una mentira que el spa del pabellón (aunque no llevaba el tema termal, es la misma historia; se vendía con la misma historia), el spa del pabellón tuvo que cerrar porque cuando era de pago tenía tres usuarios al día. Tú dirás, es que no era agua termal; *se lle metes auga termal en vez de tres van catro*. Entonces, lo que Democracia Ourensana quiere es acabar ya con el bluff del termalismo publicitario y que sí, que se mejoren las infraestructuras, que eso, por lo menos, los que estamos aquí lo disfrutaremos en condiciones.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Basicamente estamos de acordo coa moción e coa exposición de motivos; de feito, nós xa anteriormente formulamos unha emenda no orzamento que se financiaba con parte da partida de publicidade e propaganda. Coincidimos tamén que o turismo termal en Ourense non se está xestionando ben, que existen múltiples carencias ao acceso ás instalacións, falta de sinalización de equipamentos e de servizos de restauración nas inmediacións. Onde si, ao mellor non coincidimos tanto, ou temos algún matiz, é no primeiro punto no que fala que a Deputación provincial realice os trámites oportunos para elaborar, presentar e financiar un proxecto para dotar ás infraestruturas necesarias para o acceso e uso e *disfrute* en condicións dos usuarios das instalacións termais da provincia; establecendo as colaboracións oportunas tanto co Concello de Ourense, como cos demais da provincia que sexan procedentes. Os proxectos están feitos, están *requeteelaborados* sen necesidade de que haxa que facer máis. O Plan Factor, o Plan Estratéxico, o Plan Estratéxico Termal da Deputación que inclúe o diagnóstico e propostas concretas, etc, etc... O único que hai é que poñelos en marcha e iso pasa, obviamente e inevitablemente, por aplicar os recursos económicos precisos. O demais, pois, son contos. Á vista do debate que acabamos de ter nun dos puntos precedentes, no dos orzamentos, á aposta desta Deputación polo desenvolvemento termal - un proxecto que debería ser estratéxico para esta provincia - pois é practicamente inexistente, porque cando falamos de termalismo, de Ourense Termal, ¿de que estamos a falar concretamente? ¿de manter a conta de resultados dalgúns balnearios ou de acometer proxectos estratéxicos que produzan valor engadido e xeren riqueza? Se se

trata do primeiro, a Deputación cumpre sobradamente. Se se trata do segundo, nada de nada. Tamén temos que separar distintos ámbitos de actuación, o da provincia e o do Concello de Ourense que ten entidade e proxectos pendentes de desenvolver. Por exemplo, dende o ano 2010, nos caixóns dalgún despacho do Concello dorme un proxecto que contemplaba tres ámbitos de actuación - na zona das Burgas, en Reza e na zona do Campo da Feira -, un hotel de congresos, un balneario xaponés, un centro lúdico. Este proxecto era consecuencia do Plan de Termalismo que se coñecía por PTOu; desenvolto no 2010 por un PERI propio es isto supuña trasladar o matadoiro e o aproveitamento para os usos lúdicos e termais de máis de 28.000 m$^2$. Estabamos a falar dun investimento de aproximadamente 62 millóns de euros. A proposta deste Plan especial era un dos 15 ámbitos de obra que o Concello tratou de protexer tra - la anulación do PXOM en 2011 (o PXOM do *cambiazo*) e esta ordenación foi anulada por unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia porque ese PERI non estaba desenvolto ( por certo, pódenlle botar unha ollada a ese Plan de 136 páxinas elaborado polo estudo dun vello coñecido desta Deputación, o mesmo que elaborou o Plan Termal da Deputación); ou falar do entorno das Burgas, entorno que incluía a Cadea Vella, a antiga casa de baños, ou o solar do xardín das Burgas, ese onde se prevía dar un dos maiores *pelotazos* urbanísticos da historia desta cidade. Nós pensamos e estamos de acordo en que hai que aumentar a dotación da partida correspondente a termalismo para desenvolver os proxectos que se conteñen no Plan estratéxico termal da Deputación. En resumo, máis investimento e menos propaganda. En función de todo isto, e atendendo ao espírito da moción que vai neste sentido, nós vamos a apoiala e a votar a favor. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista**: moitas grazas señor presidente. Nós entendemos a petición de DO que está detrás das queixas recollidas na súa moción; así como a necesidade de mellorar e salvar as eivas existentes neste sector, sen dúbida (e aí discrepamos) tan importante xa para esta provincia e que ten que selo aínda máis. O que nós non queremos é quedarnos só co relatado na moción, a nós gustaríanos ir cara á unha visión máis global. É certo que temos moitos recursos, que somos únicos en moitas cousas; pero temos que ser capaces de poñelo en valor. Na oferta turística, xa se dixo aquí, é certo que non temos praia, se obviamos as fluviais; pero temos un elemento diferencial, cal é a riqueza termal, que nos debe de servir no só para ese aproveitamento

turístico; senón para recuperar o entorno – caso das ribeiras do Miño – para o lecer público. É preciso que ese termalismo sexa non só imaxe, non só a cidade ou provincia termal; senón que sexa unha imaxe que favoreza outros desenvolvementos: Campus da Auga que acaba de botar a andar, Titulacións do sector, determinados proxectos. Cómpre pois que o termalismo, na nosa opinión, sexa contemplado e traballado dende unha visión integral na que, sen dúbida, é imprescindible que a cultura termal teña arraigo na poboación local. Porque iso, ese arraigo na poboación local, que o defenda e o valore axeitadamente, vai favorecer sen dúbida, que é o que se necesita, que posibles inversores invistan aquí e non o fagan noutros lados. Para iso, sendo necesario, como xa se di na moción, o bo estado de servizos máis básicos relacionados co termalismo; creo que por si mesmo non abonda. É certo que cómpre mobiliario urbano, pasarelas sendeiros ben coidados e mantidos; pero si, xa digo, cómpre algo máis. Creo que o tema vai máis alá de papeleiras ou de observatorio para paxaros. É certo, tamén por iso todo, que a oferta é mellorable; pero tamén é unha realidade que non podemos obviar que hai grupos hoteleiros que están apostando nos últimos anos por abrir establecementos nesta provincia. Segue a falar ese gran balneario na cidade que atrae a outro perfil de visitantes, de turistas. O parque acuático termal que se menciona na moción parécenos, neste caso,  máis orientado que a turistas, a excursionistas; sobre todo tendo en conta a súa estacionalidade. Non podemos obviar, como se di, o dos accesos. Entendemos que no plan termal estase traballando nisto. Ultimamente nas ribeiras do Miño, das zonas das charcas das ribeiras do Miño, moi necesitados por certo de accesos; pero en Partovia, Lobios... ¿Que hai que mellorala? Si, sen dúbida; pero xa digo, nós queriamos ir máis alá. Probablemente haxa que ser un pouquiño máis ambiciosos e actualizar o plan de termalismo; revisar incluso a relación da Deputación con algúns balnearios. No tocante á inversión en publicidade, en publicitar esta riqueza termal, que a temos; pensando en toda a provincia, non só na cidade, eu penso que é un tema que habería que valorar. Igual non é moi acaído a estas alturas, ao mellor podería ser incluso contraproducente, que se retirase. ¿Que se pode reformular a imaxe que se da? Pois, sen dúbida; agora, entendemos que, a estas alturas, abandonar a *publicitación* desa riqueza termal pode ser contraproducente. Por todo isto, o exposto, nós o que imos facer é absternos. Estamos de acordo coas peticións que se formulan na moción; pero xa digo, cremos que a visión ten que ser máis integral  e máis ampla. Moitas grazas.

**D.ª Ana Villarino Pardo, do Grupo Popular**: si, grazas presidente. Señor Jácome, é evidente que para o seu partido, Democracia Ourensana, a provincia é exclusivamente o concello de Ourense e vostede confunde constantemente esta Casa coa Praza Maior da cidade. Vou a lembrarlle que esta provincia formámola 92 concellos; ou dito doutro xeito, 91 +1 co da capitalidade. Digo isto para ir por partes. No concello de Ourense dende logo que hai inversores interesados en poñer en marcha ese hotel termal, ese hotel de congresos no que poidamos desenvolver diversas actividades na nosa cidade e na nosa provincia. Pero vostede sabe que un dos principais atrancos é que a cidade de Ourense non conta con PXOM e, claro, vostede non é partícipe de que iso suceda. Dende logo, confúndese de administración porque presentando aquí esta moción, dígolle e recórdolle, que esta Deputación non é competente nin para tramitar o PXOM da cidade. É máis, o grupo de goberno da cidade que goberna en minoría non pode sacalo a diante se vostede e o seu grupo non fan máis que poñerlle paus na roda. Polo tanto, señor Jácome, sexa coherente nas dúas administracións e distinga perfectamente as competencias de cada unha delas. Con respecto á provincia, este grupo de goberno está levando a cabo o que no seu momento aparecía reflectido no plan termal. Un plan que foi aprobado no ano 14 e no que se están executando diferentes infraestruturas. Infraestruturas como é o espazo de vinoterapia en Leiro, como é a ruta da auga dende Verín ata a fronteira portuguesa, ou accesos e mellora a diferentes balnearios. Pero, ademais destas infraestruturas, esta Deputación está participando en redes, establecendo alianzas con outros territorios. Estamos participando na EHTTA, na Asociación Europea de Cidades Históricas Termais, da que o noso presidente é, actualmente, vicepresidente. Grazas a isto, a próxima semana haberá unha reunión da asemblea aquí, na cidade de Ourense, e visitarannos, entre outras, cidades tan importantes como Wiesbaden en Alemaña ou Baden – Baden, ou as francesas como Vichy, húngaras como Budapest, ou italianas como Valso Maiori. Que, por certo, sen non recibiu a invitación (imaxino que dende o Concello de Ourense si lla farían chegar) aproveito para convidalo o próximo mércores ao Café de Europa que vai ter lugar aquí na cidade de Ourense e que levará por título: *A outra cara da auga. Estratexias de sustentabilidade en destinos termais*. Invítoo a que veña, porque seguro que moito aprenderemos. Por outra banda, neste momento, Deputación Provincial de Ourense, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Concellos de Bande, Cortegada, Muíños e Lobios, xunto coas Cámaras

portuguesas de Melgaço e Terras do Bouro están desenvolvendo un proxecto importante a través do Interreg, o proxecto Raia Termal, que ten un investimento de 2,5 millóns de euros, dos cales o 25% proveñen destes fondos europeos. Aquí vanse levar a cabo, e xa se están traballando nelas, infraestruturas diversas como é a casa de baños en Bande ou unha área de autocaravanas. Así mesmo, a Deputación Provincial de Ourense é pioneira na implementación do programa Termalismo Social, que parece que están vostede moi en contra dos balnearios da provincia, parece que están en contra de que os balnearios da provincia, parece que están en contra de que estes balnearios xeren emprego. Pois ben, este programa iniciouse no ano 13 porque cinco balnearios da provincia viñeron a falar a esta casa para que se lles axudara e se puidera estar máis meses abertos; porque, daquela, os balnearios da provincia estaban, escasos, dous ou tres meses abertos. Pois ben, a día de hoxe, no último trimestre do ano 2018, están os sete balnearios da provincia abertos practicamente todo o ano e o número de solicitudes foi cun crecemento claramente exponencial como demostra esta gráfica; pasando de 444 no ano 13, a 663 no ano 14, 1.745 no ano 15, 2.190 no ano 16 e 2.976 no ano 17. Unha cifra esta, a do 2.976, que a falta de pechar un trimestre, xa está superada neste ano 2018. Unhas cifras que a vostede igual non lle gustan, pero que lle podo dicir que supoñen máis de 15.000 pernoctacións na provincia e máis de 35.000 tratamentos termais. Isto tamén é posible porque se fixo un convenio con RENFE, a través do cal 40 cidades de España, como son Madrid, Sevilla, como é Barcelona, poden achegarse cada luns á nosa provincia e á nosa cidade. Polo tanto, señor Jácome, no se pode facer demagoxia como vostede fai, comparar as cifras de turismo da nosa provincia coas outras tres da Comunidade Autónoma, cando, como ben sabe e ben se dixo aquí, somos a única provincia galega que non ten saída ao mar; polo tanto, estamos traballando na desestacionalización do turismo. Para isto, fixemos unha forte aposta do que é a Estación de Montaña de Manzaneda, no que é unha aposta pola Ribeira Sacra e, agora mesmo, están iniciadas as obras no que será o maior e mellor observatorio para ver, analizar e estudar o firmamento que se vai a levar a cabo no Concello da Veiga. Un dos 14 destinos Starlight que existen no mundo e un deles está aquí na nosa provincia. Polo tanto, señor Jácome, vostede leva tres anos facendo precampaña, confundindo administracións e nós, dende logo, levamos tres anos, case catro, traballando para mellorar a situación dos nosos

veciños da cidade e da provincia de Ourense. Polo tanto, o noso voto vai a ser en contra. Nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: ¡olé! Esta no sé de qué rama del PP se cayó. La verdad que no tiene ni idea de lo que habla, no tiene ni idea de lo que roba su partido y lo único que hace es echar la lengua a pacer sin tener ni idea. Ya un día, aquí, quedó en ridículo diciéndole a Armando que no teníamos ni idea de la provincia y se lo va a decir a la persona que más conoce la provincia de Orense; él y otro de Orense que es Domingo Castro de Democracia Orensana, porque los dos trabajaron en los 92 concellos de Orense, que eso no lo hizo ninguno de ustedes. *As dúas persoas que máis coñecen a provincia de Ourense, Armando Ojea e Domingo Castro, vaille dicir: vostedes son uns urbanitas que non teñen nin idea de Ourense; ademais, vaillo dicir a un que naceu nunha aldea nunha casa, que nin sequera naceu no hospital.* Pero bueno, vamos a ver, habló de la otra cara del agua y, efectivamente, es la otra cara del agua. Entró en contradicciones totalmente la diputada del Partido Popular. Por un lado dijo que es un gran negocio, que es una auténtica maravilla, que hay grandes inversores esperando para entrar en la provincia; pero luego *metió la gamba* cuando dijo que aquí la Diputación recibió a cinco o a seis balnearios que vinieron a pedir ayuda. ¿Desde cuándo una cadena hotelera viene a pedir ayuda a la Diputación? ¿Desde cuándo? Si funciona bien, ¿Desde cuándo? Mira, dice que hay mucha gente interesada en hacer un hotel balneario. No hace falta un nuevo PXOM para hacer un hotel balneario, si lo quieren, porque de hecho se puede hacer un plan parcial. No hay que esperar por el PXOM; de hecho han abierto dos hoteles en Orense sin haber PXOM. Mire, para hacer el parking de la Diputación para explotarlo y forrarse, ahí no hace falta ir a buscar a nadie, ya vienen ellos solos. Ahora mismo Citroën va a hacer un parking en la fábrica de Citroën en Vigo y ahí hay decenas de empresas que quieren competir por ese parking. Bien, si el balneario es un chollo, no hay que ir a buscar a los empresarios, ya vienen ellos. Si ustedes tienen que ir buscar a los empresarios, como van, es que de negocio nada. Si tienen que darle subvenciones, es que de negocio nada, es todo mentira. Primero metió la pata con el PXOM. Mira, ¿tú sabes por qué no está aprobado el PXOM? Nosotros metimos una serie de condiciones: no al pelotazo ladrillo-Diputación y no al pelotazo de hacer una torre de 20 pisos al lado del Puente Romano. ¿En qué cabeza cabe autorizar, al lado del Puente Romano, para COPASA una

torre de 20 pisos, al lado del Puente del Milenio y del Puente Romano? Un auténtico terrorismo urbanístico. Democracia Ourensana dijo no. Bien, mientras estábamos con negociaciones con Cudeiro (nos sentamos con Cudeiro para hablar de cómo iba a ir el PXOM), mientras hacíamos esas conversaciones, por la puerta de atrás le dieron licencia de obra a COPASA para que empezara a hacer la torre de 20 pisos; cuando era una de nuestras condiciones. ¡No pedíamos demasiado! Bien, automáticamente lo denunciamos, lo intentamos parar, creo que lo vamos a frenar porque Orense eso jamás lo admitiría y automáticamente rompimos las negociaciones con el PXOM. Unos auténticos traidores el PP. O sea, mientras negociaban con nosotros para aprobar el PXOM, una de nuestras condiciones le dan licencia con silencio administrativo que está prohibido. Por eso no está aprobado el PXOM. Esta señora qué quiere, que avalemos a los ladrones. ¿Es usted lo que quiere? Usted creo que está muy acostumbrada a toda la gente que hace negocio con su llegada a la Administración, con lo que llaman el *crony business* en Estados Unidos, el negocio de amiguetes. Es que así, es muy fácil ser empresario. Ustedes hablan aquí de unas cifras de cómo se dispararon las habitaciones hoteleras desde que tienen una subvención del 50%. Mira, mañana mismo yo me comprometo a ser el mayor vendedor de guitarras eléctricas del mundo; ustedes subvencionan el 50% de las guitarras eléctricas que yo vendo, o de pianos, y me convierto en el mejor del mundo. ¡A ver quién compite conmigo! Pero. ¿Qué broma es esta? Ustedes solo tienen idea del *crony business*, los negocios con los amiguetes ligados a la Administración. ¡*Así tamén che fago negocio eu*! ¡Hombre, por favor! Luego se me pone a hablar de Portugal. Mira, de Portugal voy a hacer una lectura que nunca hice y la voy a compartir con ustedes. Es una primicia de marketing. Me habla de la Raya termal, para que vean como ustedes no tienen ni idea. Debido a las subvenciones, obviamente lo que hacemos con las subvenciones, cuando se hacen subvenciones en negocios que no funcionan, lo que estamos haciendo es lo siguiente. Por un lado, le quitamos recursos a lo que sí funciona y por otro lado, estamos alimentando lo que no funciona; por eso son una aberración. Lo que funciona enseguida sale solo; por ejemplo, aquí el alcalde de A Veiga que está haciendo unas iniciativas del tema de las estrellas, eso arranca solo, ya se ve, funciona. Vale, pues está bien. Pero lo que constantemente necesita subvenciones, amigo, eso mal va. Si constantemente necesita subvenciones es un enfermo que está en coma, no lo alimentes más, desenchúfalo. Te voy a

poner un ejemplo de Portugal para que veas estos datos. Mira, empezamos en todo lo que es la Raya portuguesa con Galicia y empezamos por Verín. Bien, si nosotros comparamos Verín con Chaves, el baño que le está dando Verín en las últimas décadas es bestial. Hace años era al revés, parecía que venía mucha más gente a Verín, que Verín le daba un baño a Chaves, aunque Chaves siempre tuvo más habitantes. Ahora mismo eso es entrar como una ciudad el primer mundo y Verín un pueblo que está yendo totalmente a menos. O sea, la diferencia entre Verín y Chaves es bestial. Pero es que tú te vas a la zona de Lobios, cerca de donde está Muíños, y la diferencia entre Lobios (hay allí un hotel balneario que estuvo cerrado en invierno), la diferencia entre Lobios y lo que hay ya en Portela do Homem que hay unos 50 o 90 lugares en los que hay donde dormir, en comparación de uno que hay en Lobios y resulta que en el otro lado hay 50 (hablo de 50, lo que son casas; luego hicieron uno de cuatro estrellas hace poco, que eso es bestial, al lado de una catedral que hicieron). Al lado de Portela do Homem la diferencia es bestial. Pero si tu miras la diferencia que hay entre el pueblo de Baltar y Montalegre (¿no es Montalegre el que está después de Baltar?), en Montealegre hay 5 o 6 restaurantes de comer que flipas; *en Baltar non sei se hai un, un*. Pero es que tú te vienes para aquí y ves la diferencia entre Melgaço y lo que hay al lado, la zona de Arbo, es que es bestial. En Melgaço hay unas termas que funcionan, unos restaurantes que alucinas; en *Arbo non hai nada*. La diferencia que hay entre Salvaterra de Miño y Monçao, es que el otro día fui y Salvaterra do Miño estaba vacío y Monçao *petado, petado*, de noche, a las dos de la mañana. Le dije yo allí a la gente, el 2 de agosto, el día de mi cumpleaños, les dije a las personas con las que iba: *esta es la nueva España*. Portugal es la nueva España, ¿por qué? Porque Portugal tiene el ambiente que tenía España hace 20 años. A las dos de la mañana, un día de semana, a tope. *¡Ostia!*, dije, *Portugal es la nueva España en cuestión de ambiente*. Yo aluciné. Luego, cruzas a Salvaterra de Miño y no había nada. Me recordó cuando me llevaron por primera vez a Irún, con 20 años. Me llevaron a Irún, que allí teníamos un almacén para vender mercancía, y me llevan a Hendaya y, claro, cuando pasas de Irún a Hendaya dices: *¡Ostia, Hendaya parece una ciudad fantasma!* No había nada al lado de Irún. Irún era España lleno de gente y en Hendaya no había nada. Bueno, pues me dio pena el otro día cuando vi lo de Salvaterra de Miño y Monçao, porque Monçao parecía España; lo que no parecía España era Salvaterra de Miño. Luego te vas a la diferencia entre Tui y la Guardia y entre lo que es ya Valença de

Miño y Camiña y alucinas. Se está yendo la gente a Valença y a Camiña. ¡Hombre! Es que esto es una maravilla. Entonces claro, esa es la gran diferencia de cómo estamos funcionando aquí. Nos están dando un baño los portugueses. Dentro de poco yo no sé si nos van a pasar con la renta *per cápita*, de momento están un 30% por detrás; pero en lo que es en cuestión de turismo interior es impresionante. Puede ser también - es una teoría - porque ellos se esfuerzan en turismo interior porque ellos no tienen las playas nuestras. Entonces, al no tener las playas nuestras se tienen que esmerar un poco más; porque aquí en Galicia lo hemos dejado un poco de lado, el turismo, porque en las playas pones un chiringuito y ya está. Bueno, esa es otra historia. Llegó a hablar de las caravanas, que van a hacer un área de auto caravanas. *Mira, as caravanas (ía dicir unha animalada), méteas onde vos caiban, as caravanas, porque as caravanas non dan un duro*. Si yo soy alcalde de Orense, haré lo que hacen los de Francia y Londres, te pondo un área de caravanas a 30 km de la ciudad. ¿Para qué quiero yo aquí las caravanas si solo dejan mierda? Si solo dejan mierda. Hablé con las gasolineras que están al lado del termalismo y me dice: *mira si son jetas que, en el momento que se enteraron dónde están los desagües, ya ni echan gasolina aquí; van a echar toda la mierda allí*. Eso si tenemos suerte de que vayan a la gasolinera, algunos echan la mierda en la hierba. ¿Qué más le puedo decir para *tal*? Habló del termalismo social, que justifica las subvenciones por el termalismo social; pero ¿cuándo desde cuando el tema social, de ayudar a los más necesitados debe ser para que te des un baño turco, un baño termal? ¡Por Dios! Eso habrá que hacerlo para el que no tiene que comer, para el que no tiene para estudiar, para el que quiere mandar a un hijo estudiar fuera de Orense. Si tienes un hijo que quiere estudiar medicina, pues tendrás que ayudarle para que el chaval haga la carrera en Santiago y no para que se den un baño los… ¡coño!, de termalismo ¿Pero qué broma es esta? Que la Diputación gaste dinero en termalismo, cuando hay gente necesitada. Luego, ¿Qué más dijo? 35.000 tratamientos; o sea, yo es que esto nunca lo vi, que se presuma de que se subvencionan 35.000 tratamientos. Luego habla de la Estación de Montaña de Manzaneda. La Estación de Montaña de Manzaneda, si nosotros vemos los números, apostamos, desde luego, que se haga una discriminación positiva con la Estación de Montaña de Manzaneda porque Orense necesita discriminación positiva; pero que presumáis de la Estación de Montaña de Manzaneda cuando nosotros vemos que la hostelería allí está igual que estaba *hai 30 anos*. La Ribeira Sacra, yo soy de allí, en Parada

do Sil ahora hay dos bares más; realmente ¿esas son cifras macroeconómicas, de presumir? Hay dos bares más que cuando yo era pequeño. Ahora que hay un boom en la Ribeira Sacra, ¡hay dos bares más! *Pois, ¡mereceunos a pena por dous bares máis!* Bueno, está claro que esto es un *bluff*, que ustedes de negocios no tienen ni idea y no hay más que verlo porque ustedes están en un partido en el que están acostumbrados al fallo del que está arriba. El que está arriba no las ve venir; por eso, gracias a Dios, sigue habiendo ciclos porque los que están arriba pierden la perspectiva.

**D.ª Ana Villarino Pardo, do Grupo Popular**: mire, señor Jácome, vostede é un demagogo; pero dende logo eu non lle vou a entrar ao trapo. Evidentemente trata de confundir e trata de comparar cousas que non son comparables. Verín con Chaves nunca pode ser comparable; está comparando una vila de 14.000 habitantes, cunha cidade de máis de 40.000, con orzamentos que non teñen nada que ver. Nós, dende logo, temos unha folla de ruta moi clara, que así apareceu no programa electoral, co que nos presentamos ás eleccións do ano 15; aparecerá no programa electoral co que nos presentaremos ás próximas eleccións do ano 19 e todo o que temos previsto facer en termalismo, o que se está facendo, está reflectido no plan termal. Polo tanto convídoo a que o estude e iremos falando segundo se vaian aproximando as próximas eleccións porque vexo que está vostede en total precampaña electoral. Nada máis e moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana**: sí, pero vamos a ver qué demagogo, si lo que es medible no es opinable; si los números están ahí. Si resulta que Orense es la que menos ha subido en turismo de todas las provincias españolas (creo que es la última o la penúltima), ¿Qué demagogo? Los números están en el Instituto Nacional de Estadística, pero ¿de qué habla? Si usted me dijera: mire, desde que nosotros hemos puesto este plan del 2015, automáticamente ha habido un repunte del turismo, en comparación con los demás; vale, pero resulta que somos la última o la penúltima de España. ¡Ustedes son un desastre! No lo digo yo, lo dice el Instituto Nacional de Estadística. Pero, ¿Qué demagogo? Porque no vas al el Instituto Nacional de Estadística, que está ahí al lado del pabellón de Os Remedios y vas con un altavoz y les llamas demagogos a ellos. No me lo llames a mí, llámaselo a ellos. ¿Qué quieres, matar al mensajero? Luego, lo de Verín y Chaves ya lo dije yo que Chaves tiene más población. Pero, ojo, Verín tiene un presupuesto por habitante mayor que el de Chaves. ¡Cuidado!

Igual que el de Orense tiene mayor presupuesto que el de Vigo y que el de Oporto. Nosotros tenemos 1.000 € por cabeza, en Orense ciudad, y en Oporto tienen 800 € y en Nueva York, 900. O sea, realmente somos uno de los Ayuntamientos que más presupuesto tenemos por cabeza; ahora, gracias a Democracia Orensana, que se ha bajado el IBI lo estamos un poco racionalizando, en comparación con los demás. Entonces, Chaves claro que tiene más población, pero ¿las demás zonas que te di? Te dije todos los ejemplos de las grandes diferencias que habría entre Portugal y España; nos están dando un baño en cada zona de la Raya. El programa vuestro claro que es claro, es seguir gastando dinero público; pero las cifras no dicen eso. Entonces, demagogia ninguna, somos los últimos en turismo y el repunte que este señor ha hecho desde que está es, prácticamente, cero y los últimos de España. Y me dice que el demagogo soy yo, demagogos serán los del el Instituto Nacional de Estadística. Volvemos a pedir esto, el termalismo es *bluff*, es una joya para los que estamos aquí, pero hay que dimensionarlo. No podemos gastar en publicidad, cuando no hay retorno; gastémoslos en infraestructuras para, por lo menos, disfrutarlo los que estamos aquí.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 15º.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (7).

**16º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O CICLO DA AUGA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**: bos días a todos. Esta moción é moi parecida á presentada no mes de xaneiro de 2017 na que se alertaba da situación do baleirado e xestión dos lodos das fosas sépticas dos concellos da provincia, así como da necesidade de reformular tanto ese convenio como o de asistencia técnica para o control e mantemento das depuradoras compactas. Naquela ocasión xa se demostrou que os convenios existentes resultaban pouco atractivos, por excesivamente custosos, para que os concellos se adherisen e, co tempo, vemos como esta situación foi a máis. Basta dicir que na actualidade ao convenio de

limpeza de foxas están adheridos, polo que se ve, seis concellos. No tocante ao convenio de asistencia para o control de depuradoras compactas, atopámonos con 21 concellos adheridos, máis o Consorcio Local dos Peares. En xeral, o tempo vén a confirmar os argumentos esgrimidos vai máis dun ano. As depuradoras compactas que se instalaron nalgúns núcleos de poboación resultan demasiado gravosas para as arcas municipais polo gasto que supoñen en limpeza e electricidade. Cando foron instaladas mediante o Plan Daredo dicíase que ían ser moi económicas; sen embargo a realidade contradí esas afirmacións. Igual que no que se refire ao baleirado e xestión dos lodos. Como a moción téñena todos, non é necesario tampouco lela toda. O problema a maiores é o grave impacto medioambiental e unha diagnose incorrecta da situación. De pouco vale que se chegue a acordos, como en novembro do ano pasado no que se prometeu analizar o ciclo da auga nos concellos, desde o abastecemento ata a depuración, se despois non se cumpre ou non se vixía o cumprimento dos convenios. Houbo unanimidade á hora de aprobar a nosa proposta para mellorar os actuais sistemas e que se evitasen fugas na rede de abastecemento e tamén para que se derivaran solucións técnicas, económicas e xurídicas; sen embargo, un ano despois, non vemos avances nin cremos que se abra un futuro prometedor para os concellos. Tampouco hai unha previsión real para asegurar os abastecementos nunha das provincias que máis vai a sufrir os períodos de seca derivados do cambio climático. En resumo, non se puxeron en marcha medidas reais que avalíen todo o ciclo da auga nas entidades da provincia, nin solucións prácticas que minimicen o impacto medioambiental ao tempo que se asiste deficientemente a uns concellos afogados polos gastos que teñen que asumir.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes propostas:

1.- Que se elabore un estudo que analice o ciclo da auga nos termos en que foi aprobado do debate do Estado da Provincia, de novembro de 2017, e se dea cumprimento a todos os contidos desa proposta.

2.- Que se rebaixen as achegas que realizan os concellos tanto no relativo ao control e mantemento das depuradoras, como no baleirado e xestión de lodos das fosa sépticas; así como na xestión de instalacións de produción da auga de consumo humano.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Nós estamos de acordo con esta proposta do Partido Socialista. En todo caso, facer algunha precisión ou facer tamén algo de memoria. Sempre que falamos da xestión da auga aproveitamos un pouco para lembrar como se desenvolveron as actuacións nesta cuestión nos últimos anos cando se instalaron as depuradoras compactas xa todos coñecemos de que xeito e de que forma foron adxudicadas e a polémica que isto levantou poñendo á Deputación no centro do debate. Non é que se dixera que consumían pouco, é que ocultou este dato. E claro, daqueles barros estes lodos e nunca mellor dito. Nós pensamos que é o momento de introducir no debate algunha variable distinta. Nós pensamos que deberiamos empezar a *plantearnos* se é o modelo exposto pola Deputación é o mellor posible; se non habería outros modelos alternativos máis sostibles económica e medioambientalmente. ¿A Xunta de Galicia non pinta nada nesta historia? Nós entendemos que si. O primeiro que nos cuestionamos, e xa o fixemos noutras ocasións, é que a sociedade mixta AquaOurense (o actor privado ten a maioría) sexa a mellor das solucións en canto a modelo de xestión. Se é rendible para sacar beneficios unha empresa privada, ¿non sería máis beneficioso para a cidadanía que eses servizos quedaran para os concellos da provincia, para investimentos, incluso rebaixar o custo do recibo da auga para os veciños e veciñas? Para nós, para o BNG, a auga non pode ser un negocio. A Administración debe velar polos intereses dos cidadáns e non só cunha boa xestión, senón tamén con melloras e investimentos para o conxunto da cidadanía. Outra cuestión, a segunda, máis importante se cabe, é se o modelo de depuración está a dar resultados satisfactorios ou non. Son dous obxectos principais os que utilizan os concellos para depurar; o primeiro, a través de decantadores dixestores, que son os que entendemos todos como fosas sépticas, e a segunda é a través de depuradoras compactas do Plan Daredo. A primeira das solucións que é máis común, precisa dunha limpeza e baleirado periódico e da conseguinte reposición da grava macadam, é o único xeito de que a depuración sexa realmente eficaz. A segunda funciona ben se están *encendidas* durante as 24 horas do día, pero ten o inconveniente de que o consumo enerxético e tan grande que resulta inasumible para moitos concellos e, ao final, o que deciden e mantelas apagadas. Por iso pensamos, e así o defendemos noutras ocasións, que hai que ir a un modelo distinto e apostar por alternativas. A terceira é a respecto do canon da auga que a Xunta implantou no ano 2012. ¿Non sería o máis normal que a Xunta, a

través de Augas de Galicia, investira como mínimo o 50 % que recada nos concellos en mellorar as infraestruturas, en mellorar as redes de abastecemento e saneamento; así como incrementar as captacións propias da auga? Xa se apunta na moción, estamos nunha crise absoluta en materia de recursos hídricos; polo que mellorar as captacións propias da auga axudaría a paliar este problema a medio prazo. Como dixen, nós estamos de acordo con esta proposta do Partido Socialista e, en consecuencia, vamos a votar a favor. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Grazas presidente. Nós tamén coincidimos, basicamente, co contido da moción que, como tamén xa se dixo, é unha especie de repetición doutra que se aprobou xa fai tempo. Tamén coincidimos co que dixo o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Temos falado con profesionais da depuración da auga e téñennos dito, como seguro a moitísimos de vostedes, que aquelas depuradoras, que naquel momento se puxeron, puideran ser tido moito máis baratas; que había alternativas infinitamente máis baratas e que posiblemente por algún tipo de interese inconfesable, puxéronse as que se puxeron e agora estanse pagando as consecuencias e algúns concellos máis que outros. Falabamos no Pleno, creo que xa foi no último que fixemos, que falabamos do embalse das Conchas e apuntabamos a unha das causas das algas cianóticas pois o feito de que moitas depuradoras simplemente permanecían pechadas ou non permanentemente activadas polo gasto que supuña para as arcas dos respectivos concellos. Tamén coincidimos que posiblemente fará falta algún tipo de solución máis ampla, máis ambiciosa. Din que as guerras do futuro serán pola auga e que o problema da auga vai ser cada vez máis acuciante. Tamén sabemos que esta clase de problemas aquí si é onde se teñen que involucrar as administracións porque aquí si que é onde non ten nada que dicir a iniciativa privada. Entón é onde ten que haber fortes inversións dende o sector público; ao mellor hai que cambiar todo tipo de depuradoras; ao mellor hai que tomar mediadas a un nivel autonómico con fortes orzamentos. Pero agora mesmo, a curto prazo, o que podemos facer é aprobar esta moción concreta que nos presenta o PSOE cos puntos concretos; pero loxicamente, tal e como se apuntou, a solución real vai ter que ser máis ampla, bastante máis ambiciosa. Como o que se nos expón agora mesmo é a votación desta moción, votaremos a favor. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Ben, vese que tanto o señor Fraga Civeira como a señora Lama teñen especial debilidade pola

Deputación, ou polo funcionamento da Deputación de Barcelona e nós, en certa medida tamén; pero voulle dar un dato, simplemente para que quede claro isto, porque parece que falamos de mundos distintos. Mire, nós, o orzamento vixente que ten a Deputación neste momento son 80 millóns de euros para atender a 91, ou 92, concellos e 2.068 núcleos de poboación, digo ben, 2.068 núcleos de poboación que son os que ten esta provincia e son os que me referirei nun rato; sen embargo, a Deputación de Barcelona xestiona un orzamento de 936 millóns de euros, 936. Entón, fagamos as comparacións con quen debemos. Logo, aquí se falou, señor Jácome, das enquisas do señor Tezanos, cociñeiro maior do Reino; pois mire, eu invítoo a que lea opinións de cualificados expertos en enquisas sobre o que está facendo este señor. Pero eu case vou facer unha profecía como fai vostede, a decembro deste ano o PSOE igual ten xa o 99,9% dos apoios electorais do Estado español; tal como vai, imos camiño diso. Dito isto referireime ao punto que nos ocupa. Anúnciolles xa que votaremos en contra, señor Gómez García, e tratarei de explicar brevemente, aínda que me vou deter nalgunhas cousas porque logo lle explicarei cal é a razón. En todo caso, hai que recoñecer que non esperabamos, nin por asomo, que nun Pleno de tanta importancia como o dos orzamentos para o próximo ano, fosen vostedes a presentar, por enésima vez, unha moción sobre o ciclo da auga. Fíxense vostedes, en menos de dous anos, esta xa é a quinta vez - a quinta vez - que os partidos da oposición traen este asunto ao Pleno. Fixérono no Pleno extraordinario do debate sobre o estado da provincia en novembro de 2016, no Pleno ordinario de xaneiro de 2017, en novembro de 2017, o BNG no pasado mes de abril e agora vostedes, o Grupo Socialista. Cinco veces. E non será por falta de explicacións pola nosa parte; pero como vexo que non o entenden, ou non queren entendelo, e seguen a teimar no asunto, vou tentar de ser o máis didáctico posible e a ver se queda claro dunha vez por todas. O mellor xeito posible de explicalo é coller punto por punto a súa moción e responder non en clave política, para nada, senón cos datos que achegan os servizos técnicos desta casa. Primeiro, din vostedes que os convenios para a limpeza de fosas sépticas e mantemento das depuradoras compactas non son atractivos para os concellos e que para a limpeza das fosas só hai adheridos seis concellos. Con todos os respectos, falso. O convenio para a limpeza de fosas ten adheridos 47 concellos, dos que 28 solicitaron no primeiro semestre deste ano a intervención da Deputación. Citan vostedes o caso do Irixo e, certamente, a situación dese concello dependerá, coma todos, do uso que o Concello queira

facer das ferramentas que a Deputación pon a súa disposición. Nós intervimos –e digo a Deputación– a instancias municipais, non de oficio, en ningún caso, quede claro. Segundo, a asistencia técnica para o control e mantemento das depuradoras compactas. Din que hai 21 concellos adheridos máis o Consorcio dos Peares. Falso, novamente. No caso das depuradoras compactas hai dous tipos de convenios, non o esquezan: asistencia básica, con 31 concellos adheridos máis o Consorcio dos Peares e outro convenio que inclúe obras de eficiencia enerxética con 13 adhesións. E o señor Gómez García debería ter coñecemento do que lle falo. En total, 47 concellos nos convenios referidos ás depuradoras compactas. Que son as máis gravosas, din vostedes? Pois falso, e nós témolo claro, tamén no cómputo global; posto que as depuradoras compactas caracterízanse por non precisar a limpeza de lodos, o que xa supón un aforro importante. Pero xa digo, non sei se por ignorancia por descoñecemento ou por que din vostedes estas cousas. Entendo que só falan do custo en electricidade, só falan do custo en electricidade; pois tamén están errados, se é que é un erro, porque eu xa o poño en dúbida. Citan outra vez máis, e a saber cantas van, o Plan Daredo cun custo de 15.000 € / ano para un núcleo de 500 habitantes. Dito así, dito así, tamén é falso. Fagamos memoria, o 31 de maio de 2002 aprobouse o Plan Daredo; o 5 de agosto de 2003 remitíronse cartas a todos os concellos, a todos os concellos, solicitando información sobre as súas necesidades en materia de depuración de augas. O 7 de novembro de 2003, adquiriuse a primeira remesa de depuradoras e o 25 de novembro de 2003 explícase que as instalacións adquiridas terían un consumo de 12,5kw cun custo anual estimado de 4.200 €. Repito, 12,5 / 4.200 €. Non sei quen lle deu a vostede ese dato de ocultalo e máis, señor Rodríguez Suárez, vostedes sempre están enrevesando case todo; infórmense ben e, polo menos, non manipulen a información. Critíquena, pero non a manipulen. Pasaron 15 anos, si, 15 anos daquela. En lóxica consonancia coa suba da enerxía que todos padecemos, creo que todos estamos de acordo, hoxe estamos entre os 8 e os 9.000 € anuais; mesmo hai pobos que tamén con 500 habitantes pagan en torno aos 6.000€ / ano. Todo depende da poboación e uso que se lles da e aí non vou matizar que todos sabemos o que pasa. Hai quen non gasta nada porque a ten apagada todo o ano, pero bueno, *responsabilidade* deles. 8.000 ou 9.000 € anuais, non 15.000; tamén é falso. Supoño que no texto da moción se referirían, señor Gómez García, a unha depuradora no concello de Castrelo de Val; ben, se non é así, pídolle desculpas, pero vou falar dese exemplo onde

si pagan -e iso saberao vostede mellor ca min- 15.000 € polo convenio. Xa me corrixirá se iso non é así. Pero tamén hai que explicar que deses 15.000 € algo máis de 4.000 corresponden ao mantemento electromecanico das instalacións e o resto corresponde á amortización do investimento que, por certo, remata o próximo ano. Non *olvidemos* este dato e non confundamos aos nosos veciños malintencionadamente. Ese convenio é así e digámolo claro. Falan tamén dunha rebaixa do 20% na achega dos Concellos cando xa teñen unha bonificación do 25% para todos aqueles, todos aqueles, que demostren que teñen unha taxa de depuración que cumpra coa directiva Marco da auga. O que contamina paga; é dicir, que o custe dos servizos relacionados co ciclo da auga repercute en quen os usa. Respecto ao baleirado das fosas sépticas, xa hai bonificacións de ata o 10% tomando como referencia un prezo do servizo máis baixo que o do mercado, e digo: un prezo do servizo máis baixo que o do mercado. Seguimos, pero, ¿quen dixo que o 60% que paga o consumidor polo ciclo da auga...? A ver se me escoita o señor Gómez García, porque como creo que cre que isto díxeno eu, volvo a repetilo outra vez. ¿Quen dixo que o 60% que paga o consumidor polo ciclo da auga vai para o servizo de depuración? Pois como digo, parece ser que fun eu. Pois falso outra vez. O que se dixo é que o 60% do custo do ciclo da auga corresponde á depuración, non que esa porcentaxe do que se cobra vaia a este servizo. Repito, o 60 % do custo do ciclo da auga corresponde á depuración, o 30 % ao abastecemento e o 10% restante ao *alcantarillado*. A ver se hoxe queda claro. En consecuencia vostedes conclúen que hai unha diagnose incorrecta da situación; pois teñen razón, a súa diagnose é precisamente a incorrecta. Moitas grazas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**: *bueno*, nalgunhas cousas voulle dar a razón; nalgunhas, así a medias. Voulle dar a razón, porque o sei, que non son 6 e 21 concellos; pero para iso deben vostedes actualizar a páxina web que é de onde tomaron estes datos. Eu sei que non é verdade, pero sei que na páxina web si que teñen vostedes 6 concellos e 21. Entón, miren vostedes o caso que lle fan ao medio ambiente para ter isto así. Mire, está todo moi ben, todo está moi ben segundo iso. Seguramente ten toda a razón, non son os 15.000, que conste que a moción non é que a redactara eu toda porque senón sei que en Castrelo serían 13.600 € anuais que é ao que equivale o convenio coa Deputación. Pero, se todo está tan ben, está todo moi ben, pero en todos os sitios o *desagüe* a maioría das veces vai

para o río directamente. Miren, chega simplemente con ver un artigo, aquí, da *Voz de Galicia* que pon:

*¿Qué ocurre con las aguas residuales cuando tiramos de la cadena? La respuesta no es fácil. Depende de dónde vivamos. Esa es la respuesta que se puede extraer del análisis de los resultados de la Encuesta sobre Infraestructuras y Equipamientos Locales. Ese estudio es una de las competencias específicas que tienen las diputaciones y la institución provincial ourensana acaba de hacer públicos los resultados del año 2017. La entidad analiza, entre otras cosas, el porcentaje de población cuya red de saneamiento no está conectada a la Estación Depuradora de Aguas Residuales. Excluyendo a la capital ourensana, que no entra en este estudio, el 58,7 % de los vecinos de los 91 municipios restantes no tiene ese servicio.*

*Según los datos recopilados por la Diputación, las aguas residuales que producen 101.982 orensanos carecen del tratamiento de depuración de una EDAR. Los núcleos de población a los que pertenecen esas personas funcionan con otros sistemas, como fosas sépticas, o directamente vierten esos residuos de forma incontrolada. Se trata de un problema que afecta a la práctica totalidad del territorio provincial, aunque con más intensidad en las zonas rurales que en los municipios más poblados. Según el estudio de la institución provincial, en Ourense existen 1.678 núcleos de población de carecen de estación depuradora. Cabe destacar, por otra parte, que en la provincia hay 2.079 puntos de vertido.*

Se queren tamén está o estudo de relación, cales son os que mellor depuran e os que non. Os que teñen estación depuradora como poden ser os caso da Rúa, só 25 veciños carecen do servizo, Barbadás e Arnoia 1,6. Pero despois encontrámonos no outro extremo onde os veciños de Bande, o 97,4%, non teñen o servizo de estación depuradora. O Bolo, 95%, Lobeira o 98%, Muíños o 95%, Riós o 92%, Rubiá o 99%, Toén o 98%. Estes son datos da Deputación e pódeme dicir que son competencias dos concellos, de acordo, acéptollo porque sei que son competencias concellos; pero supoño que a Deputación estará para algo cando os concellos non somos capaces, porque levamos moitos anos con isto e os vertidos están aí, non nos podemos enganar. Algunha solución haberá que buscar e se a Deputación ten unhas competencias, pois pode asumir esas que teñen os concellos e non son capaces de levar a diante. De todas formas, hai máis manifestacións deste grupo de goberno da Deputación provincial onde se compromete e defende o medio ambiente, pero sen embargo eu creo que elaborar un plan, mire, con eses 3 millóns catrocentos mil euros que se dan a uns concellos que

seguramente son necesarios ao igual que se llos deran ao meu concello tamén estaría encantado que lle deran unha subvención como a de Muíños, pero con iso si se podería empezar, o mellor, a facer algún plan diso. Porque antes vostede nunha intervención dicía que a Deputación non é unha repartidora de diñeiro, senón que ten que ter unha visión global de provincia. *Bueno*, pois esa é unha visión global, cerren os ollos non miren onde goberna cada cal e miren que o río e de todos. Ao final, de pouco vale que ao concello de máis abaixo ou de máis arriba lle dean, se os outros non depuran. Ao final atopámonos que os vertidos están aí e sen solución porque os concellos non o damos feito. Mire, hai unha experiencia que é o consorcio de Valdeorras. Parece ser que, como non se denunciou nin por parte da Deputación nin por parte dos concellos, debe ser un bo convenio. Fagámolo nas outras comarcas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**: si, grazas señor presidente. Ben, señor Pérez García, á marxe de que entoamos o *mea culpa* e eu síntome corresponsable de que a páxina web non está actualizada, pois non está ben; pero nestes casos débese buscar a información correcta, precisa e actual nos servizos correspondentes e vostedes fan iso noutras ocasións. Se esta vez non o fixeron, non nos boten a culpa a nós. En relación con opcións máis baratas, das que fala o señor Ojea; pois, home, non sei se se refire vostede ás macrófitas, non sei, vostede disto sabe máis ca min. Pero *bueno*, por porlle un exemplo, se neste modelo precisamos 80 $m^2$, no outro necesitariamos 2.500 e habería que renovalas, a parte do mantemento, cada 12-15 anos. Entón fagamos o estudo de custos en conxunto, no só do que nos interesa; porque esas contas son as da leiteira, din así no meu pobo. Con respecto aos beneficios de AquaOurense, home, deberían saber tamén que se os beneficios de AquaOurense os hai, revisten no socio que é a Deputación. Tamén o deberían saber, non fagan demagoxia, home, infórmense mellor. Logo, señor Gómez García, home, evidentemente nós temos plan de provincia o que non podemos chegar é a todo e non se *olvide* vostede que dentro do que é o Plan de Cooperación ás obras e servizos e incluso con subvencións específicas e tenas habido, incluso ao 100%, ou cofinanciando investimentos conxuntamente coa Confederación Hidrográfica, incluso con Augas de Galicia, se teñen feito obras en concellos incluso gobernados polo Partido Socialista. Entón, fagamos plan na Deputación, pero fagámolo tamén nos concellos es sentemos prioridades, non é só botarlle á culpa ao veciño e que veña o papá Deputación a *arreglarnos* todo. Algo de esforzo teremos que pór nós e fixar prioridades, porque como di un colega meu, que non lle vou pór o nome, di que é o diñeiro

máis tonto de cara á un político é o do saneamento porque non se ve. *Bueno*, vénse logo outras consecuencias, pero á hora de presumir -como di el- non se ve. Pois nada, non lle fagamos caso a iso. Dito isto, vou a rematar dicindo o seguinte, non podemos *olvidar* que o problema da depuración é que se trata dun servizo caro. Hai que partir de aí, deixémonos de dar voltas. Xa o expliquei en abril, se existen moitas alternativas e tecnoloxías no proceso de depuración, señor Ojea, é unha proba clara de que ningún é máis económico ca outro;pois, uns consumen moita enerxía, outros moitos lodos, outros ambas as dúas cousas, outros consumen produtos moi específicos, outros necesitan persoal moi especializado ou grandes investimentos de implantación e reposición, como acabo de poñer un *ejemplo*. ¿Onde está o problema entón? Pois en que moitos concellos prestan estes servizos gratuitamente, e témolo que dicir alto e claro, e as contas non dan, señor Gómez García, non dan e vostede que é veterano de guerra n alcaldía saberao coma min. Dito isto, espero que esta vez quede claro este asunto. Con respecto á súa petición de estudo, a verdade é que é máis do mesmo. É certo, este goberno asumiu o compromiso, e non nos esquezamos disto, de realizar un estudo do ciclo da auga e niso están os servizos técnicos desta casa, niso están. Pero hai que recoñecer algo pola nosa parte, é que quizais fomos demasiado optimistas cos tempos. Só a compilación, fíxense nestes datos, só a compilación de información para facer unha foto da realidade da provincia está a resultar un inxente traballo que, de media, pode ocupar unha semana por municipio; multipliquen vostedes. Non sei que me está dicindo a señora Gil, pero algo me está dicindo, dirá que me apure. Logo temos que analizar esa foto, estudar posibles accións e decidir que se vai facer. Parece o lóxico cando se fai un estudo. Con todo, miren que datos máis significativos. Tomando como base os datos que xa temos (finais do ano 2016), sabemos que dos 2.068 núcleos de poboación aos que me referín anteriormente, 159 carecen de sistema de depuración; pero apenas supera o 2% da poboación da provincia, case que 4.400 habitantes. Que só 100 dos 3.635km de rede de saneamento están en mal estado. Que só 104 pobos carecen de saneamento, non confundamos unha cousa coa outra. 15 núcleos non teñen abastecemento e que só 100, dos 5.300 km da rede de abastecemento, non se atopan en condicións. Como poden ver, tampouco é tan desgraciada para a nosa situación. O estado das instalacións referidas ao ciclo da auga parece ser, ao menos en termos globais, bastante aceptable; aínda que mellorable, pois os casos que rexistran deficiencias son poucos en comparación co conxunto. E non mal de moitos, *consuelo* de parvos, pero ao mellor

deberíamos dar unha volta por a costa, por onde son máis ricos ca nós, e ver como está a situación. Polo tanto, polo tanto, señores e señoras deputadas, si, si estamos a traballar e nós, como resulta evidente, estamos interesados tanto como vostedes neste traballo laborioso e importante; e, ademais, en pórlle solucións e aí estamos e estaremos. Pero repito, as necesidades de cada concello -autonomía municipal- débenas fixar as Corporacións deses concellos. Moitas grazas.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**: *bueno*, si, se isto o traemos aquí varias veces é porque o cremos importante, por iso o traemos. Nós consideramos que é unha cousa moi importante; non o saneamento que me fala de saneamento, que efectivamente pode ter toda a razón de que o saneamento está en boas condicións, outra cousa é a depuración e os propios vertidos. Alégrome que anden traballando no ciclo da auga porque xa dende o ano 2013 a Deputación de Ourense ultimaba o plan piloto para xestionarmos os servizos municipais. Dicía o portavoz do Partido Popular: *el presidente de la Diputación es un auténtico defensor de las nuevas tecnologías, ese será unos de los aspectos más innovadores de este proyecto. Prestación de multitud de servicios a ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes, desde recogida de basura, obras en los concellos... todo el ciclo completo del agua*. Xa veñen dende o 2013 as declaracións estas; polo tanto a ver se lle poden dar un pouquiño máis de présa e non chegamos ao 20 aínda co estudo.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 16º.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (13).

**17º.- MOCIÓN DO BNG A FAVOR DA TERCEIRA AULA PARA 4º CURSO DE INFANTIL NO CEIP PADRE FEIXOO DE ALLARIZ A PETICIÓN DO COLECTIVO PRO TERCEIRA AULA DE ALLARIZ.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao voceiro do BNG que solicita que se retire esta moción da orde do día.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**: grazas señor presidente. Solicitamos que se retire esta moción da orde do día porque, dende que se presentou e se ditaminou na comisión, cambiaron as circunstancias co cal perdeu actualidade. Agora mesmo hai catro alumnos menos, co cal está por debaixo do *ratio* que se solicitaba e estaría dentro dos *ratios* que agora mesmo están en vigor para ter dúas aulas, co cal a terceira aula que se solicitaba e se pedía nesta moción a iniciativa deste colectivo de Allariz pois non estaría xustificada en base á lexislación actual; co cal a moción perde sentido e por iso solicitamos que se retire

**18º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presenta ningunha.

**19º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTES RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: meses de xullo e agosto de 2018 e 1º adicional de xuño de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: meses de xullo e agosto de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de maio e 1º de xuño de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: meses de xullo e agosto de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: meses de xullo e agosto de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

**20º.- ROGOS E PREGUNTAS**.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Sr. presidente**: segundo dispón o regulamento, trataranse en primeiro lugar unha serie de preguntas do Grupo Socialista para ser formuladas e respondidas oralmente neste pleno ordinario. Ten a palabra en primeiro lugar o voceiro do Grupo Socialista don Francisco José Fraga Civeira.

**D. Francisco José Fraga Civeira, do Grupo Socialista**: moitas grazas presidente. A primeira pregunta é: segundo información recabada en varios concellos que teñen delegada a recollida do lixo nesta Deputación, vénse contedores amarelos (recollida de envases lixeiros) que foron pintados de cor verde e están sendo destinados á recollida da

fracción resto. A propia Deputación é responsable dos contedores. A pregunta é: quen deu a orde ou se fixo responsable desta “transformación” no uso dos contedores?

**Sr. presidente:** moitas grazas. Vou dar lectura a un informe do director da Área de Medio Ambiente, don Javier Bobe Vázquez, en relación con este tema. Informa que os contedores en cuestión foron instalados no ano 2007, polo que a pregunta refírese a unha decisión tomada ha 11 anos, sen que ata a data teña representado problema algún. Nesa data, trala incorporación en bloque dos sete (7) concellos da mancomunidade de municipios do Carballiño ao convenio que xa se mantiña con oito (8) concellos da Limia, detéctase unha importante necesidade de contedores na fracción resto, moi superior á prevista na compra realizada pola Deputación.Pola contra, da adquisición de contedores para a fracción de envases lixeiros resultou un pequeno excedente (para a implantación naquel momento). Por outra banda, o destino dun contedor a unha determinada función está exclusivamente asociado a súa cor (máis concretamente á cor da súa tapa) e nada impide pintar e rotular un contedor. De feito é unha práctica común na optimización de recursos cando estes son escasos. Por conseguinte, non se trata de contedores de envases lixeiros destinados inadecuadamente á fracción resto, senón de contedores fabricados en cor amarelo adaptado á función para a que se considerou necesario destinalos. O que traslada aos efectos oportunos e que eu lle trasladei tamén oportunamente.

A seguinte pregunta corresponde á deputada socialista dona Elvira Lama Fernández.

**D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**: grazas presidente. No ano 2016 presentouse unha moción que foi aprobada para que, na pista de concentración parcelaria que une os concellos de Xinzo e Vilar de Barrio, se efectuasen as xestións oportunas que reducisen a alta sinistralidade que reflectían os informes e recomendacións tanto da Xefatura Provincial de Tráfico coma da Xefatura de Destacamento da Garda Civil de Verín. Despois dos trámites oportunos, esta estrada xa é de titularidade e competencia provincial. Nos orzamentos desta Deputación estaba consignada unha partida de 200.000 euros para a construción dunha rotonda no entronque desta estrada coa OU-1102. Cando teñen prevista a construción desta rotonda? Cal foi o motivo do atraso na execución desta obra?

**Sr. presidente:** moitas grazas. Vou dar lectura ao informe-resposta da directora da Área de Infraestruturas desta Deputación, dona Marta Docampo González, que informa o seguinte:

Con data 27 de xullo de 2017 o xefe do Servizo de Vías e Obras propuxo a contratación da redacción dun proxecto para a mellora da seguridade viaria na OU-1012. O obxecto deste proxecto era definir as obras necesarias para a execución dos camiños de servizo adxacentes á estrada Pista de Morgade, entre os pp.qq. 5+400 e 12+000, no Concello de Xinzo, coa finalidade de dar acceso aos predios colindantes e reducir o número de interseccións co vial principal perseguindo co iso a mellora da seguridade viaria nun tramo da estrada caracterizado por unha forte intensidade de tráfico. A proposta de gastos para a redacción do proxecto foi autorizada polo deputado delegado de Cooperación o 27 de xullo de 2018, e o 9 de agosto de 2017 a intervención realizou a fiscalización previa do mesmo. Con data 22 de agosto de 2017 a Presidencia desta Deputación resolveu contratar a asistencia técnica para a redacción do proxecto da estrada Xinzo a Vilar de Barrio por un importe máximo de 17.950 € (IVE e demais impostos non incluídos) e encomendar a realización da dita prestación a Ingeniería del Noroeste, SL. O proxecto que está a redactar Ingeniería del Noroeste, SL, recolle, entre outras, a conexión á que se refire a portavoz do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense na súa pregunta. A elaboración do proxecto construtivo é o paso previo necesario para a licitación da obra. Coa información que obra no Servizo de Vías e Obras, a definición das prescricións técnicas a cumprir na reposición dos servizos afectados polo antedito proxecto por parte das empresas ou organismos propietarios dilatou o prazo de redacción do proxecto, en concreto no caso das afeccións das liñas de media e alta tensión que cruzan a estrada. Estímase un prazo dun mes dende a definición destas afeccións para rematar o proxecto. Tras a entrega do proxecto, a tramitación administrativa previa á execución da obra pasa por supervisar o proxecto, e, co informe favorable da supervisión, aprobar o mesmo. A continuación deberá iniciarse o procedemento para obter os terreos e as autorizacións sectoriais necesarias para a execución da obra. Unha vez obtidos ambos procede o replanteo previo do proxecto. O seguinte paso é incoar o expediente de contratación da obra para a súa adxudicación. Finalmente tras a adxudicación da obra e a formalización do contrato, as obras poderían iniciarse coa firma da acta de comprobación do replanteo no prazo máximo dun mes dende a formalización do contrato. Non obstante ao anterior cabe dicir que dende o 2017 as brigadas da Deputación Provincial veñen realizando actuacións de conservación na OU-1102 co fin de mellorar a seguridade viaria no tramo.

É o que ten a ben de informar e lle pasarei copia deste informe.

A terceira pregunta corresponde ao deputado socialista don Miguel Bautista Carballo.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**: bo día. A pregunta é: cales foron as xestións efectuadas con Endesa, titular da estrada de San Agustín (Viana do Bolo), en relación coas peticións realizadas para o seu arranxo por parte dunha comisión municipal do concello Vianés? En que estado se atopa a tramitación?

**Sr. presidente:** moitas grazas. Dou lectura tamén á resposta-informe da directora da Área de Infraestruturas desta Deputación, dona Marta Docampo González, que informa o seguinte:

Con data 21 de maio de 2018 o director xeral territorial da zona noroeste de Endesa, SA, solicita á Presidencia deste organismo apoio para consensuar o traspaso do camiño, titularidade de Endesa, SA, en Viana do Bolo ao encoro de Pías ata a súa conexión coa ZA-102. Nun informe emitido pola Dirección da Área de Infraestruturas de data 20 de xuño de 2018 informa que o camiño que pretende transferir Endesa á Deputación non reúne os requisitos mínimos necesarios para que se inclúa nunha estrada de clase provincial que poida garantir o servizo público viario o que deriva na imposibilidade de que a Deputación de Ourense asuma a titularidade da estrada. No mesmo senso existen informes anteriores no Servizo de Vías e Obras sobre a titularidade das estradas e as obras a executar para a súa posta a punto de datas 07/01/14, 09/01/14, 27/02/14, 23/03/16, 22/08/16 e 25/01/17.

O 6 de agosto de 2018, o presidente da Deputación de Ourense e o deputado provincial de Cooperación reuníronse no Pazo Provincial coa comisión pola estrada de San Agustín para avaliar posibles liñas de actuación co fin de arranxar as estradas Viana-San Agustín e Sever-Encoro de Pías e, tras explicar o contido dos informes técnicos anteriores, acordaron que a Deputación de Ourense colaboraría coa comisión nas negociacións coa empresa eléctrica Endesa –titular da estrada- para resolver a problemática e que o Concello de Viana do Bolo asumiría a titularidade desta estrada e realizaría unha achega económica á que tamén se sumaría o Goberno Provincial xunto coa achega que se lle esixiría á empresa.

Con data 11 de setembro de 2018, na sala de xuntas da Deputación de Ourense, o deputado de Cooperación reuniuse co director xeral territorial da zona noroeste e con Hydro Production Unit Noroeste da empresa Endesa. Asistiu tamén á reunión a directora da Área

de Infraestruturas. O obxecto da reunión era trasladarlle á empresa os acordos adoptados na xuntanza de data 6 de agosto de 2018 e fixar unha liña de actuación para definir a achega económica por parte da empresa e o contido do Convenio a subscribir polas tres partes (Endesa, Concello de Viana do Bolo e Deputación de Ourense).

Na actualidade na Área de Infraestruturas estase a traballar na revisión da valoración inicialmente feita de acondicionamento da estrada para a súa cesión ao Concello de Viana. Unha vez se remate esta valoración, procederá acordar as achegas económicas por cada unha das partes e redactar e firmar o convenio que recolla todos os compromisos adquiridos tanto pola empresa, polo Concello e pola Deputación de Ourense.

Darlle traslado e copia deste informe.

O **presidente** pregunta se hai máis rogos e preguntas.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**, di que ten dúas preguntas. Unha en relación ao tema anterior porque somos varios concellos os que sufrimos ese problema, na Veiga tamén teñen ese problema coas estradas de titularidade das hidroeléctricas que no seu tempo fixeron e hoxe é verdade que os veciños as utilizan pero tamén é verdade que nunha conversa que eu tivera fai anos con xente de Iberdrola, o empeño destas hidroeléctricas é pasarllas aos concellos, daquela eu como alcalde lle dixen que si, pero tamén coa central, porque claro si só collo a estrada, o negocio é completo, por iso digo que pediría á Deputación se houbera a posibilidade de facer un inventario de todo ese tipo de estradas e non sei se nun paquete completo obrigalos, non estou falando que a Deputación poña cartos, non, eles teñen un negocio que lle andamos limpando ríos, andámoslles limpando os embalses, que é negocio deles, pois que deixen un pouquiño de cartos nesas estradas que tamén utilizan eles ou utilizáronas para levar a maquinaria para montar o negocio que montaron.

O segundo rogo é en relación ás subvencións aos clubs deportivos. O outro día houbo certo malestar na miña comarca, pois neste caso era o Barco, independentemente do Barco, a Rúa pásalle o mesmo, en Valdeorras facer deporte, sobre todo os equipos base, é cada día máis difícil. Vostede sabe que todos os equipos da Rúa ou do Barco teñen un desprazamento mínimo de 100 quilómetros e teñen uns arbitraxes mínimos doutros 100 quilómetros, ese é o maior custo que teñen os equipos, sobre todo os equipos base, aparte

dos uniformes dos xogadores pois desprazalos, xa non digo pagarlles a comida que é un bocadillo, terse que desprazar desde Valdeorras a Ourense, dezaoito ou dezanove desprazamentos máis os arbitraxes. Por iso rogaríalle que nas próximas subvencións se teña máis en conta ese tipo de subvencións sobre todo para os equipos base. Grazas.

O Sr. presidente toma nota deses rogos. Algunha cuestión máis? Pois se non hai levántase a sesión.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 20º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 20º.

E, ás 14.30 horas do día 28 de setembro de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**